

Actas das II Xornadas sobre o **ENTROIDO** de **GALIZA**




Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA)



Sociedade Antropolóxica Galega



Actas das II Xornadas Sobre o Entroido de Galiza



Este libro non poderá ser reproducido,
nin total nin parcialmente,
calquera que sexa o medio empregado,
sen o permiso previo do editor.
Reservados tódolos dereitos.

©Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA)

©Dos respectivos autores

Coordinación:

Rafael Quintía e Miguel Losada

Fotografías:

©Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA)

©Dos respectivos autores

Portada: João Bieites

Fotografía de portada:

Entroido de Viana do Bolo, Ourense

Autor: Pedro G. Losada

Deseño e maquetación: João Bieites

Gravación e edición do DVD:

João Bieites

Edita: Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA)

www.antropoloxiagalega.org

<http://sociedadeantropoloxicagalega.wordpress.com>



Contacto: infosaga@antropoloxiagalega.org

Imprime: Sacauntos Cooperativa Gráfica

www.sacauntos.com

Depósito legal: OU 219-2013

ISSN: 2341-0019

Febreiro 2015

Pontevedra, Galicia

Vem aí o Carnaval. Há uma porção de anos que o Carnaval tem sido uma coisa inestética, sem-saborona, despida totalmente de graça.

Não porque escrevamos isto com o proposito de acusarmos a nossa época de falhada e decadente.

Realmente os velhos têm razão quando, ao vêr passar o cortejo de el-rei Entrudo, deixam cair sobre ele pétalas de sorrisos piedosos –de uma piedade que é ironia, de uma piedade que nos fére.

Têm razão os velhos.

O Carnaval está a pedir Voronoff¹.

O Carnaval está a pedir alegria. Está a pedir mocidade.

Ora quando o Carnaval está a pedir alegria e mocidade –esta frase é das que custam a escrever, porque nos condenam –vejam que miséria de humorismo!...

(Gazeta de Coimbra, 12-I-1929)

¹ Serge Abrahamovitch Voronoff (1866-1951), cirurxián francés de orixe rusa. Adquiriu fama pola súa técnica de transplante de tecido testicular de macaco nos homes, coa que pretendía combater a senilidade e acadar o rexuvenecemento.



Índice

-Programas -----	9
-A Danza dos Labregos. Estudo do Entroido de Marcón (Ponte Vedra) Xosé Anxo Rosales ----	11
-Os Xenerais do Ulla no Concello da Estrada Olimpio Arca -----	41
-O son do Antroido tradicional galego Pablo Carpintero -----	65
-D. Francisco Añel, o Xastre de Castro de Laza. In memoriam Miguel Losada -----	75
-Pequena Lembranza de Paco O Xastre Félix Castro -----	79
-O Entroido Enmascarado: A Vida Vence á Morte Antonio Reigosa -----	89
-O Antroido da Mariña dos Condes José R. Núñez-Varela -----	127
-Entroidos Singulares da Provincia de Lugo Carme Pernas -----	141
-Colección de Pezas da Exposición “O Entroido Galego” -----	171
-Dossier de Prensa -----	181
-Resumo Fotográfico das Xornadas -----	191
-As Madamas e o Sacrificio do Galo. Addenda Xosé A. Rosales -----	195
-Os Buches. Addenda Rafael Quintía -----	205
-Curriculums Participantes -----	213



**II Xornadas sobre
o ENTROIDO de GALIZA**

20 e 21 de febreiro de 2014
Casa das Campas

**Relatorios
de 18:00 a 21:30 horas**

**Exposición
"O Entroido en Galiza"
de 17:00 a 21:30 horas**

Colabora:


CONCELLO DE
PONTEVEDRA


festas
PONTEVEDRA

Organiza:
Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA)
<http://antropoloxiagalega.org/>


SAGA

Deposito Legal: OU 15-2014



Programas

Relatorios:

Xoves 20 ás 18.00 horas:

Xosé Anxo Rosales e Rafael Quintía:

"Proxecto de recuperación do Entroido tradicional de Marcón"

Olimpio Arca: "Os Xenerais do Ulla"

Pablo Carpintero: "O son no Antroido tradicional galego"

Félix Castro e Miguel Losada:

"Semblanza de Francisco Añel. In memoriam"

Presentación das *Actas das I Xornadas sobre o Entroido de Galiza*

Venres 21 ás 18.00 horas:

Antonio Reigosa: "O Entroido enmascarado: A vida vence á morte"

José R. Núñez-Varela: "O Antroido das Mariñas dos Condes"

Carme Pernas: "Entroidos singulares da provincia de Lugo"

Exposición:

"O Entroido en Galiza"

Do 20 ó 21 de febreiro de 17.00 a 21.00 horas

Programa
II Xornadas sobre o ENTROIDO de GALIZA
20 e 21 de febreiro de 2014
Casa das Campás

Organiza:
Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA)
<http://antropologia.galego.org/>
<http://societadedeantropologia.galego.wordpress.com/>

Colabora:

RELATORIOS:

Xoves 20

- 18:00h. Apertura das xornadas
- 18:15h. Xosé Anxo Rosales e Rafael Quintía: "Proxecto de recuperación do Entroido tradicional de Marcón"
- 19:00h. Olimpio Arca: "Os Xenerais do Ulla"
- 19:30h. Pablo Carpintero: "O son no Antroido tradicional galego"
- 20:15h. Félix Castro e Miguel Losada: "Semblanza de Francisco Añel. In memoriam"
- 20:45h. Presentación das Actas das I Xornadas sobre o Entroido de Galiza
- 21:00h. Mesa redonda e coloquio

Venres 21

- 18:00h. Presentación dos poñentes
- 18:15h. Antonio Reigosa: "O Entroido enmascarado: A vida vence á morte"
- 19:00h. José R. Núñez-Varela: "O Antroido das Mariñas dos Condes"
- 19:45h. Carme Pernas: "Entroidos singulares da provincia de Lugo"
- 20:30h. Mesa redonda e coloquio final

EXPOSICIÓN:

"O Entroido en Galiza"

Do 20 ó 21 de febreiro de 17:00 a 21:30 horas

A Danza dos *Labregos*

Estudo do Entroido de Marcón (Ponte Vedra)

Xosé Anxo Rosales González

A danza
(debuxo de Francisco
Sutil Barbosa)



1. Contexto

Queremos rescatar do esquecemento un dos Entroidos máis insólitos, de grande espectacularidade visual e sonora, que ademais nos servirá de xusto homenaxe a D. Julio Caro Baroja, aproveitando que se cumpren no 2014 os cen anos dende o seu nacemento e, no 2015, os cincuenta dende a primeira edición de *El carnaval (Análisis histórico-cultural)*.

Cincuenta anos de distancia temporal e as palabras deste indiscutible mestre seguen vixentes cando fala de “*la situación, verdaderamente mísera, de las investigaciones etnográficas*” deste país. O diagnóstico: pauperismo cultural crónico. Cuns políticos e cuns *mass media* caracterizados pola puerilidade na linguaxe e nos tratamentos deste fenómeno (que, claro está, se pode extrapolar a calquera outro ámbito do social e do cultural).

A vila de Ponte Vedra tampouco escapa desta situación de abandono, o que se traduce nun descoñecemento completo do seu Entroido tradicional. A



bibliografía é case inexistente, quitando os temas do Urco e do Ravachol. Só escasos artigos de xornais, os poemas de Pintos, as notas sobre o Entroido de Casal y Lois, e os traballos de Bouza Brey sobre Bora e de Fraguas sobre Cotobade. Máis alá disto non hai nada, un frío e deserto páramo.

Non obstante, esta desolación *non* é reflexo dunha pobreza na tradición. Todo o contrario. A nosa investigación en curso fai aflorar na contorna pontevedresa unha riqueza e unha variedade impresionantes dos antigos entroidos rurais, apenas bosquexada con estas breves pinceladas que seguen. Temos así as (*ma*)*damas* e *galáns* da Ría de Vigo¹. Os *carros* enfeitados con reis, raíñas, noivos, noivas e damas en Pazos de Borbén e Souto Maior. As carreiras de cabalos e o baile das *mázcara*s en Campo Lameiro. As *momadas* de Cotobade, cos seus lanceiros, danzantes, maragatos e oficios, dos que volveremos falar, cando fagamos referencia aos bandos de Tenorio, Bora, Xeve e Marcón, que se xuntaban nun dos centros neurálxicos do Entroido rural: As Pontes, de Bora.

De entre a infinidade de máscaras de roupas esfarrapadas e caretas feas escollemos: os *vellos*², os *vascalheiros*³, os *farrapeiros*⁴, os *farricalheiros*⁵, os *merdeiros*⁶, os *maruxos*⁷, os *currumiños*⁸ e, como non, os *choqueiros*, que dende Poio ata a vila da Coruña, estenden o seu reino.

¹ Vila Boa, Moaña, Cangas, Redondela (Caaveiro e Cedeira), Ponte Vedra (A Canicouva) e, quizais, Marín. Vid. Rosales González 2014.

² Vila Boa do Morrazo: *vellos do Entruido* ou *entruidos vellos*. Moaña: *curruvellos*. Cangas: *farrovellos* ou *ferrovellos*. Vigo (Sárdoma): *avellos*.

³ Marín (Ardán): *vascalheiros* ou *vascallos*. Bueu (Beluso, Cela e Meiro): *vascalheiros* ou *mascalheiros*.

⁴ Ponte Caldelas (Taboadelo, Xustáns): *farrapeiros*. Fornelos de Montes (Calvos, Traspielas): *farrapeiros*. Cangas (Darbo, O Hío): *farroupeiros*. Cotobade (Borela): *farrapalleiros*.

⁵ Marín (Loira): *farracalleiros*. Fornelos de Montes (Calvos, Traspielas): *farricalheiros*, *farracalleiros* ou *farraquilleiros*.

⁶ Vigo e Moaña.

⁷ Redondela (Caaveiro) e Vigo (Cabral, Candeán).

⁸ Mos: *currumiños* ou *churrumiños*. Entendemos que se trata do mesmo radical *curru-*, presente nos *curruvellos* (vid. nota 2), *currumaches* - *gurrumaches* (Pedrezuela, prov. Madrid) e *currumachos* - *cucurumachos* (Navalosa, prov. Ávila).



Tamén hai máscaras zoomorfas: o *oso*⁹, o *cabalo*¹⁰ e o *touro* ou a *vaca*¹¹. E, típica de toda Europa, con carneiros reais ou con homes enxugados, temos a farsa da *arada*¹².

Houbo innumerables corridas de galo¹³, destacando algunha ademais pola calidade literaria dos sermóns e testamentos que as acompañaban. Do mesmo xeito, foron moitos os lugares que tiñan mecos de palla¹⁴ presidindo as súas festas de Carnaval. Tamén a eles voltaremos ao final.

Neste mare magnum, emerxe unha figura aparentemente humilde: a do *labrego*. Máscara desaparecida alá polos anos 60 e que estendía a súa presenza a unha zona que incluía os concellos de Ponte Vedra (Marcón, Mourente, Tomeza, Salcedo), de Vila Boa do Morrazo (Sta. Comba de Bértola) e de Cotobade (Tenorio). Neste artigo centrareime no caso concreto de Marcón.

2. Descrición do Entroido de Marcón

De entre tódalas versións e variantes, privilexiaremos unha delas, a que máis nítida se nos aparece na etnografía. Só é por motivo da claridade da exposición, non pretendemos en ningún momento fixar unha versión única deste Entroido. Nun futuro estudo monográfico, pendente de elaborar, ofreceríamos o fenómeno en toda a súa volubidade e trataríamos de inventariar unha materia palpitante, metamórfica –verdadeiro inferno para o investigador. Reforzaremos toda a nosa descrición con fragmentos das conversas dos nosos informantes, coa intención de facer dispoñible o material

⁹ Cotobade (Tenorio e Almofrei).

¹⁰ Vila Boa do Morrazo e Moaña. Quizais deberíamos dicir o 'équido', pois os informes non son claros e sabemos que noutros lugares lle chaman "o burro".

¹¹ Ponte Vedra (A Canicouva, O Vilar -parr. Ponte San Paio-), Ponte Caldelas (Xustáns), Vila Boa do Morrazo, Moaña e Marín. Tamén aquí, ás veces falan de "toros" e outras veces de "vacas".

¹² Recollida en Vila Boa do Morrazo, Marín e Cangas (O Hío).

¹³ Ponte Vedra (Acevedo -parr. Ponte San Paio-), Poio, Souto Maior (Romariz), Redondela, Ponte Caldelas (A Ínsua, Taboadelo), Vila Boa do Morrazo, Moaña, Cangas (Aldán, O Hío), Mondariz, Ponte Areas...

¹⁴ Ponte Vedra, Cotobade, Ponte Caldelas, Fornelos de Montes, Vila Boa do Morrazo, Cangas...

necesario para posibilitar o rescate e recuperación deste Entroido desaparecido.



O Entroido de Pintos

Organización

O bando de disfrazados recibía o nome de *entroido*, e os seus compoñentes ían de *entroido*, eran *entroidos*¹⁵. Os testemuños máis antigos, que nos sitúan nun período anterior á guerra civil, falan de doce a quince membros. Os partícipes eran “*mozos xa... pero xa, ao mellor, de vinte e cinco anos: mozos ghrandes*”. Sabemos que son o grupo de idade protagonista do Carnaval¹⁶. Nos informes posteriores vemos como paulatinamente o costume vai quedando relegado aos rapaces e aos nenos, cunha redución concomitante no número¹⁷.

Dentro da parroquia de Marcón, formáronse bandos en cinco dos seus barrios: O Albeiro, A Ermida, Pintos, Valadares e A Varcia¹⁸.

¹⁵ As denominacións de *máscaras* e de *choqueiros* só as rexistrei unha vez. En Mourente ademais podían recibir o nome despectivo de *correcáns*.

¹⁶ Vid. Rosales González 2014, 10.

¹⁷ As idades van diminuindo nas sucesivas décadas: nos anos 40-50, de 15-16 anos; nos anos 60-70, de 12-13 anos; para rematar en 7-10 anos. Así pasamos de: “*eran chavales, xa con corpo, pero chavales*”, a “*eramos rapaces de xoghar ás bólas, joder! Xoghábamos ao trompo e ás bólas*”. En canto ao número, chegou a limitarse a uns sete nenos.

¹⁸ Na miña transcripción da toponimia fago prevalecer a grafía (con uve) da voz da que deriva este topónimo descriptivo: *varcia*, ‘terreo chan fértil situado nas marxes dun río, que é frecuentemente anegado por este’. [Diccionario da Real Academia Galega]



A súa organización estaba en mans dun veterano, normalmente un home de idade, aínda que tamén podían ser mulleres. Axudaba na elaboración do boneco de palla, no ensaio da música e da danza. Na Ermida lembran o sr. *Isolino Baltasar* e en Pintos a *Emilio de Elvira* e o sr. *Inocente*, na Varcia o sr. *Florente* e tamén a *Coxa*.

Sempre había un veterano no medio, que nos dicía máis ou menos como había que tocar, como había que bailar. Incluso nos facía... axudábanos a face-lo entroido.

Había que ir pedir a roupa, os panos, os *estoques* (falaremos máis adiante deles. Vid. a fotografía) e os instrumentos, que emprestaban as diferentes casas: a Casa Nova, aos do Cuña, a das Lanchas, a da Nabeira, a da Perera, a do Roque. Na casa do sr. Isolino xa tiñan panos. Como sabían onde había o material, a competencia por conseguir as mellores pezas era feroz e podía dar lugar a loitas.

Unha vez fixemos unha pelexa polo carallo dos estoques. Porque había xente aquí que os tiña e entónces ibamos nós a pedirillos, e viñeron os da Ermida a pedirillos tamén. Mi madre! menudos hostiazos! Mi ma! E mais eramos todos amighos, eh! ibamos todos á mesma escuela. Pero nin escuela nin Dios! A hostia limpia todo. Ao final o estoque quedamos nós aquí en Pintos con el, nò levou el pà Ermida”.

*Estoque da casa de
Aldana. Pintos*



Normalmente, ensaiaban na casa do veterano, na cociña, no lagar ou nun cuberto da casa. Distribuíanse os diferentes papeis en función das habilida-



des de cada un para bailar ou para tocar as bucinas, que eran os instrumentos musicais que empregaban.

Ao mellor un mes ou dous meses antes empezabamos a ensaiar. A bailar e todo, arredor do entroido.

Porque a bucina non a tocan todos, eh! Porque é coma unha trompeta, había que tocala ben, aprender a soplar ben. Entonces, por eso, había ensaios.

Pero había que ensaiar. Había que coller bucinas e ensaialo. Porque eso ten un ensaio, eh! E pa repenicar e todo eso.



Entroido de Pintos

O entroido de palla

Destaca nestes bandos a presenza dun boneco de palla que recibía o nome de *entroido*¹⁹. Facíanlo para que parecese un home de verdade: “*Era un home feito e dereito*”, “*Era un home completo*”, “*Era coma un home ghrande, [...] máis ca unha persona. Máis ca min, máis alto*”. Polas referencias que me deron, calculo que entre 1,70 e 1,80 m.

O primeiro que tiñan que facer era atopar unha *galla de carballo*, coa forma das pernas e do tronco.

¹⁹ Un dos informantes -da Varcia- refírese a el coma o *pallaso*.



Que había que buscar unha ghalla que fora máis ou menos o mesmo aberta. Que se levaba traballo para buscala, eh! Polo monte arriba, nos carballos. [...] Tiña que ser dereito, por iso que pa buscalo mandaba o carajo.

Eso temos subido a máis de vinte carballos! pa encontra-la ghalla apropiada.

Pasaban logo a facerlle os brazos. A maioría dos informes nos din que o esquerdo, feito cunha táboa cravada no tronco, estaba estendido. E o brazo dereito, en cambio, dobrábase —empregaban para iso unha vimbia grosa— coma quen que tiña a man metida no peto do pantalón. Só no barrio de Valadares describíronme ao entroido con ámbolos brazos estendidos, a semellanza —en tamaño máis pequeno— do *Miel-Otxin* do Carnaval de Lantz.

Despois, enchíano con palla centea para darlle volume, formando as pernas, o torso e maila cabeza.

No laghar era onde facían o muñeco. Alí a ata-la palla [...]. Inda me acorda ir ás fías pa atarlle o... Son as rafias, ataban con rafias.

Facíase a persona, cunha vimbia, cun cordel, [...] como unha persoa.

Esmerábanse en facelo e en vestilo o máis primorosamente posible, pois logo a xente, cando o vían pasar, eloxiábano: “*Hostia, mira que ben! O entroido que ben iba.*”²⁰ Pantalóns e camisola brancos: “*Tiñamos que buscar un que estivera cumprindo o servicio na marina, que era o que tiña o pantalón branco*”. O calzado podía ser zapatos, botas ou, incluso, catiúscas. Unha faixa de cor vermella, gravata e chaleco gris, branco ou, tamén, vermello. Púñanlle uns panos coloridos, dos antigos, ao tiracolo, cruzándolle o peito:

²⁰ Tamén na Vila Alén (parr. Toomonde, conc. Cerdedo), os veciños facían comentarios admirativos con respecto á parella formada polo *entroido* e pola *entroida*.



Era unha pañoleta mui rechamante. E levaba así cruzada e aquí dábasete unha lazada e caíanlle as puntas pa os lados.

Era un pano coma se fora un pano destes que lle chamaban pano mantón. E dobrábase así, dobralo en varias dobrezas. [...] Entonces, poñíano así ao tiracol.

Era como un mantón... de algodón e así todo floreado: amarillo, rojo. Era con moitos colores. Pano de alfombra chamábase.

Dos dous brazos penduraban panos de seda e cintas grandes de cores. Na man exposta, púñanlle unha luva de coiro. Compraban unha careta bonita de cartón, que figurara un home, e cravábanlle na boca un puro ou cigarro: “un señorito, como se estivera fumando”.

Enriba da cabeza levaba un sombreiro dos chamados *pajillas*, que viñan de fóra -da América- inda que tamén o podían toucar cun sombreiro normal. Nalgúns casos da aba penduraban cintas de cores como adorno.

Metido debaixo do sombreiro, o entroido levaba un *mantelo* que lle caía polas costas. Unha das súas puntas podía ir atado na man estendida. Tratábase dun pano “*mui colorexado*”, “*mui pintado*”. Na danza, ao xirar o boneco, había que abanealo para que lucira.

O mantón iba engancho aquí na cabeza. Entonces, o que bailaba co entroido, ao da-la volta, pois a capa...

Colocábaselle por debaixo do ghorro, así, pa que, ao darlle a volta... Porque bailábase e despois dábase unha volta de arredor. E entonces, aquela cousa voaba.

Era un pano que solo... aquí solo había nunha casa que o tiña. Había que ir aí, porque non había outro. Que levaba encolgado na cabeza o entroido, eso levábase na cabeza. Si, si. Pero chegaba ao



chan, entonces, ao bailar co entroido, o pano do entroido tocaba no chan, e, ao facer así as voltas -que había que dar voltas, non sabes?-, pois o pano voaba.

Facíano de tal maneira que se podía pór de pé. Na Varcia, comentábame unha veciña: “*E papá dicía que o entroido que era un señorito, que viña mui ben vestido [...]. Que viñera de Panamá, ou non sei de onde dicía. “Aí vai o entruído, que era un señorito de Panamá!” E como andaban a pedir, dicía: “É mui larpeiro”.*



*"Era un señorito de Panamá"
(debuxo de Francisco Sutil Barbosa)*

Os labregos

En Marcón, os informes divídense en dous grupos: aqueles que estenden a denominación a todo o bando –sobre todo no barrio de Valadares– e aqueles que a limitan para designar a dous dos seus individuos, claramente diferenciados pola súa vestimenta. Centrarémonos aquí na segunda opción e nas notas interpretativas do último capítulo mencionaremos tamén ao primeiro grupo.

A parella de labregos “*eran os que iban máis de acuerdo co muñeco*”, “*iban ben vestidos. Iban coma o entruído*”. Pantalóns e camisa de cor branca, faixa vermella, chaleco e panos antigos ao tiracolo.



*Labrego na danza
(debuxo de Francisco
Sutil Barbosa)*



Distinguíanse polo sombreiro cónico: “Os que iban mellor, que eran os señó-ritos, eses iban ben prepara’os, co seu carapucho”. Feito de cartón, cubríano con papel de cores e adornábano con fitas, que penduraban, e plumas de galo na cúspide.

E levaban o ghorro así, que era de cartón, con cintas arredor. Si, era de cartón, pero iba tapado, non se sabía que era de cartón. Pero eu sei que era de cartón. Botábanlle cintas e adornos.

E despois aquí levaba unhas cintas colghadas. [...] Era cerrado e era de papel, metíámoslle papel dese de color. Era un papel plateado que cubría o couso todo. E despois as cintas salían de aquí.

E despois no alto de todo puñíanlle unhas plumas de ghalo.

Na parte inferior das perneiras do pantalón levaban unhas xouxelas²¹, chocas ou campaiñas (campanillas).

E os tales labregos levaban unhas chismas destas... unhas cousas aquí colghadas. Chocas, nós chamabámoslle chocas. [...] Levábanas atadas aquí, así no pantalón. E levaban ao mellor catro ou cinco de cada lado.

Os labregos solos e mais o que bailaba co entroido, tamén levaba. Si, nunha perna sola me parece que se levaba. [...] Eran unhas choquiñas, unhas piquiniñas, desas redondiñas. [...] Levarías tres ou catro. Con facer ruído xa é suficiente.

Campanas nas botas, campanillas, o que tuveras. En ese caso tamén se levaba campanas. Pero, claro, pesábanche muito no pé, que tiñas que levanta-lo pé. E iso é pa facer traca ra ca ra ca! As que tuveras. Canto máis ruído fixeras: millor. Non era por outra cousa. Se tiñas máis, tiñas máis. Daquela había moitas campanillas dos cabalos,

²¹ Tamén ouxelas e arouxos. En Vila Boa do Morrazo teño recollido a variante xóuxolas.



unhas campanillas así non mui grande. Despois tamén aparecían algunha que outra desas redondiñas, desas bolitas pequenas. [...] Pero era mui pouco, eses casi non había. O que máis había é das outras, pero pesaba muito, eh!

Porque eles bailaban así, e entonces o carajo da campanilla repinican. [...] Bailaban e chilingaban as pernas, non sabes?

Tamén as podían levar nuns cintos ou cosidas nas costas dos chalecos. Incluso, un informante falaba de arouxos pequenos no sombreiro.

Eu acórdome, si. Arredor do cinto. Levaban un cinturón e tiñan as xouxelas por aí. E, a bailar, tocaban aquelas xouxelas. Mi ma! E tocaban de carajo, facíanche un ruído que había que velo!

E muitos traíanos por acá nos chalecos, cosidos pa toca-las camp[nillas].

Na man dereita levaban unhas castañolas (*castañetas*) grandes (vid. a fotografía). A habilidade no seu manexo –ademais da destreza no baile– determinaba a elección dos labregos.



Castañolas, da casa da Luga. Valadares.



Aí, iso elixíamolos ao principio, porque había que toca-las castañetas. Levábamos unhas castañetas, non? E había que levalas e había que sabelas tocar. E muitos non... Cando se empeza a ensaiar sempre ensaiaban cun maior, non? E entón, xa os escollía [aos] labregos. Ao mellor, alghúns algho máis ben... ao mellor recomenda'o, porque os labregos eran máis... non? máis vistoso. E tocaban unhas cousas e iban vestidos doutra forma xa.

Na man esquerda, como arma de defensa e tamén como apoio para a danza, termaban dun *estoque*, que, a semellanza dunha baioneta, ía mangada nun pau e enfeitado con cintas.

Había dous... chamábanse os labregos e levaban un pau... chamábanlle o estoque, de ferro. Porque iso era pa protexere... -como iban a recorrer as casas todas, os cans, pa os cans, porque había cans malos, non sabe?

O estoque era baioneta. A baioneta era xusto o estoque, o que pasa é que levaba un couso de pau, entóns ti apoiábaste aí e bailabas.

O estoque do sr. Ramiro Omil (Valadares) ten 51 cm de longo e 40 cm de fío; o da casa de Aldana (Pintos), 45 e 35. A vara tería, aproximadamente, un 1,50 m de longo.

*Estoque do sr. Ramiro
Omil. Valadares*





Os das bucinas

Forman a parte máis heteroxénea do bando. Entre eles, un bailaba co entroido, outro era o encargado de levar o peto e outros carrexaban o cesto. Os seus papeis eran intercambiables. Despois, todos -menos o do entroido- tocaban as bucinas.

En función da época á que se remiten os informes, vemos que a indumentaria sufriu unha irreversible alteración. Aquí privilexiaremos as testemuñas de máis antigüidade, que insisten no uso de roupas esfarrapadas e de caretas, cun marcado aspecto amedrentador, que se complementaba cun acoso ás rapazas e aos cativos²².

*Malvestidos que parecían bruxas, me cago en diola! Mal mal mal.
Con caretas, que nós conocían.*

E aqueles fulanos como andaban vestidos, porque parecían gitanos.

*Pero alghunha xente [...] aquilo e escapaban. Claro, tiñan medo.
Porque mete un respecto de carallo como iban vestidos, eh! [...] Iban
con roupa vella os outros, os das bucinas.*

*Con aquelas caretas e cuns pañuelos e cunhas saias, os homes iban
vestidos de muller. E iban a correr, un paquí e outro palí, e pidían.*

Entre os aditamentos que podían levar podemos enumerar: polainas de casca de bidueiro ou de cartón, xouxelas e carapuchos. Os carapuchos eran de tamaño inferior aos dos labregos.

*Os cucuruchos levábanos tamén os outros que tocaban as bocinas,
eh!*

²² Nos informes máis modernos e nas fotografías, demóstrase que a lasitude na tradición fixo que perdesen toda a súa identidade e desaparecese o contraste que, por forza, había con respecto á parella de labregos. Así, ultimamente, saían con roupa normal (*pero levaban os calzoncillos por fóra*) ou mesmo saían con roupas iguais aos labregos (*normalmente cada un iba o mellor que podía, imitando o máis posible ao muñeco*). E sen caretas.



Os labregos levábano máis grande ca os outros. Os outros, si o levaban, levábano máis pequeno.

Eu acórdome a ir vestido cun pantalón así... non me acordo, pero creo que era un pantalón e puxemos de polainas as cascas dun bidueiro. Quitámolas con muito cuida'o e puxémolas de polainas. E xa íbamos disfrazá'os.

Como dixemos, un deles era o encargado de bailar co entroido na cabeza. Podía ir sempre o mesmo, “*porque beilaba mui ben o entroido*”, ou podían ir por quendas: “*cambiabamos, eh! Era rotativo. [...] Ao mellor un bailaba máis porque eran máis fortes, ou tal*”. Na perna dereita levaba a cinta ou goma con xouxelas, necesaria para a danza.

Referente ás bucinas, dicir que os informantes diferencian dous tipos: a *bucina* propiamente dita e a *caramuxa*. Só conseguín recoñecer de forma máis ou menos segura a *Charonia lampas*²³. Os expertos da malacoloxía serán os encargados de determinar as outras variedades.



Bucina (Charonia lampas), da casa da Lugha. Valadares

Porque antiguamente traíano os mariñeiros e tiñan carne dentro, esto. Isto comíase. Nós conseghuíámola a través dos mariñeiros. En Marín, daquela, había bucinas destas. Os mariñeiros traían bucinas destas. Agora en Marín xa non as topas estas bucinas. [P]orque

²³ Denominación actual da *Triton nodifer*.



viñanlle nas redes, daquela había muitísimas bucinas. Había caramuxos pequeniños. [...] O que pasa que, claro, estes tiñan que medrar. E, de vez en cando, mandaba unha rede ou así e igual viñan enganchados dúas ou tres. Non era sempre. E traían carne incluso, que nós comprabámolas con carne, cociámolas na casa, comiámoslle a carne e despois quedámonos coa bucina. Si, a min acórdame eso, si, sendo rapás.

Un deles andaba ademais co peto: “*O peto había que levalo, porque o peto había xente que che daba diñeiro. Muitísima xente dábatche diñeiro*”. Despois había outros dous levando unha cesta das grandes pendurada dun pau, para xuntar os ovos. Se era un cestiño pequeno, levábao un colgado do brazo.

Dous informes imprecisos mencionan o uso de zancos, detalle que está pendente de confirmar.

O anuncio do Entroido e o percorrido dos bandos

Dende o 15 de xaneiro, día de santo Amaro²⁴, xa se deixaban oír polas noites as bucinas, anunciando a proximidade do Entroido.

Xa empezaban a toca-las caramuxas o día quince de enero, que era o día de san Amaro. O quince de enero xa empezaban a toca-las caramuxas pa relacionarse.

Xa empezaban antes, tres semanas ou así. E logho sabíase que era o entroido, pero agora non se sabe nada.

E unha semana antes de salir co entroido, tocábanse as bucinas en tódolos sitios. A anunciar que viña o entroido. Todos os que iamos co entroido, unha semana antes empezaban a dicir, ‘Aí vén o Entruido!’ Tocábamos tódalas noites as bucinas. Non facía falta que estuvéran-

²⁴ Lembrade que é San Amaro de Moldes, non San Mauro.



mos todos xuntos. Eso era anunciando que viña o Entruido. Ao mellor eu tiña a bucina na casa e tocaba, outro tocaba na casa del. Ás noites. Si, si, á noite. E polo día tamén, os chavales tamén tocaban.

Despois, nos propios días do Carnaval –domingo e martes–, á mañá, antes de poñerse en movemento co boneco, volvían anunciar.

E antes de marchar tocare por aí polas casas, hai unha costa alí enriba [de Pintos] e iban botar unha tocata alá, á Costa, alí enriba, que iban os rapaces todos e tocaban unha tocata á mañán.

Porque á mañán pa xuntarse tocaban a caracola alá arriba, alá abaixo. Despois xuntábanse.

No domingo de Entroido percorrían a parroquia, que completaban no martes de Entroido. Os da Ermida e os da Varcia aproveitaban este último día para saír fóra: A Peralba, O Salgueiral, o adro de Bora, o adro de Mourente e, incluso, Vilarchán, A Reigosa e Xustáns. Algún ano teñen saído no domingo de piñata.

Cando nestes traxectos, se cruzaban dous bandos, emerxía o espírito competitivo: “*cando nos xuntabamos nunha casa co entroido: a competencia, a bailar alí. Primeiro nós e ’pois eles ou primeiro eles e despois nós.*” Espírito que en ocasións derivaba en aberta hostilidade²⁵.

E cando se xuntaban... ao mellor, había un entroido aquí en Pintos, había outro na Ermida, había en Valadares outro e... entón, ao xuntarse... Todos se levaban ben, non? pero aquela tradición de que quirían desfacerlle o entroido uns aos outros, e tal. Discutían así un pouco, e tal, pero sin... no momento de cruzarse, si. No momento de cruzarse era cando... “Ei! vámoslle desfacer o entroido a estes!” Aos

²⁵ Estas loitas entre bandos son características da época do Entroido. En Sta. Cristina e en Sto. Adrán de Cobres nos enfrontamentos chegaron a empregar os fogos de artificio coma mísiles balísticos!



de Valadares ou aos da Ermida ou aos de Pintos, non? Desfacerllo ou queimarllo.

Aquí o entroido, viña sempre o de Ermida e despois viña o de Pintos, tamén. Pero ás veces, cando se topaban por aí, peleaban! Porque un quiría ser mellor ca o outro e peleaban.

Neste percorrido ían visitando as diferentes casas e tocando as bucinas e facendo barullo: “*E facíamos un ruído de carallo. ‘Aí vén o entroido!’ Sentíalo carallo das bucinas, ‘Aí vén o entroido!’ E ao mellor viña alá abaixo e xa sabíamos que viña o entroido*”. Como dixemos, unha das funcións propias deste tipo de máscaras era a de causar medo entre os grupos de mozas e de nenos.

Pero acórdame que andaban polas casas e levaban... tocaban aquelas bucinas e, plum plum plum! Facían barullo! E entón, ‘Ai, que veñen aí os entroidos, veñen aí...!’ E nós metémonos na casa a ghrito pelado. E miña nai fora a unha veigha a buscar unha cesta de herba, e, ‘Corre, María!’ Díxenlle eu, ‘Muller!’ ‘Corre, María, que [...]’ E ao fin... co medo. Porque non sabíamos o que era. Con aquelas caretas e cuns pañuelos e cunhas saias, os homes iban vestidos de muller, e muller iba vestidos dos homes. E iban a correr, un paquí e outro palí, e pidían. E mamá a pouco máis, dixo ela, ‘Si teño a vara aquí varéovos, eh!’ Ela non lle importaba que pasaran trouleando polo camiño, pero abriron o portal e metéronse dentro, e, mi madre, que pánico! Choramos, berramos. Eso facíano en varias parroquias.

Permiso de entrada, os vivas e a danza

Diante de cada casa pedían permiso: –*Vai o entroido ou non vai?* –*Vai, vai. Pasa pa dentro.* O bando entraba e colocábase no eido, perante o patrón e a patroa da casa. Era o momento de lanzar os vivas. En cada viva, os labregos acompañaban as sílabas arrastradas cun repenique das castañolas. Poño uns exemplos:




Que viii...va o entroooooi....do e que viii... va os señores da caaa...sa!

E viii...va e que viii...va o entroooooi...do da Vaaar...cia e que viii...va, compañiii...a!

Viii...va e que viii...va o entroooooi...do da Ermiii...da. E que viii...va señor Isoliii...no muitos aaa...nos!

E coa mesma, a bailar. Os das bucinas formaban unha roda ao redor do entroido e dos labregos. Estes sempre mirando de cara ao boneco. Soaban as bucinas e os labregos tocaban as castañolas sen parar, mentres bailaban coa perna dereita no aire, movéndoa ritmicamente para que así soasen os arouxos. O mesmo facía o do entroido, xirando ás veces sobre si mesmo, abaneando o máis posible o mantelo.



O do entroido puñíase no medio, nós faciamos un coro coas bucinas, o entroido no medio. Tiñamos que facer inda un círculo ghrande. El no medio, o entroido. Entón, como tiña que andar, o do entroido tiña que andar dando voltas, non? El andaba co entroido e os labregos diante a bailar. Entóns, os labregos daban unha volta e el, ao mellor, tamén tiña que dar unha volta co entroido, onde parábanlle os labregos. Entonces, os labregos eran os que andaban arredor, e por eso que había que facer un círculo de carallo. Arredor. E enton-




ces, claro, nós a tocar e eles a bailar. E os labregos e o outro... [xiraban sobre si mesmos] Érase bonito, eh!

Entonces, ao bailar co entroido, o pano do entroido tocaba no chan. E, ao facer así as voltas, [p]ois o pano voaba. O entroido daba voltas e eles [os labregos] tamén. Despois paraba o entroido e eles daban unha volta arredor. Entonces paraban, e bailaban parados, os labregos.

En canto ao ritmo -tamén aquí guíome por unha das versións-, había dúas fases. A primeira, de ritmo monótono, lento: “*Si, primeiro era seguido: tuh! tuh! tuh! tuh! tuh!*” “*Había que dar catro voltas, me parece. Porque o tuh! tuh! tuh! era un tempo. Giraba e despois inda seguía co tuh! tuh! tuh!*”



Despois, entraba a segunda fase, máis rápida: “*E despois, cando daba unha volta o paisano co entroido, tuh tuhtuh tuh! tuh tuhtuh tuh! tuh tuhtuh tuh! tuh tuhtuh tuh!*”



E remataba nunha nota longa:





Doazón e roubo

Normalmente, os das casas dábanlles ovos, cartos e tamén “chourizos” e “pesuños do porco”. E despois, sobre todo nas casas ricas, invitábanos a beber e a comer. Os da Varcia paraban sempre na casa de Roibal, en Valadares, e os de Valadares na do sr. Pedro da Casa Nova, na Ría de Arriba.

Daquelas casas que chamaban daquela máis ricas, non?, invitábanos a comer, dábannos a comida.

Había casas que nos invitaban a beber, se queriamos beber, ou así a ghalletas. Era viño, daquela non había kases, nin había aghua, daquela bebiamos todos viño. Bueno, carallo, bueno! Daquela os rapaces bebían viño.

Nós bebiamos viño coma os homes. O viño naceu con nós. Despois a farria, tal, [e] cando había ao mellor que colle-lo entruído, algún xa non se... xa marchaba... amorraba el e mailo paisano.

Á parte da prodigalidade dos veciños, o botín engrosaba cos roubos efectuados nos galiñeiros e nas casas. Característica importante de tódolos bandos de Entroido.

E iban aos juegos aos ghaliñeiros. Mentres uns distraían ao dono da casa, outros iban ao ghaliñeiro e quitábanlle os juegos. Pero xa era tradición. Ás veces hasta llos deixaban chocos, pa que rabearan, non sabes? Pero xa era así. “Veñen os do entroido, hai que colle-los juegos”.

I entraban a roubar nos capoeiros, sin permiso de nadie. O que tuvera juegos, quedaba sin ningún.

Que daquela levabas un cesto pa roubar os juegos. En Marcón ese día non puñan as ghaliñas, porque xa sabían do choio. Pero por aquí



[Mourente] *enchemos, como non sabían. Entonces estaban dous cun cesto e cun pau, cesto deses ghrande, ao juegos. Pero por Marcón non topaban un, porque xa sabían do choio. En Marcón xa non lle poñían as ghaliñas.*

Unha ves, a unha, mentres lle daba os huevos e os chourizos, tiña un bolo a cocer na pota, e os que viñan a tocar fóronlle comer o... fóronlle saca-lo bolo á pota e coméronlle o bolo que se facía de millo, na pota do caldo. E fóronlle come-lo bolo.

Ao remate, vendían os ovos e repartían os cartos. Tamén facían unha comida en común.

E logo, repartíámolo. No, a festa non había. Pero faciamos unha merendola “Despois ao acabar repartíamos. E despois era o que *ghanabamos*”. “Despois aí puñían... facían despois... traían os juegos, xamón, o touciño. E despois facíano aí, cocíano aí entre todos, aí facían unha comida

En Pintos comíase o *bandullo* no domingo de Entroido. E o martes era o día da *cacheira*.

A morte do entroido

O martes pola noite a figura do entroido despoxábase da roupa e quedaba reducida á palla. A galla moitas veces gardábase para os seguintes anos. O lume encargábase de facelo desaparecer.

Podía queimarse no eirado da casa onde se fixera ou nun lugar determinado xa de antemán. En Valadares elixían O Montinho, os da Varcia O Moucho, os de Pintos alá pola Costa ou O Outeiro Mozo. No Albeiro na canteira de señor Emilio o Chuco. Tamén os de Montecelo (parr. Mourente) queimaban un boneco no *monte baldío* e dicían: “*Pobre Amparito, que arde!*”



Os bailes e as comparsas con carros

En Pazos, preto da igrexa de Marcón, había un baile chamado *O Girasol*, que era o lugar de confluencia de diferentes máscaras e comparsas. A ela acudían os bandos vellos da Varcia co boneco de palla e a súa danza, acompañados, entre outras cousas, dun carriño tirado por un cabalo cunha raíña ou princesa, que en realidade era unha señora maior que lanzaba versos satíricos. Alí facían, así mesmo, unha especie de corrida de galo, mais sen galo, pois do que se trataba era de darlle cun pau a unha vexiga de porco.

En canto ás comparsas, sabemos que visitaban este baile e mais o *do Pino* (no Marco, de Tomeza). Eran mozos e mozas, estas últimas con “*vestidos de papel*”. E, antes da guerra civil, as comparsas, en *carretóns* enfeitados con mimosas e tirados por bois, saían da Ermida e ían ata As Pontes, en Bora, que era o centro de reunión de tódalas parroquias limítrofes. Aquí era onde, dende un palco, facían as representacións cómicas das que nos fala Bouza Brey²⁶.



²⁶ Bouza Brey 1949, 6-9.



Unha das grandes dificultades que temos é a de precisar a natureza exacta destas comparsas e cal era o círculo que percorrían. Sospeitamos que eran do mesmo estilo que as *momadas* de Cotobade. Pero non sabemos qué tipo de relación se establecía cos bandos de labregos.





BIBLIOGRAFÍA

ALONSO FONTÁN, Antonio (1983): “Aqueles tempos históricos do serán (III). (Moralidades populares de onte e hoxe)”, *Faro de Vigo*, Suplemento Dominical, domingo 13-02-1983.

ALONSO OBREGÓN, José [O Fidalgo de Monterrey] (1928): *N-a miña aldea* (Ourense: Imp. La Industrial).

BREY, Gérard (2000): “Festivités carnavalesques et société à Pontevedra (1850-1913)”, *Bulletin d'Histoire contemporaine de l'Espagne*, núm. 30-31 (*Fêtes, sociabilités, politique dans l'Espagne contemporaine*), décembre 1999-juin 2000.

BARROS JUSTO, Ramiro (2013): *Vocabulário ilustrado da Terra de Cotobade. Inclui locuções e fraseologia* (Sant-Iago de Compostela: Tórculo Comunicación Gráfica).

BOUZA BREY, Fermín (1949): “Teatro de Carnaval de Galicia”, *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, tomo V, cuad. 3º.

— (1955): “Mázcara arcaicas da Galiza”, *Galicia Emigrante*, núm. 8, xaneiro de 1955.

BRANDÃO, Abilio de Magalhães (1890): “Apontamentos folklóricos famalicenses”, *Revista de Guimarães*, 7 (4) Out.-Dez. 1890.

BURKE, Peter (2009): *Popular Culture in Early Modern Europe* (Farnham, Surrey (Reino Unido) / Burlington (EEUU): Ashgate Publishing Limited. 1ª ed. 1978. 3ª ed. actualizada 2009). [Hai tradución ao castelán: *Cultura popular en la Europa moderna* (Madrid: Alianza Editorial. 2014)].



CALLE GARCÍA, José Luís (1993): *Aires da Terra. La poesía musical de Galicia* (Ponte Vedra: Gráficas Duhier, S. L.).

CAMPOS, B. (1985): “Tenorio (Cotobad). As Festas do Domingo de Antroido”, *Diario de Pontevedra*, 16-02-1985.

CARO BAROJA, Julio (1965): *El Carnaval (Análisis histórico-cultural)*, (Madrid: Taurus).

CARRÉ, Leandro (1959): “Costumes do Carnaval na Galiza”, *Douro Litoral*, 9ª Série, I.

CASAL Y LOIS, José (2008): *Costumbres populares: apuntes acerca de juegos, diversiones, pasatiempos, entretenimientos y juguetes de mujeres y hombres, juveniles y de muchachos* (Sant-Iago de Compostela: Consello da Cultura Galega; Pontevedra: Museo de Pontevedra. Edición e estudo introductorio de Xosé Fuentes Alende).

DASAIRAS VALSA, Xerardo (1990): *O Entroido en Terras de Monterrei* (Ponte Vedra: Edicións do Cumio).

— (2000): *Candeán: memorias dunha parroquia* (Vigo: Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Candeán).

DE LA IGLESIA GONZÁLEZ, Antonio (1886): *El Idioma Gallego. Su antigüedad y vida. Tomo I* (A Coruña: Imprenta “La Voz de Galicia”).

— (1886): *El idioma gallego. Su antigüedad y vida. Tomo III* (A Coruña: Imprenta de “La Voz de Galicia”).

— (2005): *Poesías* (A Coruña: Real Academia Galega. 2005. Edición de María Rosa Saurín de la Iglesia).

Faro de Vigo (1900): “El Carnaval en Vigo”, *Faro de Vigo*, 25-02-1900.



FERNÁNDEZ DE ROTA, José Antonio (1989): “Mundo rural y mundo urbano en una vila gallega: Betanzos”, en López Casero, F. (comp.): *La agrocuidad Mediterránea* (Madrid: Ministerio de Agricultura).

FIGUEIRA BALTAR, Xosé (1986): “Das miñas lembranzas. O Antroido”, *Diario de Pontevedra*, domingo 9-II-1986.

FRAGUAS FRAGUAS, Antón (1930): “O entroido nas terras do Sul de Cotobade”, *Nós*, núm. 77, 15-V-1930.

— (1946): “Máscaras y sermones de Carnaval en Cotobad”, *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, t. II, 1946.

— (1965): “Algunos dichos y creencias acerca de los animales”, separata das *Actas do Congreso Internacional de Etnografía, promovido pela Cámara Municipal de Santo Tirso, de 10 a 18 de julho de 1963*, vol. 3º.

FREIRE, Pilar e CANEDA, Rebeca (2007): *Bailes, cantos e instrumentos. La música y la danza de Galicia* (A Coruña: Gran Biblioteca Temática de Galicia de La Voz de Galicia. Colección *Las Gentes*, tomo 14).

GALLOP, Rodney (1936): *Portugal: A Book of Folk-Ways* (Cambridge: University Press).

GOMARÍN GUIRADO, Fernando (1986): “La ‘Danza de las Lanzas’ y su transformación a partir de Matilde de la Torre”, *Revista de Folklore*, núm. 65, p. 167-172 (Valladolid).

LORENZO FERNÁNDEZ, Xaquín (1982): “Do noso antroido: Os Escabicheiro”, *Brigantium*, vol. 3 (A Coruña).

MASSON, Celso (2000): “Batucada de bamba”, *Super Interessante*, v. 14, núm. 6 (junho 2000), p. 55-59 (São Paulo).



MEIRAMAR - AXÓUXERES (Asociación Folclórico, Cultural e Xuvenil) (2011): *O Carnaval tradicional en Meira. Madamas e Galáns* (Moaña: Manu Servicios Gráficos).

PEDROSO, Consiglieri (1988 [1882]): “XIII Superstições Populares (Vária)”, *O Positivismo*, 1882, 4.º vol., p. 280-294. Reeditado en *Contribuições para uma Mitologia Popular Portuguesa e Outros Escritos Etnográficos* (Lisboa: Publicações Dom Quixote, 1988).

PINTOS VILLAR, Xoán Manuel (1853): *A gaita gallega* (Ponte Vedra: Impr. de D. José e D. Primitivo Vilas)

— (2006): *Obra poética dispersa de Xoán Manuel Pintos Villar* (Sant-Iago de Compostela: Consello da Cultura Galega. Edición de M.^a C. Ríos Panisse).

PRIETO, Laureano (1958): *Contos vianeses* (Vigo: Galaxia).

PUGA Y PARGA, Manuel María [Picadillo] (1911): *Pote aldeano* (Madrid: Sucesores de Hernando. Biblioteca de Escritores Gallegos, vol. VIII).

QUINTÍA PEREIRA, Rafael (2014): *Patrimonio inmaterial de San Martiño de Salcedo. Lendas, historias e crenzas* (Ponte Vedra: Sociedade Galega de Antropoloxía).

RISCO, Vicente (1948): “Notas sobre las fiestas de Carnaval en Galicia”, *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, tomo IV, cuad. 2º.

— (1962): “Etnografía: cultura espiritual”, *Historia de Galiza. vol. I* (Buenos Aires: Nós).

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Eladio (1958): *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano. Tomo I A-CH* (Vigo: Editorial Galaxia).

— (1960): *Diccionario Enciclopédico Gallego-Castellano. Tomo II D-M* (Vigo:



Editorial Galaxia).

RODRÍGUEZ TRONCOSO, Manuel (2005): *Historia dunha aldea galega* (Vigo: Ir Indo).

RODRÍGUEZ VIDAL, Manuel (2007): “Lembranzans cotobadesas”, *Pontenova. Revista de novos investigadores*, núm. 12 (Ponte Vedra: Deputación de Pontevedra. 2007).

ROSALES GONZÁLEZ, Xosé Anxo (2014): *As madamas e o sacrificio do galo. O Entruido do concello de Vila Boa do Morrazo* (Ponte Vedra: SAGA).

SAMPEDRO Y FOLGAR, Casto (1942): *Cancionero Musical de Galicia*. (Ponte Vedra: Museo de Pontevedra).

SANTOMÉ, Xerardo F. (2006): *O Merdeiro: un persoaxe do entroido vigués (Apuntamentos para a súa recuperación)*. (Vigo: Asociación Cultural “A Revolta” e Asociación de Veciños do Casco Vello).

TABOADA CHIVITE, Jesús (1953): “Algunos aspectos del carnaval en Laza (Orense)”, *Zephyrus*, t. IV.

— (1969): “La cencerrada en Galicia”, *Actas Congr. Nac. de Artes y Cost. Pop*, 1969. Reeditado en *Ritos y creencias gallegas* (A Coruña: Sálvora. 2ª ed. aumentada 1982).

TOURENCIUS DOS XUDREIROS (Associação Cultural e Recreativa de) (2003): “Abrir as Cancelas ao Entrudo”. [http://tourencinho.com.sapo.pt/abrir_as_cancelas_ao_entrudo.htm]

VAICEKAUSKAS, Ar?nas: “Walking of the Maskers (in Lithuania)”, *Traditional Masks and Mumming in Northern Europe*. An Interdisciplinary Conference in Turku, Finland 16-18 August 2002.



VÄSTRIK, Ergo-Hart (1998): “Clothed straw puppets in estonian folk calendar tradition: a shift from cult to joke”, *Folklore. Electronic Journal of Folklore*, vol. 7, maio 1998. [www.folklore.ee]

VIOLANT i SIMORRA, Ramón (1949): *El Pirineo Español. Vida, usos, costumbres, creencias y tradiciones de una cultura milenaria que desaparece* (Madrid: Plus Ultra) [reed. Barcelona: Altafulla. 1985].

Os Xenerais do Ulla no Concello da Estrada

Olimpio Arca Caldas

NOTA:

Non puido acudir a estas xornadas ao estar convalescente, polo que nos cedeu amablemente este texto que ía ser a súa conferencia e que leu, dentro do programa das "II Xornadas sobre o Entroido de Galiza" o compañeiro da Sociedade Antropolóxica Galega Antonio Vázquez.

In Memoriam



Inicio:

O meu labor docente transcorreu, case por completo, no Concello de A Estrada e moitos dos meus alumnos pertencían ás parroquias que se asentan na ribeira esquerda do río Ulla, límite natural coa provincia da Coruña. Este río e os seus afluentes, dende o Concello de Touro, camiño do mar de Arousa, comprende a zona das máscaras dos XENERAIS DO ULLA.

Matinei, pois, que este rico e antigo patrimonio cultural que posuían aquelas xentes ben merecía un estudio coa participación activa dos propios nenos, coa recollida de información nas súas casas, con entrevistas ás dis-



tintas persoas protagonistas do evento, etc.

Realizamos outros estudos similares cos cruceiros, cos hórreos, cos castros, cos ríos, coas festas da contorna, etc.



Xenerais do Ulla

Situación xeográfica

As parroquias que participan nestas manifestacións lúdicas no Concello de A Estrada e que teñen tradición dos XENERAIS son as freguesías de: Arnois, Oca, Loimil, Ribeira, Paradela, Berres, Santeles, Cora, Santa Cristina de Veá, San Xurxo de Veá, Santo André de Veá, Couso e Toedo. Unha ducia, e cunha característica común, a todas elas as acocha a néboa branca do río Ulla.



Parroquias da Estrada

Significado dos Xenerais

Non hai unidade de criterio encol do seu significado. Uns opinan que ben poden ser a reminiscencia da loita contra os franceses, quen polas súas alqueiradas sementaron u odio durante a guerra da Independencia.



Outros tendo en conta os uniformes e tricornos da vestimenta ben puideran ter a súa orixe nas guerras carlistas máis coñecidas por estar máis preto no tempo.



A súa continuación a través dos anos, con atranques de verdadeira oposición, incluso sanguinaria anos atrás, puidera atoparse no sentimento e concepción do ente parroquial, núcleo illado e fortemente arraigado nas súas xentes. Sería pois o seu significado, a afirmación da parroquia fronte ás veciñas.



Na actualidade, na era da aldea global, ese sentimento esmoreceu e con el o carácter dos antigos e bélicos atranques espontáneos nas fronteiras das freguesías, obstáculos que agora reciben o nome de *encuentros*, coñecidos e memorizados con anterioridade polos Xenerais dos dous exércitos.

Orixe das máscaras dos Xenerais

Malia a que non existen testemuñas da súa orixe, ningún dubida da súa antigüidade.

A primeira manifestación escrita que atopamos encol dos Xenerais do Ulla débese á pluma do esgrevio xornalista e político santiagués, Alfredo Vincenti Rei.

No seu libro *A orillas del Ulla*, escrito nas datas da súa estancia na aldea de Castrotión, parroquia de san Estevo de Oca do concello de A Estrada, no capítulo V, titulado *La máscara*, D. Alfredo relata os acontecementos vividos un luns de carnaval do ano 1875.



*Mascarada do Ulla - O
Xeneral co seu estado
maior*



*Mascarada do Ulla -
Conxunto de
máscaras de a pé*

Describe o percorrido seguido pola máscara da parroquia de Oca; os compoñentes da mesma: Xenerais, correos, charanga, oficios, etc.. Fálanos do primeiro atranque, felizmente superado; dos agasallos en cartos e viño que recibía a máscara dos amos das casas veciñais e as consecuencias da bebida; unha lamentable desfeita. Conta, como ao remate da esmorga, xa de volta para as súas casas, a máscara de Oca atópase, nunha angosta correioira, coa máscara de Arnois. Unha loita campal deixa no terreo as pegadas de lanzas rotas, cabalos desangrados e inimigos feridos.

Anos máis tarde, Alfredo Vicenti volve a repetir que máis veces presenciou “espectáculos semellantes privativos destas terras” e que cando tentou inquirir as raíces destas tradicións, os veciños da zona aseguráronlle que viñan de moitos anos atrás”.

Son, pois, os xenerais do Ulla máis antigos que os carnavais de Pontevedra, tanto o de Urco, do ano 1876, coma o do Loro Rabachol do farmacéutico Perfecto Feijoo no ano 1913. Así mesmo son anteriores o Gran Tarantán da cidade de Ourense do ano 1890.



"Mascarada" de la Ulla.- Máscaras de a pé con mantóns bordados y sombreros.

*Mascarada do Ulla -
Máscaras de a pé con
mantóns bordados e
chapeus*



"Mascarada" de la Ulla.- Máscaras masculinas de a pé con uniformes.

*Mascarada do Ulla -
Máscaras masculinas de
a pé con uniforme*

Décadas máis tarde o antropólogo e poeta Fermín Bouza Brey no seu estudio *Las viejas máscaras de Galicia* dá novas da composición do ano 1934, da máscara de San Pedro de Toen, concello de A Estrada: “*Consiste la mascarada en un ejército a caballo seguido de multitud de máscaras a pie... Visten antiguos trajes militares; sombreros de tres picos, bicornios diezochescos, viejos roses de la campaña carlista*”. “*La aldea en armas líricas -se mobiliza durante la mañana del domingo alrededor de su general*”.



"Mascarada" de la Ulla.- Máscaras de a pé con trajes e instrumentos típicos.



Como naquelas datas Fermín Bouza Brey exercía de xuíz no concello de A Estrada, sigue a falar da publicación no xornal local *El Emigrado* dun atranque que na ponte de Sarandón lle opuxeran á mascarada da parroquia de santa Mariña da Ribeira lamentándose de que a mocidade das parroquias veciñas non souberan gardar a harmonía nunha cuestión puramente carnavalesca”.

Aquel desgraciado atranque do oito de febreiro do 1924 acontece cando a máscara de Ribeira ía camiño de San Miguel de Sarandón.

A máscara, amais dos xenerais dacabalo levaban a necesaria parranda, variados e vistosos oficios e unha escuadra de oito soldados cos seus correspondentes morteiros de artillería.

Cando a comitiva chegou a cabeceira da Ponte de Sarandón os mozos da parroquia coruñesa puxéronlle un atranque tan forte e tan decidido a non deixalos pasar que os discursos non serviron de nada. Entón empezaron a recuar ata o medio da ponte entre unha choiva de fungueirazos a barullo.

Non se sabe con que intención, un dos Xenerais ordenou ¡fogo!... Estouraron os morteiros, asustáronse os cabalos, algúns deles caeron ao río e os fungueirazos ían a máis.

Antonio de Barcala, xeneral en xefe da máscara, co medo de que a pelexa tivese consecuencias máis tráxicas, ordenou a retirada.





Anos despois, 1949, o escritor e mestre estradense, Manuel García Barros, Kenkeirades, publica o libro *Aventuras de Alberte Quiñoi* no que, polo miúdo, relata as características, atranques, traxes, oficios e percorrido dunha máscara dunha parroquia de A Estrada.

O libro ten un gran valor histórico xa que dá novas dos enxeñosos oficios orixinais (buleiros [vendedores da Bula], borreiros [extracción da mel dos cortizos], carabineiros, maragatos, cegos) que na actualidade foron substituídos por outros modernos tirados da televisión.

Neira Vilas, nado en Gres, concello de As Cruces, no seu coñecido libro *Memorias dun neno labrego* (Bos Aires, 1961) pon na boca de Balbino o relato dun Entroido que o rapaz vira dende o seu encerro no val do Ulla. Detrás dos xenerais viñan oito ou dez músicos da banda de Orazo, tocando marchas.



A composición dunha máscara

En toda máscara dos Xenerais hai dúas clases de elementos fixos: personaxes e materiais.


Os personaxes corresponden á tropa, á comparsa e á esmorga. O número da tropa depende das disponibilidades. Poden ir catro correos e oito Xenerais. Como mínimo deben ser dous correos e seis Xenerais.

Os elementos materiais comprenden traxes, arreos e aderezos.



Composición da tropa dacabalo

A tropa está dividida en dous exércitos, un exército invasor e enfronte o exército defensor. Cada exército ten os seus correos e Xenerais.



CORREO PRIMEIRO. - Pertence ao exército atacante. Solicita a entrada nos dominios do correo 2º. Comunica ao xeneral 5º a situación despois do seu parlamento co correo defensor.

CORREO SEGUNDO. - Fai lle fronte ao correo 1º e impídelle o paso. Comeza despois o parlamento. Leva as comunicacións do correo 1º ao Xeneral 6º.

XENERAL 5º. - Fai o seu parlamento detrás dos correos e sostén a contenda verbal co Xeneral 6º. Leva a caixa dos cartos correspondentes aos “vivas”.

XENERAL 3º. - Está baixo as ordes do Xeneral 1º. Ha de loitar contra o Xeneral 4º.



XENERAL 1º. - Representa a autoridade máxima do seu exército. Recita os últimos versos do atranque. Debe posuír voz clara e forte con xeito na declaración.

XENERAIS PARES (6º, 4º e 2º). - Todos do exército defensor, contestarán aos desafíos dos Xenerais invasores correspondentes. Cómpre que toda a tropa saiba ben o seu papel e que posúan pronunciación axeitada.



Tropa a cabalo

Na foto observamos o fermoso conxunto dun correo e varios Xenerais.

A comparsa



Nº 4-6º



Representa a comparsa o conxunto máis completo e heteroxéneo dunha mascarada. Formada por rapaces e mozos que conforman o coro principal encargado das cancións nas que se critican aspectos da vida municipal, autonómica ou veciñal. Como queira que unha mascarada, nestes tempos, ha ser subvencionada polo concello, as críticas referentes a política local case sempre resultan “descafeinadas” ou moi encubertas. O director da comparsa leva gorro diferente.



Comparsa

Dentro da comparsa desfila e canta o coro dos vellos composto por unha parella, home e muller disfrazados, que con cancións moi picantes entran nos costumes e vicios da xente nova. Os seus temas preferidos son os relacionados co sexo. Escoitemos un anaco dun cantar de Carnavais da parroquia de Cora, ano 1993:

Temos nós un presidente
Que nos saleu un artista
Viña para arranxar a Xunta
E váisenos de turista.

Marchou de viaxe a Cuba
e botou unha semana
abrazando a Fidel Castro,
¡manda carallo na Habana!

Outra mostra. Esta, dos vellos de Sta. Cristina de Veá, ano 1980:

Estaba o cañeiro traballando
No cuberto de Agustina
Cando tiña un momento libre
Xa ela lle estaba encima.

Cando xa tiña cargado
preparado pra deitar
chegáballe alí Agustina
E xa empezaba a enredar.



A parranda

Representa o grupo máis informal dun Entroido. Nel teñen cabida todos os disfraces e todos os oficios.



Son os oficios o aspecto máis importante da parranda ou esmorga, tanto polo número de participantes coma pola súa variedade e beleza. Desapareceron os antigos oficios representativos dunha sociedade endogámica (o cego, o labrego do arado de pau, a parella do señor e o criado), etc. E atopamos a influencia dos medios de comunicación, en especial a televisión. Personaxes políticos, futbolistas, cantantes, cunha perfecta caracterización desfilan ao son de música ad hoc.



Parranda



A confección e arranxo dos oficios e carrozas é de libre elección e a súa preparación debe de ser secreta, só saberá dela o director do Entroido. Velaí, á esquerda, unha labrega con un traxe confeccionado con follatos de millo, mentres a dereita ollamos ás leiteiras con traxes elaborados con cartóns de leite. O arranxo das carrozas supón a intervención e solidariedade de toda a aldea ou parroquia.

Forma parte obrigada da esmorga unha charanga, composta por un número variable de músicos, sen rexeitar nunca aos afeccionados que se queiran agregar. Non é obrigado uniforme, malia que os atopamos algunhas veces. Tamén se adoita a actuación de gaiteiros.

Os traxes

Os traxes, como acabamos de comprobar, son o elemento máis vistoso dun Entroido. Son eles, coa súa policromía e galanura os que lle dan a esta manifestación popular un aire de festa singular, fermosa, distinta das demais.



Traxe correo e gorro



Distinguimos dúas clases de traxes: os de obrigada tradición, ou sexa os da tropa, e os de libre elección segundo os gustos e motivos que representan. Os traxes dos Xenerais, algúns deles moi antigos e verdadeiras xoias pola súa coidada elaboración, son coidados con esmero polos seus donos. A mesma



comisión parroquial se encarga de apartar unha cantidade da recadación para a renovación do vestiario. Cada traxe leva os adornos e enfeites que lle corresponde segundo a tradición. Vexamos algún exemplo:

Correo 1º. - Chaqueta vermella con gorreta, colares e cadeas. Pantalón negro e botas.

Correo 2º. - O mesmo que o correo primeiro pero con adornos diferentes.



Traxes xenerais

Xenerais 1º e 2º. Chaqueta moura con charreteiras, medallas, borlas, faixa e banda coas cores da bandeira española ou a galega, ou as dúas. Gorro con moitas plumas de pavo e plumeiros de cores. Estes dous traxes son unha mostra da riqueza da vestimenta da tropa.

Traxes dos outros xenerais. - Chaqueta igual á do 1º Xeneral, pero sen faixa e sen banda. No gorro menos plumeiros.



O traxe dun xeneral visto de costas segue a mostrarnos esa coidada elaboración.



Traxes dos oficios. - Axústanse aos oficios que representan. A confección é laboriosa e atopamos traballos de verdadeira artesanía.

Traxes do coro. - Polo xeral o coro vai vestido co traxe rexional. Algunhas veces tamén se ven antigos mantóns de Manila.

Traxe do director do coro. Chaquetilla vermella con gorreta e cintas de cores. Loce a correspondente batuta.



Arreos

Complemento importante para un fermoso desfile do Entroido son os arreos que levan os cabalos.



Peito petral

Cómpre que todos os cabalos participantes leven os correspondentes arreos e que sexan fermosos e de boa calidade, cadeira, retranca, estribos, esporas, *pécho petral* e cabezadas con bocado. Amais destes elementos esenciais levarán, segundo a graduación do xinete, outros complementarios. Así os cabalos dos xenerais levan unha manta de moitas cores, as coñecidas “americanas”. Os cabalos dos correos acostuman levar un timbre ou, noutras casos, un colar de axóuxeres na cabeza. O cabalo dos xenerais primeiros adornan a súa testa cun espello entre plumeiros.

Moitos destes arreos son verdadeiras xoias. Hainos ben traballados en prata, case todos eles chegados da emigración, en especial da Arxentina, segundo contan os mesmos propietarios.

Aderezos

Son os aderezos compañeiros inseparables dos traxes e un complemento obrigado para un meirande lucimento do Entroido. Estes adornos ou son patrimonio dos donos que os locen, herdados e moi coidados. O seu valor intrínseco é, moitas das veces moi escaso, se ben é certo que nas mozas olla-



mos belidas crucetas e pendentes que son verdadeiras xoias pola súa antigüidade e valor artístico. Todas teñen un valor afectivo pois abofé que varias xeracións luciron estes aderezos.

Capítulo aparte merecen as medallas que locen nas chaquetas da tropa. “*Un bo xeneral sen medallas non vale un can*”. Medallas de moi distintas procedencias, pero unha grande parte delas traídas de Arxentina, segundo se reconece polas lendas das mesmas:

- Agrupación Nacional de Tiro, Buenos Aires, 1884.
- Barracas y fiestas de Palermo, Buenos Aires, 1904.
- Aniversario de B. Mitre, Buenos Aires, 1912.

Algunhas lembran datas do exército español:

- Compañía de Infantería de Melilla.
- Regimiento de Artillería nº 68. Valladolid.

Tamén atopamos medallóns de santos, moedas antigas arxentinas enmarcadas, medallas de competicións deportivas e un longo etcétera.



As mozas locen colares de moitas cores, cadeas con medallóns, pulseiras de bixutería, abelorios a esgalla.



Corre-lo entroido

O primeiro cometido dunha *maskarada* é a presentación oficial da mesma en cada unha das aldeas que compoñen a parroquia. O Entroido pertence a todos e con este acto afírmase a personalidade da entidade parroquial.



Dun lugar, xa determinado de antemán e anunciado polos foguetes, sae a comitiva do Entroido a percorrer todos os casais que compoñen a veciñanza.

Abre a marcha o abandeirado, coa bandeira despregada, seguen detrás os correos; logo os xenerais, os coros e a parranda ou esmorga. Nas eiras dos veciños xúntase toda a comitiva. Canta a comparsa. A charanga executa as mellores pezas do repertorio. Bébese viño, con algún doce, agasallo do anfitrión e... prégase o aguinaldo. Logo chega o intre dos vivas, sempre coa fórmula establecida e pregoada polo correo primeiro:

-¡Oído, señores! ¡Digan todos a mi voz! ¡Viva don Fulano de Tal y toda su familia...!

Todos corean:

-¡Vivaaa!

O correo volve de novo:



-¡*Vivan las personas de su mayor aprecio!*

Respostan todos:

-¡*Vivaaa!*

Hai logo un *viva* xeral:

-¡*Viva la gente que nos mira y arrodea!*

Todos:

-¡*Vivaaa!*

-¡*Viva la música y siga!*

-¡*Vivaaa!*

Cando no seu percorrido a comitiva atopa no camiño algunha persoa influínte e allea á parroquia, axiña saben do nome, profesión e enderezo para, mediante *o viva*, pedirlle unha esmola en cartos. O correo, agora pregoa a fórmula seguinte:

-¡*Atención, hombres a mi mando, digan todos a mi voz: ¡Viva don Fulano de Tal, de tal oficio, natural de..., y vecino de...!*

A comitiva contesta:

-¡*Vivaaa!*

O Xeneral intendente máis próximo achégase ó victoreado e pon ó seu alcance a caixa dos cartos. Se a axuda foi boa, hai outro *¡viva la gente de su mayor aprecio!*



Unha vez percorrida toda a parroquia, sen deixar ningún casal sen visitar pois “*para o Entroido non hai loito*” veñen para o campo da festa e faise o encontro.



No campo da festa estouran as bombas anunciando o acontecemento e chamando ós remolóns. A xente fai un corro ao redor. Os cabalos mestúranse coa xente mentres na improvisada taberna da comisión corre o viño, coméntanse as andainas da comitiva e en todos os beizos amosa un sorriso.

No palco a parella de *vellos* vai debullando as súas palabras encol de coñecidos amores prohibidos. Logo actúa a comparsa cos seus cánticos de crítica que son agasallados con fortes aplausos.





E chega o intre supremo, a hora do verdadeiro *encuentro*. O correo do exército defensor comeza o seu parlamento para lle impedir a entrada ó exército invasor.

*No venga con tanta furia
porque tenga esa gorreta
¿será acaso extraterrestre
llegado de otro planeta?*

Correo 1º: *Soy valiente y decidido
experto lobo de mar
se nos presentan problemas
y los quiero solucionar.*



Como as cousas non se arranxan, os correos pedirán axuda ós xenerais respectivos. A dialéctica irá subindo de ton, as verbas son, cada vez, máis aldraxantes e duras e, por último, serán os primeiros xenerais chamados a desfacer as rivalidades. Non é posible un arranxo e, polo tanto, a resolución da cuestión aprázase ata o próximo ano. Entón, os primeiros xenerais chocarán as espadas e lanzarán os consabidos “¡viva nuestra unión!” Os aplausos duran un bo anaco e a xente, satisfeita, segue na festa para gozar das últimas cancións.



Así remata o Entroido, preparado nas longas noites de invernía, agardando con ilusión o do novo ano.

Polos testemuños escritos, compróbase que no Entroido dos Xenerais do Ulla empréganse as dúas linguas: o castelán (*castrapo*) está presente sempre nos parlamentos da tropa, correos e xenerais. Noutros tempos, os cantares do coro e dos vellos podían ser en galego ou en castelán. Na actualidade, para as cancións utilízase, polo xeral, o galego.

A lingua

As razóns do uso do castelán por parte da tropa obedece ó mal entendido maior prestixio da lingua castelá. As nosas xentes labregas non concibían que un Xeneral puidese falar galego.



A lingua

As cancións do coro pertencían ás antigas cancións de espadelas e fiadeiros que se mesturaban con outras de moda.



Temas

O tema dos encontros dos xenerais da Ulla son sempre de carácter belicoso como corresponde ó que entendeu o mundo rural do labor dos exércitos. Estas loitas podían referirse a anacos da historia de distintos pobos, conta-da polo poeta ao seu xeito. Outras veces, a loita consistía en simulacros de pendencias ou liortas parroquiais. Por estas razóns atopamos, tamén, incongruencias históricas dos personaxes:

Rey español:

*Soy el príncipe Hiro-Hito
al mando de mi gente.
Soy el príncipe heredero
Del imperio del sol naciente.*

Rei Moro:

*Aquí tienes a Declin
Rei de la morería
que viene dominando
las tropas españolas
hasta desterrarlas de Melilla.*

A rima

Na comosición dos versos non se atopa unha regra determinada. Non obstante, case sempre, nunha maioría dos “encuentros” son cuartetos octosílabos con rima no segundo e cuarto verso, pois, segundo os Xenerais son os que mellor se adaptan para a súa entoación.

Un exemplo:

Correo 2º:

*Despacio, valiente jinete,
Frene su rauda carrera
Ya está usted llegando
A la linea de frontera.*

Correo 1º:

*No seas ingenuo compañero
ya no hai en Vea frontera,
ésta es una mala pista
debiendo ser carretera..*

Encontramos tamén estrofas de seis versos cando así o require o contexto. O poeta encargado de facer versos e coplas ha ser un veciño “algo leído” que non cobrará o seu traballo.



A cociña no entroido

Vivimos novos tempos. Xa os cregos non venden Bulas, xa as vixilias só quedan nas conciencias das avoas, mentres a xente nova nin quere, nin sabe de tales andrómenas.

Os carnavaís van parellos cos abondosos xantares da carne de porco, das filloas, orellas e flores.

Son: o domingo, luns e martes cando a pota ferve a cachón para cocer a cacheira, o pernil, a galiña, os chourizos e os grelos. Xantar forte que fai correr o viño e suar aos gallofeiros. Na sobremesa recórdanse anteriores mascaradas mentres a dona reparte cuncas de café coa correspondente augardente. Chega o momento de subir para o leito aos picariños. Nas súas cacholas existe un afervorado desexo de seren maiores para poder actuar de Xenerais.

E os Xenerais do Ulla deste ano saen polo foro co desexo:

-¡¡ Viva la gente que nos escucha, mira e arrodea!!

¡Grazas!

O son do Antroido tradicional galego

Pablo Carpintero Arias

Transcrición da conferencia dada por Pablo Carpintero no marco das
"II Xornadas sobre o Entroido de Galiza"



Para min, o Antroido, sempre pensei que era unha cousa moi primitiva. A min sempre me rascou moito iso que dicía que era a oposición a Coáresma. Ten que ser moito máis antigo. Para min o Antroido é o tempo da tolemia, é dicir, no Antroido hai persoas que se visten como se fosen animais, que é o máis frecuente nos Antroidos rurais. Cando unha persoa ponse tola, dise, pórtase como un animal.

O Antroido é o tempo da tolemia. Se algún de vós participou nalgún Antroido tradicional, é o tempo da tolemia, ben se dá conta un diso. Ademais esa tolemia dálle forza a un, se algunha vez vos enmascarastes, dádevos conta de que de repente hai unha especie de forza dentro de un, que lle permite meterse con xente coa que normalmente non se metería, entrar nunha casa a roubar cousas a un veciño, facer todo tipo de trasnadas. Ben, é interesante a experiencia dos Antroidos tradicionais.

O son do Antroido é variado, pois hai moitos sons distintos nos Antroidos galegos. Por un lado hai sons e, por outro hai música. Para os galegos son cousas diferentes o son e a música. O ruído é ruído e a música ten que ter melodía sempre, porque senón non hai música. Iso é o concepto que temos os galegos diso.



No Antroido de Xinzo aparece unha máscara que todos coñecedes, e que é moi curiosa. Levan campás no cinto. As campás no cinto están en case todas as máscaras galegas, ben sexa na versión de “choca”, “choca grande”. Por qué?, eu penso que é unha tolemia do Antroido, no Antroido dáse a inversión, os homes disfrázanse de bestas, e o típico das bestas é pendurar unha campaniña, e non ten máis, digo eu. Será por iso, e porque aportan un ruído inmenso. Estas “pantallas” de Xinzo non é que fagan moito barullo coas campaiñas, fano sobre todo con esas vinchas que levan.

Respecto das vinchas, en canto reparei nelas, andiven furgando por aí, nos libros, para saber porque usaban esas vinchas que fan ruído, e polo tanto como fan ruído, para min son un instrumento musical. Escribín algo delas no libro dos instrumentos, que volo podo ler, porque a min paréceme interesante, porque de algunha forma conecta isto coas procesións do Corpus. Sempre é interesante ver que estas máscaras non sempre están no Antroido. Se forades a Portugal, a Tras os Montes, veríades que hai máscaras de Antroido que participan na Pascua, en Corpus, ou sexa, non está claro isto das máscaras que estean exactamente ligadas ao Antroido, *bueno*, que no Antroido hai máscaras?, seguro, pero *bueno*, hai de todo.



As mais coñecidas son, sen dúbida, as que levan nas mans as “pantallas” de Xinzo de Limia. Fábrícanse curtindo no fume vinchas de vaca cheas de aire. As “pantallas” levan unha en cada man, e mentres corren polas rúas báteñas entre si con forza para producir un característico son que transmite e



produce, sen dúbida, unha forte emoción, e forma parte indispensable destas máscaras de Antroido. No obstante, o costume de levar estas vinchas non é exclusivo das “pantallas”. Moncho Marín comenta que na zona de Vilagarcía tamén se usaban, e Julio González Montañés, falando da celebración do Corpo de Deus en Pontevedra, relata como a “Tarasca” ou “Coca” era moi popular xunto cos “xigantóns” e os “centulos” ou “choqueiros”, nos que o autor olla unha lembranza de personaxes das farsas romanas e dos xogres “zaharrones”-(zaharrones, xa vedes que é un antecesor do “cigarrón”). A vestimenta dos “choqueiros” no 1658 era de cores, as franxas negras e amarelas, portaban “su palo con tres vejigas de vaca hinchadas” e levaban chocas colgando para facer ruído, gozando do dereito de burlarse da xente, especialmente dos tendeiros, e de tomar mercadurías das súas cestas.



Ou sexa, que dalgún xeito estas vinchas están relacionadas con personaxes do Corpo de Deus. Teño outra cita importante eiquí, que é de Salazar. Salazar sabía moito de moitas cousas e tamén acerca desto das chocas, dos axóuxeres, de todo isto que se poñen. E tamén das vinchas.

Finalmente añadiremos aquí que si este curioso artefacto simbólico es una muestra postrera de la persistencia de hechuras paganas típicas, como el “tirso” de los “coribantes” de Dionisos.

O “tirso” era un pau coas vexigas nun extremo.



Más tarde, ou por entónces, la insignia se convirtió en unas vejigas de buey hinchadas de aire. Esta vejiga corresponde a los vocablos “bufo”, “bufón” – aparecer como buey- como el sapo de la fábula, llamado “bufo”, “bufóns” en latín. Los bufones del teatro griego ahuecaban la voz y se rellenaban de trapos, o exhibían un abdomen muy dilatado. Es el sentido de la denominación medieval del “fou”, (fol) que procede de “follis”, “folliculus”, globito de vejiga o de cuero. Bufar por soplar o resoplar, se mantiene en castellano, en acepción semejante a la de “follar”, que dió folla y folía en castellano.

Xa vedes que eiqui hai un remexido de todo. O que Salazar quere dicir é que o asunto éste das vexigas se vai moi, moi para atrás.

Tendes eiquí outros antroidos menos coñecidos: os vergalleiros de Sarreaus, o Cabreiro de Muíños, tamén portan chocas nos cintos. Védelos aí. É unha pena que sempre... muitas veces estamos falando dos mesmos Antroidos cando hai outros. Pois non sei se fostes ver o rei de Melón ou o meco das Teixugueiras ou...? Eu que sei! Hai antroidos fabulosos por aí adiante, non sempre Xinzo, Laza, Verín e os xenerais da Ulla... *Bueno*, ídeos ver que merece a pena. Chocas, enmascarados, moitos deles levan caretas que representan animais, senón a careta é o propio animal. Non sempre Xinzo, Laza, Verín, Xenerais do Ulla.

Se queredes dar para atrás no tempo, hai unha pintura rupestre de hai 25.000 anos onde aparece unha persoa enmascarada, xa con pel dun animal. Dalgún xeito ésa é a forma de coller a forza do animal, nas culturas estas totémicas.

Os “Felos” de Maceda, como outras máscaras como os “Cigarróns”, levan unhas enormes chocas. Estas chocas moitas veces, como todas as cousas que forman parte da vestimenta do Antroido, teñen un certo, ou sen certo, aire ritual, é dicir, son valoradísimas. Unha choca destas en Vilariño de Couso, por exemplo, no que o badal é un corno de cabra pedironme 700 euros non hai pouco. 700 euros é unha barbaridade para unha choca feita de cobre. O caso é que as valoran moito. O sentido de pór estas chocas, xa volo digo, é



simplemente facer ruido e asustar. A min as caretas estas dos “cigarróns” asustanme moito, porque ese sorriso que teñen arrepiá, cando lle veñen a zoscar a un.

No Antroido unha cousa son as máscaras, que digamos é o sentido ritual, e estes instrumentos de música, o fin e o cabo, as chocas que vos estou explicando forman parte dese ritual. E outra cousa é a música en si mesma, que poucas veces forma parte do ritual. É dicir, no Antroido hai música, pero hai música para animar, para animar as rúas, para animar a xente, pero a maior parte das veces os propios músicos non forman parte exactamente do Antroido, senón que, de algún xeito, o acompañan.



No caso de Castro de Laza o gaiteiro —que neste caso era Paco de Escornabois, que xa morreu o pobre— leveba indo dende os 16 anos ou así, ata que morreu aos oitenta e tantos, e todos os anos ía tocar. Paco acompañaba o Antroido en todas as fases. É dicir, empezaba o Antroido de noite na taberna, todos borrachísimos, deitándose uns arriba dos outros. Ata esto que fan en Castro de Laza, que para min é loucura total, cando collen os trapos aqueles naquela porquería toda da rúa, chea de auga, empezan a ostias uns cos outros co trapo, e o Paco tocando a gaita no balcón dunha casa animando o asunto aquel, a xente totalmente entolecida. Ou botan uns sacos de fariña no chan e revolvense nela, un espectáculo, miradeo porque non ten desperdicio.



Entonces a música actúa aí un pouco como actúa o resto do ano, acompañando, pero non forma parte do que é exactamente o ritual. O que é ritual exacto do Antroido son pois as máscaras.

O “volante” da Ribeira Sacra. Son un grupo no que só un deles leva pucho, os outros “volantes” só levan o cinto de campás e a cara descuberta ou a levan cunha máscara de cartón. Estes cintos pesan enormemente e son moitas campás. Estas campás recollense de casa en casa, ou sexa, cada veciño ten unha campá e non a solta por nada do mundo, deixana para o Antroido. Esta xente leva dúas reas de campás, unhas machos arriba, outras femias abaixo, e son distintas. Diferencianse perfectamente polo son, e son moi apreciadas tamén. Por iso dígovos que o rito entra moito dentro disto. Tras dos “volantes” vai unha charanga, a música outra vez. Forma parte do Antroido Ribeirao, pero como acompañante. Neste caso a música sinala cando entran as máscaras principais e fai un interludio antes dos oficios. Os oficios da Ribeira Sacra tamén son unha tolemia. Por exemplo, eu lembro de pequeno ver o oficio e de repente unha bomba de palenque ,desas con dous quilos de pólvora, cunha pita enganchada, ¡¡ el astronauta, el astronauta!!!!e boooooom, a pita toda desfeita polo aire, e cousas peores que nin vos conto. Podédelo ir ver a Santiago de Arriba, é o único sitio da Ribeira Sacra onde se fai na actualidade.

Máis música nos Antroidos. Os “boteiros” de Viana. O “boteiro”, que é unha figura bastante recenté por certo, porque no libro “A aldea gallega” de Nicolás Tenorio non se nomean. El foi xuíz ou algo así alí, nas montañas orientais, describe a vida dos aldeáns tal cual, cunhas cousas que son flipantes. Aí non cita aos “boteiros”, cita outras máscaras, pero aos “boteiros” non. Ou sexa que isto debe ser un pouco máis recenté, o libro é de finais do XIX. Os “boteiros” tamén levan campás e por suposto fan ruído e asustan a xente. Dan brincos apoiados nun pau e detrás levan o “folión”. Os “folións” de toda esta zona de Manzaneda, de Trives, de Vilariño de Couso, están compostos por vecinos, fálovos do “folión” antigo, o de agora ten unha certa evolución. Son uns enormes tambores tocados polos vecinos. Son tambores e tócanse con dúas mazas, tócanse enriba da mesma pel, e levan bordóns polo outro



lado, non son bombos, son tambores. Facíanse do tronco dun castiñeiro enorme. O tronco valeirábase, é o xeito antigo de facer tambores. Isto non é nada estrano, pero dígoo polas dimensións do tambor. Ten de estrano atopar un castiñeiro enorme, ir a cortar, valeiralo por dentro e montar o tambor.

Éstes “folións” acompañábanse tamén de sachos, gadañas, cousas que fan ruidos agudos, e a xente ía batendo neles con marteliños e detrás ían as señoras que ían cantando as coplas. Nalgún “folión” levábase un gaitero diante, pero era moi, moi raro. Só documentei un na propia Viana, e moi antigamente, e cunha melodía especial para ir andando. O resto, o que levan os “folións”, é un toque característico. Cada parroquia ten o seu “folión”, ou tiña, ou se o pode montar móntao, e ten o seu toque diferente das outras parroquias.



Antes falábamos do “Antroido do Ulla”, da significación da parroquia. A parroquia seguramente ten sentido coa organización que había eiqui castrexa, un área limitada na que a xente convive máis cercanamente e enfróntase coa da outra. Porque os humanos somos así, non ten nada de estrano, eu vou pelexar cos que non son coma a min, se acabou.

Nos “folións” sucede o mesmo que nos “xenerais do Ulla”, hai un reto a parroquia veciña. Entón o “folión” visita a parroquia veciña, pide permiso para entrar, o “folión” entra, ben, isto facíase antigamente, agora non sei si se sigue a facer. Entra e fai o seu toque. Antigamente o toque era bon se



estaba ben feito, hoxe é bon se fai moito ruído, ou sexa, isto cambiou definitivamente. Agora os foliós van coma os portugueses, que os hai tamén —non relacionados co Entroido—, pero os Zés Pereiras, estos do Norte de Portugal, que van a matarse cos bombos e a sangrar e... pfff! botan sangue, literalmente, polas mans cando tocan. Antigamente cando facían o seu toque o asunto era facelo ben, facelo bonito, facelo ben feito. Entón enfrontábanse un“folión” a outro. Primeiro un “folión” facía o seu toque e o da parroquia que o recibía botaba o seu, a ver quen o facía mellor.

O “folión” de Viana. Cada vez son máis grandes algún deles e fan máis ruído. Xa quitaron as dúas mazas, polo que vos digo, porque non importa tocar ben, non, agora é boooooom, boooooom, boooooom, como tolos aí, a desfacerse, que é ao que van. Só levan unha maza e os tambores cada vez medran máis. Eu xa vin un que era tan grande que ía nun carro tirado por un burro. Era tan grande que xa non estaba feito dun castiñeiro valeirado, senón que doblan unha táboa grande.



Hai tamén “folións, como o de Mormentelos, que teñen unha pequena danza. Ás máscaras, que lles chaman de Mormentelos, sígueas o “folión” e as máscaras bailan a ese ritmo, botan e fan unha especie de círculo e rebotan. O de Mormentelos é moi curioso. Van as máscaras bailando co folión e os tambores, pero diante de todos eles van algún tocando bucinas ou cornetas. A min isto sempre me fixo lembrar aos exércitos medievais. Nos exércitos



medievais veu unha moda coas cruzadas, imitada dos exércitos árabes que levaban diante trompetas e tambores, sempre atabales e trompetas, porque había que meter medo ao inimigo, un bo “folión” mete medo. Entón o de Mormentelos a min semre me lembrou un exército medieval, porque realmente levan os seus tambores e as trompetas éstas facendo o seu ruído. É un caso único en Galicia que representa dese xeito, para min, a un exército. Agora que isto é unha elucubración miña, non vaiades a pensar, o feito é ese, agora a interpretación.....cada un a que pode.



Falábase de que os “xenerais da Ulla” levaban unha charanga. Nós, cando estivemos facendo a investigación sobre a requinta do Ulla —unha frauta traveseira que hai alí, que só existe alí e acompañaba as gaitas—, indagamos tamén sobre a participación das requintas no Antroido, e descubrimos que bastante antigamente, no que era o Antroido dos Xenerais, había sempre un coro de vellos e outro de novos. O coro dos vellos é o que leva a comparsa de música, pois aí integrábase un grupo de requinteiros, antes de que houbera bandas de música, charangas e todo iso. Un grupo de requinteiros, que non era un grupo normal, porque un grupo de requinteiros normal son dúas requintas, unha gaita normalmente, ou dúas, e unha caixa e un bombo, iso é un grupo, iso é un grupo de requinteiros, tamén chamado requinta a súa vez. Pero no tempo do Antroido, no coro dos vellos, as requintas ían precedidas por este grupo, e isto é unha comparsa de charrascos. O charrasco é un instrumento moi, moi raro e curioso. É un pau longo que é como unha



cruz de Caravaca, leva uns travesaños arriba. Neses travesaños van insertas unhas ferreñas. Entón bátese con el no chan, e fai: clas, clas, clas, clas, clas. Non ten nada máis. Despois, nos anos cuarenta e cincuenta, engadiuselle ao charrasco un arame e un serrón de madeira, de forma que se podía facer: clas, clas, clas, rrrrrrr, rrrrrrr, rrrrrrr, simplemente. Pois no grupo dos vellos ía un grupo de requinteiros, dúas requintas, dúas gaitas, un tambor e un bombo, e un grupo de charrascos enmascarados. Diante de todo iso ían 5 ou 6 persoas vestidas de vellas cunhas vasoiras enormes, barrendo ao paso da comparsa, ou sexa, unha especie de ritual. O charrasco é un instrumento ritual seguro, porque só saía no Antroido e nas cantarelas de Nadal.

Nas cantarelas de Nadal era a mesma estrutura; as vellas diante barrendo, detrás os charrascos e despois as requintas. Entraban nas casas barrendo as eirás, como lle chamaban eles, e cantaban. No Antroido é igual, van barrendo, van barrendo e tocando acompañando as máscaras. Os requinteiros ían disfrazados como o resto.

Hai máis Antroidos nos que participa a música. En Vilaboa hai unha danza branca que non sei moi ben como acabou dentro do Antroido, o caso é que acabou dentro del. Estes sí que levan o seu acompañamento de música. O Antroido de Cobres, en Vilaboa, Pontevedra, ten varios compoñentes. Ten as “madamas”, os “galáns”, ten os de branco que non levan puchos. Despois ten unha comparsa de músicos que tocan un repertorio que ensaian todos os anos. Sempre hai un fixo que é a danza de Antroido, que é unha xota que todos coñecedes, e despois ensaian cada ano, ou ensaiaban, unha muiñeira, outra xota, pasodobres, cousas así para poder bailar. A finalidade do Antroido era recaudatoria, por suposto. Ían percorrendo as casas da aldea. Alí fan un número, un baile, despois piden cartos ou, sobre todo antigamente, comida.

E eiqui remato a exposición, porque eu non sei nada máis de música e de sons dentro do noso Antroido.

Fotografía: Pedro G. Losada

D. Francisco Añel, o Xastre de Castro de Laza. In memoriam

Miguel Losada García



Cando o día 8 de xaneiro deste ano de 2014 faleceu, ós 81 anos de idade, D. Francisco Añel Alonso, máis coñecido como O Xastre de Castro, pechouse unha etapa decisiva na conformación do entroido galego. A actividade do Xastre influíu dun xeito decisivo no decurso do entroido do val do Támega e tamén no rumbo do entroido galego en xeral.

Estaba casado con D^a Encarnación Fraguas e o pasamento do señor Añel é tan significativo polo cese mesmo da actividade creadora do Xastre, como pola disolución do binomio esencial que integraron, el e máis D.^a Encarna, durante cincuenta e seis anos.

Efectivamente á figura del non pode ser entendida sen a presenza *catalítica* da súa dona, en tanto que personaxe ó redor do cal eran posibles as circunstancias nas que o talento do señor Añel puido cristalizar nunha obra que xa en vida do artista foi recoñecida publicamente como un feito transcendente. Esta pequena homenaxe vaise estruturar en tres actos que denominaremos: *O prodixio*, *O caso* e *O cometa*.



Acto primeiro: O prodixio

Refírese D.^a Encarna que xa de neno o cativo Francisco Añel “non podía estar quieto” (Sic.) dominaba enseguida calquera actividade na que se aplicaba e amosaba non só un virtuosismo nelas senón que semellaba estar movido por unha procura constante da excelencia nos seus resultados. Isto era aplicable ás tarefas agropecuarias propias da comunidade labrega na que se desenvolveron os primeiros anos e tamén a calquera outra actividade cara a cal se orientase en cada intre.

Situados hoxe e por un intre imaxinario dentro do rueiro de Castro de Laza, a finais dos anos trinta e primeiros dos corenta do pasado século e segundo os relatos que puidemos recoller, atopamos ó cativo Francisco fedellando de cotío con toda caste de trebellos e apértechos.

Dende moi novo comezou a construír xoguetes tanto para el mesmo como para outros rapaces. Xoguetes de madeira, ou de materiais vexetais en xeral e tamén outros que eran produto da reciclaxe dos poucos inputs – que diríamos hoxe- que accedían á cerna dunha comunidade esencialmente rural e autárquica.

A produción de humildes máis efectivos instrumentos musicais no foi allea ós intereses do Xastre/neno, o cal entronca directamente cunha caudalosa corrente tradicional galega neste sentido como ten amosado de xeito sobresáinte o colaborador da SAGA Pablo Carpintero.

Francisco Añel foi daquela unha personaxe semellante ó conxunto das presentadas por Eduardo Blanco Amor no seu libro de sete relatos “Os biosbardos”. Os sete nenos protagonistas do volume participan da biografía do señor Añel, de xeito que, se cadra especialmente, por medio do relato de “Bartolomeu e os biosbardos” podémonos aproximar á figura do Xastre na súa infancia.



Acto Segundo: O Caso

Neste segundo *spot* que temos escollido atopamos ó Xastre emigrado a Cataluña. Aló desenvólvese na súa profesión e incorpora novas perspectivas ó seu oficio. O seu excelente desempeño na diáspora permítelle regresar a Castro de Laza e asumir o reto de proporcionar á atávica figura do peliqueiro, que xa existía, as plataformas semánticas que permitan expresar discurso simbólico que era novidoso naquela altura do século pasado. O proceso de sublimación ó que o Xastre somete ó traxe do peliqueiro ou o do cigarrón, permitiron o desenvolvemento dun discurso impulsado de xeito colectivo mediante as encargas realizadas e guiado polo artesán. Desta confluencia a figura do peliqueiro rexurde transmutada nunha icona da cultura galega, e coa vocación de non deixar de selo nunca máis.

Porén, O Xastre, como moitos grandes artistas, non chegou a ser consciente desta consecuencia senón que actuou movido polos seus criterios de calidade e transcendencia.

A súa figura fíxose así enorme, sendo recoñecido como un *mestre*, un referente da plástica galega tanto na súa bisbarra como mais aló. Foi o primeiro que procurou telas e accesorios de primeira calidade nas mellores mercerías de Madrid, as mesmas que visten ós cardeais, os xenerais... deseño e fabricou ferramentas específicas e pensou procedementos que melloran o resultado final. Resaltou os méritos dos traballos alleos, antes que os defectos de corte cosido ou cativeza de materiais.

Decidiu aprender a tocar a gaita e fabricou un tamboril para que Encarna fora a súa tamborileira. Aquela casa era unha festa.

Neste sentido e de xeito póstumo, compre destacar que cando no mes de agosto deste ano catorce fique inaugurada a exposición sobre o entroido europeo no MuCEM, Museo das civilización de Europa e do Mediterráneo sito en Marsella, Francia, serán os traxes do Xastre os que ilustren a fachada do gran edificio xa que así foron propostos pola SAGA e escollidos pola



institución francesa.

Acto terceiro: O cometa

O xastre viviu, certamente, unha vida digna de ser vivida.

Nos derradeiro anos da súa vida, esta foise esvaecendo de xeito tamén extraordinario. Efectivamente e coma se fose un cometa, alumeou se cadra inda máis do que xa fixera e despois foise desfacendo en xenerosidade, ás veces mal correspondida.

Regalou os seus patróns, fundamentais para cortar as pezas do traxe e fundamentais na creación de obradoiros locais para este tema. Regalou a calquera que quixo aprender canda el, os coñecementos necesarios para comezar a facer estes traxes. Asesorou ós veciños e colectivos varios doutras zonas cando estiveron interesados nas técnicas de xastrería necesarias para confeccionar traxes simbolicamente equivalentes ós que el producía en Castro de Laza. Finalmente mesmo foi regalando as ferramentas e outros obxectos do seu obradoiro que foi tamén fiadeiro, local social e casa aberta. Por último foise desprendendo das lembranzas, os intres pasados, as viaxes, os nomes dos amigos e clientes, as súas caras, os recordos.

Francisco Añel Alonso, O Xastre de Castro, foi un creador, un pioneiro e transformador da imaxe do peliqueiro, respectando sempre a súa esencia. Foi tamén un creador de opinión ó respecto desta figura senlleira da cultura de Galicia. A súa memoria é patrimonio de todos os galegos, un capital comunal que compre destacar e ampliar seguindo o camiño que o señor Añel deixou marcado para quen queira seguilo.



Pequena Lembranza de Paco O Xastre

Félix Castro Vicente



Este ano o entroido no val do Támega vai ser especial, será difícil esquecer. O pasado día 8 de xaneiro foisenos Francisco Añel Alonso, coñecido por todos como Paco “o Xastre”, personaxe fundamental do entroido da Comarca de Verín, e pódese dicir sen ningunha dúbida do carnaval galego e da península ibérica.¹

Natural de Castro de Laza, naceu un 19 de febreiro de 1932, os seus pais eran Ricardo Añel Gómez e Josefa Alonso Fernández. Pertencía a unha estirpe de xastres, xa que o seu pai e o seu avó eran xastres. O seu avó José Añel xa rexentaba a principios de século a “Sastrería Añel” en Castro, nas épocas como dicía Paco en que nin había máquinas de coser. Aprendeu con

¹ Este texto non pretende ser máis que unha pequena lembranza en homenaxe a Francisco Añel Alonso, máis coñecido como “Paco o Xastre”, que nos deixou a principios deste ano 2014. A miña muller, María Aguiar, é de Castro, e eu coñecín a Paco o Xastre fai dezasete anos xunto co outro famoso Paco do Entroido de Castro, o gaiteiro Paco de Escornabois (Francisco Villarino Ojea) que tocou durante máis de corenta anos no carnaval e do que eu tanto aprendín. O texto apunta temas que para non afastarnos do cometido do texto converterémolos en anotacións a pé de páxina. Aínda que nesta lembranza falaremos case todo o tempo dos Peliqueiros case todas as referencias son válidas e aplicables ao Cigarrón, Paco traballou tanto polo desenvolvemento do Peliqueiro coma do Cigarrón (que para algúns son a mesma figura e para outros non, dependendo da perspectiva) e figuras afíns, sendo moi querido en todo o val do Támega e máis aló.

Salientar xa no principio que en Castro a xente fala do traxe de Peliqueiro, non de disface; os Peliqueiros vístense, non se disfrazan. Moitos curiosos, preocupados polas raíces ou aboengo do costume, sempre lle preguntan á xente de Castro polas orixes do traxe, etc., pero para eles o máis importante é o sentimento, o respecto e a responsabilidade que supón vestilo, e que é unha tradición que se transmite de pais a fillos. Alí o entroido é tan respectado que moita xente lle chamaba, sobre todo antigamente, “o santo entroido”.



eles o oficio, e do seu avó José a confección do traxe de Peliqueiro “porque o seu pai non tiña paciencia para ensinarlle”, xa que o proceso de confección do Peliqueiro é moi laborioso tanto para facelo como para ensinalo. Cando o novo Paco lle preguntaba mentres lle ensinaba o seu avó “de onde viña isto dos piliqueiros”, el dicíalle que eran cousas que xa viñan “dos antepasados”, de moito tempo atrás, non se sabía cando.²



"Estrea do Peliqueiro" en Castro, saída da misa do ano 2010

Paco casa con Encarnación Fraguas Conde en 1954, pouco despois emigran a Barcelona, onde Paco seguiu exercendo de xastre, traballando particularmente dende a súa casa para os talleres de alta costura da cidade condal. Volveren de novo a Castro de Barcelona vintecinco anos despois, arredor do ano 1980, montan o seu propio taller de confección e ao ver a escaseza de traxes de Peliqueiro, o mal estado en que se encontraban os poucos que se empregaban, e a pouca calidade dalgúns que se estaban tentando refacer, Paco e a súa muller decídense a recuperalos a súa confección.

Dende entón comeza a facer traxes, ideando un método e proceso uniforme de elaboración con patróns (en parte herdados da súa familia) para levalo a cabo cuns altos estándares de calidade. Do seu taller de corte e confección de Castro (onde tamén facían por encargo traxes e outras roupas) saíron

² Precisamente o Peliqueiro que existe no Museo Nacional do Traxe de Madrid foi confeccionado por José Añel na época da II República, conseguido a través das xestións dos etnógrafos ourensáns, Xesús Taboada Chivite e Vicente Risco para doalo ao “Museo del Pueblo Español”. Este traxe pertencía a José Amado Penín, de Vilameá, avó da historiadora Nieves Amado Rolán,



durante trinta anos máis dun cento de traxes de Peliqueiros e Cigarróns que inzaron con orgullo o entroido da comarca.

Neste traballo de recuperación do traxe tamén ten gran importancia como dixemos a súa muller Encarnación xa que xunto con outras mulleres de Castro, vólvense a ocupar da confección de partes do traxe tal e como facían as mulleres da aldea antigamente, en concreto determinados elementos do pantalón coma as lás e os pondós.³

Non imos explicar en detalle as características e partes do Peliqueiro.⁴ Componse basicamente de máscara (feita de madeira, con mitra de chapa pintada por artistas locais, pelica e rabeira con cola de crin de cabalo, chaqueta, pantalón (con lás e pondós feitos a mao⁵), cinto con seis chocas, zamarra (pau con látego de coiro), pano bordado sobre os ombreiros e outros elementos (faixa, camisa branca, garabata, tirantes, medias ligas, e zapatos, broches para suxeitar o pano, etc.). É un traxe moi custoso e laborioso de facer (tárdase aproximadamente tres meses) con materiais variados de moi diversas procedencias. Hoxe o seu prezo está arredor dos 2.000 € (480 € a máscara, 955 € o traxe, ao que habería que engadir o prezo dos outros compoñentes, chocas, cincha, resto da indumentaria –camisa, garabata, zapatos, etc.- que antigamente era tradición que se estreasen-, etc.).

³ A máis salientable por continuar facéndoo Generosa Rivela, formou equipo co Sr. Paco e a súa muller durante máis de trinta anos, reside actualmente en Soutelo Verde, e segue coa labor de confeccionar lás e pondóns por encargo.

⁴ De acordo con Julio Caro Baroja e os seus estudos sobre os carnavais ibéricos (“Análisis histórico-cultural: El Carnaval”, Taurus Ediciones, 3ª. Ed. 1986. Madrid), entraría dentro da categoría de “*máscara mixta de ruidosa y fustigadora*”, por empregar unhas chocas ou chocos cos que fai soar ao correr, e unha zamarra (látego) coa que se golpea á xente. Ten un compoñente ritual importante, que Caro Baroja asocia ás confrarías de xoves. Como ben dicía Miguel Losada na anterior Xornada da SAGA sobre o entroido, semella bastante fortuíta a coincidencia da figura do Peliqueiro co tempo de entroido, tal como se entende como época de cambio de valores, desafío e desenfreno. Por informacións recollidas por senlleiros etnógrafos como Vicente Risco, parece que antigamente puido estar relacionado máis ben cun ciclo máis longo de tempo dentro do fin e principio do ano non circunscrito estritamente aos días de entroido, coma ocorre con traxes rituais doutras zonas da península. Así en Castro a xente comeza a poñer as chocas e correr con elas despois do día de Nadal, hoxe explícanos coma unha preparación física que se fai durante ese tempo para poder correr con elas no carnaval.

⁵ “Lás” chámanlle aos tecidos ou encaixes que se colocan por enriba do pantalón branco, e “pondós” aos pompóns, tanto aos brancos, que nun traxe adulto leva arredor de 120, todos confeccionados a mao, coma aos verdes e vermellos suxeitos no lateral do pantalón.



Sobre a situación do Peliqueiro antes da intervención de Paco, na parroquia de Castro lémbrense que a mediados do s. XX había arredor de sete traxes de Peliqueiros na parroquia, catro en Castro, dous en Soutelo, un en Vilameá, e un en Tamicelas en moi mal estado. Poucos máis traxes había na contorna.



Unha das primeiras imaxes de Peliqueiro que existen, do fotógrafo Máximo Godás de Verín, en Laza a inicios do s. XX (informacións de Xosé Godás) -circulou como postal, rezando Cigarrón de Verín

Os traxes de Peliqueiro de Castro eran tan demandados que se alugaban por horas dende semanas antes do entroido nun radio de máis de vinte kilómetros (dende Rebordechao ata Verín e así aparecen traxes de Castro en moitas fotografías antigas do carnaval da zona). Nos anos sesenta segundo Antonio Rivela podía chegar a pagarse 200 pese-tas por poñelo o día da saída da misa en Castro.⁶ Fora de Castro existían algúns traxes pero moitos eran de feitura moi irregular e amosando unha variabilidade importante en canto a calidades e características.

Os traxes alugados non estaban en principio adaptados ás características físicas de cada persoa que o puña. Hai que ter en conta que naquela época de poucos medios era un luxo pensar en facer un. Necesitábase entre outras

⁶ O domingo de entroido é o día máis importante dende o punto de vista do ritual do traxe de Peliqueiro xa que é momento no que se pon, é a “estrea do pleiqueiro”, á saída da misa. Os Peliqueiros corren diante de toda a comunidade, sometidos á valoración e o detido escrutinio dos veciños, que comentan quen fai un bo ou mal Peliqueiro. Aínda que é un disfraz en principio anónimo e antigamente os Peliqueiros non quitaban a máscara salvo ao entrar nas casas, a xente sacaba quen o vestía nese momento polo aspecto físico, os acenos, ou forma de moverse.



cousas galóns, que procedían das casullas dos vestidos sacerdotais, xarreteiras dos uniformes militares, veludo, realizar borlas e tecer láns, facer a máscara de madeira e latón, pintala, curtir unha pel para a pelica, e crin de cabalo. De xeito que na época previa e durante o carnaval os traxes pasaban de mao en mao nun uso intensivo. Os traxes ían desfacéndose co uso, sobre todo as máscaras. Nos anos setenta, por diversas circunstancias, entre elas o seu estado de conservación e escaso número apenas había traxes de Peliqueiro para vestir.⁷



Peliqueiros de Castro a finais dos 50 - principios dos 60: arriba o "Tío Serxio" e Francisco Rivela Aguiar, e abaixo Antonio Rivela Aguiar. Véxanse os motivos das mitras, un león e outro sen identificar con motivos florais. Á dereita no caso de Antonio, pola súa envergadura apréciase que leva a chaqueta moi aberta; a pucha na cabeza para protexela, e de novo o león na mitra. Fotografías propiedade da familia Rivela Cabanas



⁷ O traxe moitas veces pasaba de persoas inmediatamente sen lavarse sequera nunha época no que as rúas das aldeas non estaban como agora, asfaltadas, e estaban no inverno coa choiva cheas de "bulleiro" barro. Tamén contan como en ocasión os veciños de Castro tiñan que ir buscar os traxes aos lugares onde se alugaran pola demora e reticencia en devolvelos no tempo pactado. Co tempo algún dos traxes, xa bastante deteriorados, foron vendidos fora da parroquia, nos veciños concellos de Sarreaus e Maceda.



Neste momento a principios dos oitenta é cando Paco exerce un papel fundamental na recuperación do traxe de Peliqueiro, cuns datos salientables: Homoxeiniza e estandariza o proceso de confección da máscara e do traxe, usando patróns para labrar a máscara (forma do nariz e dos pómulos, para facer o cavaco, modelo para a chapa da mitra, etc.) e para o traxe (concretamente a chaqueta, para os pantalóns non empregaba patróns xa que os facía a medida). Esta labor fíxoa para facilitar o proceso de confección, incluíndo certas variacións na máscara que non se daban antes en todas elas (dúas fosas nasais, pómulos, dentes rectos e regulares) seguramente cun senso estético.

Varía en comodidade e materiais algúns elementos do traxe: así incorpora á máscara un forro de tela por dentro que cubre toda a cabeza e almofadas para que fagan menor dano (antes a xente puña unha pucha ou boina para non ter a cabeza en contacto directo coa madeira). Suaviza determinados elementos, así as zamarras que antes eran unha simple correa suxeita a un pau substituíunas por unha badana de coiro forrado, acolchado.



Peliqueiros de Castro a inicios dos 80, despois de que Paco comezara a confeccionar traxes de novo. Fotografía propiedade da familia Fraguas

Elementos ou materiais perentorios ou difíciles de obter que complicaban a confección do traxe ou o seu mantementos son substituídos por outros mantendo a súa funcionalidade: así por exemplo as peles curtidas artesanalmente que en seguida podrecían (as de gato e lebre eran as máis típicas⁸) son



substituídas por pel sintética; substitúe as xarreteiras de uniformes militares ante a dificultade de conseguilas por unhas confeccionadas por el mesmo con moi bos resultados.

Co seu bo facer e coñecementos de xastre dálle ao traxe unha grande calidade, tanto en confección, coma en proporcións, combinación de cores e materiais, etc. cunha dimensión estética importante. Toda esta labor durante máis de trinta anos instituírono coma un referente no val do Támega e áreas limítrofes (Maceda, Sarreaus na Limia, Cualedro), convertendo os seus traxes en paradigma do traxe de Peliqueiro e Cigarrón, aceptado pola propia comunidade como exemplo a seguir. Este feito tivo unha grande repercusión nos entroidos da comarca, onde saen hoxe máis de trinta e corenta traxes en grande número, tanto Peliqueiros en Laza como tamén Cigarróns en Verín. Tamén se espallaron os seus traxes por moitos lugares de España e de todo o mundo, os seus traxes chegaron ata Estados Unidos e incluso ano Museo do Entroido de Xapón, como el mesmo comentaba.⁹

Paco era unha persoa paciente, boa e xenerosa, que ensinou a facer traxes a máscaras a canta persoa se achegou a el con interese e a constancia suficiente para aprender o longo proceso da súa confección. Aínda así confeccionou Peliqueiros ata fai ben poucos anos, e ensinou a facelos ata o ano 2011, deixando varias persoas continuadoras do seu traballo en toda a comarca.¹⁰

⁸ O certo é que moitos gatos da aldea sempre desaparecían días antes do entroido porque a xente aproveitábanos para renovar as pelicas das máscaras. Paco sempre conta a anécdota de que el tiña un gato cunha pel moi bonita, atigrada, e que chamuscoulla unhas semanas antes para que ninguén tivera a ocorrencia de matarllo.

⁹ Non coñecemos casos coma neste no que un traxe ritual tan custoso de facer se teña masificado ata o punto de que case en moitas casas da comarca atópanse traxes, aínda que non se vistan, converténdose a imaxe do Peliqueiro ou Cigarrón aínda máis nun sinal identitario tan potente nun territorio.

¹⁰ As últimas alumnas foron María Aguiar e Isabel Rivela de Castro, e xunto con elas tivemos o privilexio de documentar en vídeo e con anotacións o proceso de confección do traxe cando lles ensinou. Era unha marabilla verlle rectificar patróns practicamente sen medir e cortar e coser con total precisión a pesar da súa idade e problemas de saúde. Tamén hai que dicir que Paco, preocupado polo futuro do Peliqueiro, era bastante crítico con todo o que se saíra do que el xulgaba a ortodoxia do traxe tanto en cores a empregar no traxe, coma materiais ou a calidade de acabados, e preocupáballe o futuro do traxe de Peliqueiro.

Xulgamos que co seu labor fundamental hoxe xulgamos que está asegurada a súa pervivencia, sendo máis preocupante quizais o cambio dos usos do traxe, que xa está ocorrendo en determinados ámbitos ao prevalecer o papel identitario fronte á súa funcionalidade ritual, sacando o traxe do seu contexto do ciclo anual, para algúns críticos facéndose un mal uso do mesmo e faltándolle ao respecto co que se debe vestilo, ao poñelo ao servizo doutros intereses.



Como conclusión podemos dicir que era un artista total; grande coñecedor de todo tido de traballos artesáns, aplicounos a cantas cousas fixo, para confeccionar o traxe de Peliqueiro facía todo o necesario, dende ferramentas ata inventar novos procesos de construción (como vimos coas xarreteiras) pero tamén en calquera cousa na que emprendía un proxecto.¹¹ Serio e rigoroso co seu traballo, das súas maos saían traxes perfectos e cun grande sentido estético que os converteron en obras de arte; a el se debe a elegancia e prestancia actual do traxe e máscara de Peliqueiro, convertendo aínda máis ao Peliqueiro en símbolo do Entroido con maiúsculas.

Á maneira dos heroes ou deuses nórdicos e clásicos, a Paco unha enfermidade nunha das súas pernas de cativo impedíalle correr e vestir o Peliqueiro. Elo non lle impediu colaborar co seu esforzo no que máis ilusión tiña que era manter viva a tradición do Peliqueiro, e chegar a ser sen dúbida a persoa que fixo máis pola continuación do Peliqueiro no século XX.¹²



Paco "O Xastre" con Peliqueiras de Castro e varios nenos peliqueiros o martes de entroido de 2011

¹¹ Por ilustralo cunha anécdota, Paco era un grande afeccionado á gaita galega, que incluso aprendeu a tocar indo a clases de Laza. Á súa muller Encarna construíulle un tambor con tensores de cordas e aros de plástico en vez de madeira cunha feitura e un son envexable ao que non se lle apreciaba que era de plástico salvo cun exame detido do instrumento.

¹² Como reflexión final manifestase neste caso o importante papel da axencia individual nos procesos colectivos, onde toda creación cultural está decisivamente influenciada por persoas individuais, polo entorno e experiencia diacrónica, histórica (situación no lugar e no tempo), cultural e mesmo de xénero do seu creador. Como xa teñen posto de manifesto os antropólogos postmodernos que calquera texto, investigación e empresa humana é subxectiva, mediada culturalmente, como non podía ser doutro xeito. Elo non quere dicir que sexan invencións, senón que ao ser aceptados pola comunidade incorpóranse ao acervo cultural colectivo, e que hoxe en día se lle poder dar nome e poñer protagonistas a diversos procesos que fai cen ou douscentos anos acababan converténdose en anónimos.



Finalmente como colofón rematamos cun poema que lle escribiu a súa sobriña-neta Clara Fraguas Rivela recentemente e que foi lido o domingo de entroido do 2014, na saída da misa, na homenaxe que se lle fixo no pobo de Castro.

Paco "O Xastre"

!Peliqueiros!, !Cigarróns!

Este ano moi unidos
polo recordo do Paco
noso veciño querido.

Estamos orgullosos
de vestir este traxe
representando o que somos
recordo do noso Xastre.

Soarán os peliqueiros
como un paxaro salvaxe
pensando no percorrido
pensando na súa viaxe.

Nosas campás soarán
ó remate da misa
pero máis fortes as chocas
lembrando a túa risa.

Doce zamarras ferintes
acompañan no correr
o grande arco da vella
na chaqueta podes ver.

Clara Fraguas Rivela

Agradecementos especiais á familia Rivela Cabanas e Fraguas Rivela polas informacións e documentación gráfica facilitada.

O Entroido Enmascarado: A Vida Vence á Morte

Antonio Reigosa

<http://www.galiciaencantada.com>



Para interpretar o Entroido hai que desenmascaralo, espilo das caretas e dos demais elementos simbólicos que o conforman. Nunca poderemos entender o que significou no pasado nin o que pode significar no presente sen atoparlle un sentido a cada un deses elementos.

O Entroido é a oportunidade que nos damos á volta de cada ano, tanto individual como colectivamente, para a catarse, para liberar emocións e impulsos (a maioría inconscientes), para exteriorizar a carga de opresión que nos traumatiza e reprime.

O Entroido ten o seu tempo e o seu lugar; fóra dese tempo e dese lugar non existe nin sería posible.

O Entroido é, nas súas versións mais tradicionais, a representación dun drama ritual que ten como escenario o espazo público, como actores e actrices protagonistas a xente do común, e como antagonistas todo o que representa poder, sexa político ou relixioso.



O Entroido é un rito que se expresa de forma dramática e que ten innegables vínculos co tempo cósmico. Escenifícase con unha aparente desorde que serve, en realidade, para reafirmar a xerarquía e a orde establecidas. Os recursos expresivos principais son as máscaras, as cores, o ruído, pero tamén o medo, a tolemia, incluso o delirio; e, sobre todo, a risa. A ideoloxía que o inspira é a transgresión e a norma que o regula a inversión.

O escenario do Entroido é o mundo entendido como espazo cultural para as xentes do común, diferenciando iso si, que os humildes festéxano nos rueiros, rúas e prazas, mentres que a burguesía o fai en espazos pechados, protexidos.

No Entroido nada é casual, e menos o tempo elixido; o final do inverno e o comezo da primavera.

O Entroido é o resultado decantado de mesturas, sincretismos e imposicións, como sucede coa súa ubicación temporal actual, suxeita ou condicionada á festa móbil da Igrexa denominada Pascua de Resurrección, festa que como é ben sabido varía cada ano en función da primeira lúa chea posterior ao equinocio de primavera (21 de marzo).

En canto ao calendario, a época do ano en que se acomodou, o momento en que se representa no hemisferio norte coincide co renacer cíclico da vida. E neste tempo cíclico no que se escenifica o “renacemento” participan os dous únicos estados posibles para os seres vivos: A Vida e a Morte.

O Entroido: entre o caos e a re-creación

Desde antigo existe unha relación evidente entre o ciclo vexetativo das plantas e o dos humanos, unha conexión entre a vida vexetal e a vida humana que se manifesta, sobre todo, nos rituais funerarios. A morte representa o caos e a desorde, un punto derradeiro e sen retorno.

Cicerón (Roma, 106-43 a. d. C.), comenta que desde tempos ancestrais exis-



tía o costume de plantar sementes sobre as tumbas. Os banquetes funerarios, prohibidos xa en Grecia e Roma e despois pola Igrexa cristiá, celebrábanse tamén sobre as tumbas.

Hai abundante iconografía e literatura tanto grega como romana onde aparecen mozos e mozas cantando e danzando arredor dos lugares de enterramento dos mortos, o que se interpreta como rito de fertilidade.



Dalgunha maneira, en cada renovación cíclica ou cambio de ano escenifícase a restauración dese “caos primordial”, dese período mítico que, en palabras de Mircea Eliade¹, precede á re-creación.

Para este investigador estas interpretacións xa estaban presentes en case todos os pobos indoeuropeos nos escenarios mítico-rituais de Ano Novo “con todo o seu séquito de máscaras carnavalescas, animais funerarios, sociedades secretas...etc”.

É entón —seguimos a M. Eliade— cando no Xapón ou entre os xermánicos “a última noite do ano está sinalada pola aparición dos animais funerarios, das deusas e deuses chtónico-funerarios; é entón cando se verifican os desfiles de enmascarados das sociedades secretas de homes, cando os mortos visitan aos vivos, e cando se celebran as iniciacións”.

¹ M. Eliade (1980): *El mito del eterno retorno*. Madrid, Alianza Editorial.



O Entroido e os rituais asociados

Como é sabido hai sensibles diferencias entre os investigadores sobre as posibles orixes do Entroido. As grandes liñas teóricas sobre as que xiran os estudos a partir do último cuarto do s. XX podemos agrupalas da seguinte maneira:

- 1.-Rituais de tipo cósmico
- 2.-Rituais de fecundidade e fertilidade
- 3.-Rituais de inversión e transgresión
- 4.-Rituais de ostentación

Rituais de tipo cósmico

O investigador máis relevante desta corrente de pensamento é o francés Claude Gaignebet (1938-2012), quen defende, dito moi resumido, que o Entroido ao situarse no final do inverno e no comezo da primavera é unha festa na que se escenifica unha batalla clave no ciclo anual entre a morte a vida.

Non é casualidade, e non é momento de entrar en particularidades, que se sitúen no santoral ao comezo do mes de febreiro Santa Bríxida (1 de febreiro), A Candelaria ou Purificación da Virxe (2 de febreiro), San Brais (3 de febreiro). Ademais, o día 2 de febreiro era tradicionalmente o da “Saída do Oso” ou “Día do Oso”, sempre e cando coincidise con lúa nova. De non haber aínda lúa nova, de coincidir esta data con lúa chea, o oso debe permanecer na súa cova 40 días máis.

A lúa nova nesta altura do ano indica que chegou a fin do inverno e que comeza a primavera. Primavera que significa “vida”, igual que o inverno significa “morte”. Os rituais do oso (dos que falaremos brevemente máis adiante), están relacionados co inframundo e coas ánimas dos mortos, coa luz e cos lumes purificadores.



Rituais de fecundidade e fertilidade

O Entroido representa o “espírito da abundancia”. Os rituais de fertilidade e fecundidade son esenciais, pois hai que asegurar a reprodución biolóxica animal, vexetal e humana que permanecía adormecida no letargo do inverno. Julio Caro Baroja (1914-1995) é un dos nomes destacados desta corrente de pensamento, e chama a atención sobre a posible orixe do Entroido nas festas do mundo pagán como as Lupercalia, as Saturnalia ou as Matronalia romanas.

Rituais de fecundidade e fertilidade

Mijail Batjin (1895-1975), o investigador ruso que estudou a fondo a risa ritual do mundo medieval, sobre todo a través das obras dedicadas por François Rabelais (1494-1553) a Gargantúa e Pantagruel, é o principal teórico.

O mundo ao revés. Nas festas romanas coma as Saturnalia os servos e escravos eran servidos durante uns poucos días polos amos. O mesmo sucedía nas Matronalia que se celebraban en Roma en honor da deusa Xuno Lucina, cando as mulleres casadas eran agasalladas polos maridos e as escravas polos amos.

Herdeiras destas festas, especialmente das Saturnalia, foron as Festas de Tolos medievais nas que os subalternos da Igrexa (acólitos, nenos de coro...) se revestían de autoridades e parodiaban a liturxia ordinaria: vestían a burros de bispos, parodiábanse as misas...etc

Ademais das festas de inversión de tipo relixioso, primeiro permitidas e logo prohibidas pola propia Igrexa, tamén as houbo de carácter civil nas que se soía elixir como “Rei de burlas” a un tolo con nomes tales como “Rei da Faba” “Rei de porqueiros”, “Rei de pastores”...e outras.

Rituais de ostentación

O francés Jacques Heers (1924- 2013) di que de forma paralela ás comparsas e mascaradas da xente humilde, tamén a burguesía e a nobreza, e incluso a aristocracia, formaban as súas cerimoniais burlescas para divertirse.

Organizaban desfiles e procesións con carruaxes, cos seus estandartes e músicas, parodiando os seus entretementos, xogos e torneos. Non deixaba de ser unha oportunidade para competir, amosando poderío, capacidade económica para grandes gastos e luxos, moitas veces apoiados economicamente polos gobernos das propias cidades.

Este entroido burgués, orixe da maioría dos entroidos actuais, subvencionado e de competición, acadou o máximo esplendor en Florencia, na época de Lorenzo de Médicis (1449-1492) onde o luxo era visible na indumentaria, nos carros decorados por grandes artistas, pois era o mesmo poder o que aproveitaba o Entroido para exaltar e impresionar a veciños e inimigos. Unha oportunidade para a autocomplacencia e para prestixiarse fronte aos demais.

As máscaras

A palabra “máscara” procede do italiano “maschera”, e esta do árabe “*mas-harah*”, que significa “*obxecto de risa*”. Contrariamente ao que se ten afirmado pola súa presenza no teatro grego e romano, a invención das máscara-





ras parece non estar relacionada co teatro (ou polo menos co teatro formal), senón coa necesidade de comer², e coas celebracións relixiosas, coma no antigo Exipto que as usaban para representar a morte e a resurrección do deus Osiris.

A máscara é unha figura que representa un rostro humano, un rostro de animal ou un rostro imaxinario. Non se pode considerar unha caricatura, senón o desexo expreso de ser outro. As máscaras e os seus usos tiveron un significado cambiante ao longo da historia. Os enmascarados, mentres actúan como tales, sitúanse nun plano superior ao humano convencional: poden pegar pero non se lles pode pegar, poden maltratar pero eles son inviolables, poden criticar a todos por igual, sen distincións de ningún tipo. Non se someten temporalmente ás leis convencionais.

As máscaras formaron parte da cultura da humanidade desde sempre e son a esencia e o elemento máis antigo do Entroido

Os usos máis común foron:

- Representar o maldito, o sinistro, o grotesco e o perverso.
- Como obxecto mediador coas forzas invisibles, sobrenaturais e cósmicas.
- Cando as máscaras reproducen animais ou partes de animais crese que axudan a desvelar misterios do universo.
- Acompañaron aos mortos na súa travesía ao inframundo.

As máscaras son consecuencia de crenzas como o *animismo* (todo ser ten espírito ou ánima) e o *totemismo* (culto a un animal considerado devanceiro ou protector do grupo, tribo ou clan). Formaron parte dos elementos imprescindibles (fetiches) para a maxia.

² Hai que supoñer que o home primitivo cando se disfrazaba con peles ou cornamentas e danzaba para atraer ou provocar a caza (como aparece nalgúns covas do Paleolítico do sur de Francia) estaba máis preocupado por comer que por inventar o teatro.



Na actualidade, as máscaras forman parte case exclusivamente das representacións do Entroido, sempre fóra de recintos controlados pola Igrexa, pois teñen expresamente prohibido entrar ou actuar no espazo sagrado. Para a Igrexa travestirse ou enmascarase significa arrebatarlle a Deus a capacidade de crearnos á súa imaxe e semellanza. Por iso, se cadra, cren en Portugal que se un *Careto*, un enmascarado, morrre co disfraz posto, vai dereitiño ao Inferno.

Tipos de Máscaras

No tempo de Entroido podemos atopar máscaras de varios tipos:

- As que imitan animais (totems) e demos (deuses do mundo pagán).
- As que se usan para representar o devir da vida humana: as máscaras dos vellos e vellas
- As que representan a inversión: os travestidos.
- As que representan a transgresión: máscaras de cegos e autoridades.

Ás veces, algúns destes personaxes enmascarados actúan fóra do tempo reservado ao Entroido, sempre en contextos relixiosos, como é o caso do Meco (demo que trata de impedir a participación da xente no acto relixioso) na Ermida, en Quiroga (Lugo) o 8 de setembro, ou o Irrio que participa na procesión dos Remedios de Castro Caldelas, zorregándolles cunha pelica aos asistentes.

A risa popular no entroido

Xa na Grecia antiga, como se deduce da lectura da obra “*O asno de ouro*” de Apuleio (s. II), se representa ritualmente a risa. Xúlgase a Lucio, acusado de matar tres homes que eran, en realidade, 3 odres de viño pois celébrase a festa en honor do “Deus da risa”. Ademais descríbese unha procesión de enmascarados en honor a Isis.

Mijail Bajtin (1895-1975) ao estudar as fontes populares do “Gargantúa e Pantagrúel” de François Rabelais (1494-1553) fai unha serie de reflexións



de grande interese sobre o humor na “cultura cómica popular” da Idade Media e do Renacemento, o que el considera unha singularidade orixinal e oposta ás manifestacións da risa vistas desde a cultura oficial, de ton serio, relixioso e feudal da época.

Bajtin diferencia a risa ritual da risa satírica e afirma que nos tempos primitivos estaba permitido que na mesma cerimonia se celebrase e escarnece-se ao vencedor dunha batalla, ou nun funeral se chorase a ausencia e se ridiculizase ao defunto ao mesmo tempo.



Dentro destas manifestacións da risa na cultura popular medieval considera que tanto as festas de Carnaval (núcleo da cultura popular) como outras festas, sexan de tipo relixioso ou civil, sempre contaban con unha ambientación cómica. En case todas elas participaban xigantes, ananos, monstros, bestas, bufóns e, sobre todo, tontos que se converten en reis ou raíñas do riso, que parodian o “serio”.

Nun sistema de clases como o medieval, sostén Batjin, todas estas manifestacións xeraban durante determinadas datas un “segundo mundo” ou “segunda vida” ao lado do mundo oficial.

No s. XVI e no XVIII era frecuente que dentro das igrexas se practicasen obscenidades increíbles en datas tan sinaldas como o Domingo de



Resurrección ou noutras datas, desde Nadal ata a Semana Santa. Era a chamada Risa Pascual (*Risus Paschalis*) que se practicaba e permitía dentro do que hoxe se consideran espazos sagrados, tanto en igrexas católicas como protestantes, e protagonizadas por xente da Igrexa comezando polos propios cregos. Parodias, palabras subidas de tono, masturbacións, sexo homosexual ..., todo diante dun público entusiasmado.

Para Bajtin isto non acontecía nas civilizacións primitivas pois esa dualidade de mundos, o serio e o cómico, o oficial e o paródico eran complementarios.

O Entroido era na Idade Media a “segunda vida do pobo”. Non é teatro senón a vida real presentada coma se fose un xogo. Non hai escenario, nin distinción entre actores e espectadores. Ao Entroido non se asiste, vívese, pois no seu tempo non hai outra vida. Considera Batjín que o Entroido é un estado peculiar do mundo, de renacemento e renovación, experimentado por todos os individuos que participan inevitablemente nel.

Como nas Saturnalia romanas, que representaban un retorno temporal á idílica Idade de Ouro, unha fuxida provisional da vida ordinaria, tamén o Entroido medieval supón unha forma de vida ideal resucitada.

Para seguir avanzando podemos concluír provisionalmente que o Entroido é unha liberación, a abolición temporal de xerarquías, a experimentación transitoria da igualdade de clases. A risa ritual do Entroido é patrimonio colectivo, e é festiva, nunca satírica, nunca negativa, nunca contra os outros senón cos outros.

No Entroido represéntase a vida, pero “a outra vida”, o que M. Bajtin definiu como unha relixión.

E se o Entroido pode considerarse unha relixión, só pode selo do inverso, do contrario.



A inversión serve para conxurar o medo. O medo á Morte, entendida aquí como morte tanto da Natureza como do propio individuo, e incluso o medo a sentírmonos desamparados por parte dos deuses ou dos que os representan.

O calendario do Entroido

Desde o domingo de Pascua de Resurrección (festa fixada no Concilio de Nicea, 325 d. C.) descóntanse 40 días (algún máis, pois non se contan os domingos) para saber cal vai ser o día principal do Entroido: O Martes Gordo ou Martes de Entroido.

A Pascua coincide coa primeira lúa chea de primavera e o Entroido fárao necesariamente coa última lúa nova do inverno. Unha caurentena que tamén ten, desde o punto de vista simbólico, unha gran influencia cultural

A importancia da lúa e o sol na organización do calendario

O Entroido coincide coa última lúa nova do inverno, e a Pascua, 40 días despois, coa lúa chea. Isto é moi importante para, por exemplo, encadrar as festas do oso que existen por Europa, incluída a galega de Salcedo, na Pobra do Brollón.

Aínda que agora estas festas van asociadas ao calendario de Entroido, convén ter en conta que o oso esperta alí onde manteñen a celebración tradicional o 2 de febreiro. Por tanto, se hai lúa nova (escuridade) comeza simbolicamente a primavera, pero se hai lúa chea (claridade) o oso regresa á oseira e agarda 40 días para volver a saír.

Por outra parte está ben documentada a crenza de que as almas emigran á lua no seu período crecente (lúa nova-lúa chea) e no período mingunte (lúa chea-lúa nova) traslándanse desde a lúa ao Empíreo (ao ceo). Non sería descartable supoñer que se fixase a data da morte de Xesús Cristo no período decrecente da lúa, e que en Pentecostés, 40 días despois (outra vez lúa nova, por tanto) ascenda (Ascensión) ata o Empíreo cristián.



A lúa é, pois, porta de entrada do Máis Alá. O período de Entroido vai desde a lúa nova ata a lúa chea; ou sexa, a época do ano das mascaradas que ben puideron representar a viaxe das ánimas desde a Terra ata Lúa.

Por tanto, preguntamos, terían algo que ver no pasado os ritos propios do Entroido con esa viaxe das almas?

Fixación do primeiro de ano nos calendarios

No s. VII a. d. C. sabemos que na Roma antiga comezaba o ano (un ano de 10 meses e 304 días) en marzo. Como consecuencia, as estacións non se repetían nas mesmas datas de cada ano. Durante o reinado de Numa Pompilio (715-673 a. d. C), segundo rei de Roma despois de Rómulo, engadironse ao calendario os meses de xaneiro e febreiro que se situaron a final de ano: *Martius, Aprilis, Maius, Iunius, Quintilis, Sextilis, September, October, November, December, Ianuarius e Februarius*.

Mais os anos non tiñan duración precisa polo que as estacións tampouco se repetían nas mesmas datas de cada ano.

Coa reforma do s. I a. d. C. coñecida como Calendario Xuliano o ano pasou a comezar en xaneiro. A pesar disto, seguiría por moitos séculos o costume de considerar o 1º de marzo como inicio do ano. Nos *Fastos*, de Ovidio (43 a. C. – 17 d. C.) aínda se di: “*O primeiro mes leva o nome do meu pai*” (Marte, deus da guerra). Séculos máis tarde, San Isidoro de Sevilla (ss. VI-VII) no seu *Etimologías* di “*Así mesmo este mes chámase novo porque marzo é o mes que inicia o ano*”. En *De Tempore Rationen Liber*, Beda, o Venerable (ca. 672 – 27 de maio de 735); en *Speculum Humanae Salvationis* (1º cuarto do século XIV), un calendario relixioso de autor anónimo denominando de Pascua de Resurrección (*annus Domini* ou *annus gratiae*), o ano comeza en marzo, concretamente o día de Pascua de Resurrección, data variable que se fixa en función do primeiro plenilunio despois do solsticio de inverno.

Moito máis adiante aínda, nun *Edicto* de Carlos IX, rei de Francia (1564)



determinase que o comezo do ano sexa no mes de xaneiro en toda Francia, pois, segundo os lugares, soía variar. En Poitou, por exemplo, comezaba o 15 de marzo (coa festa da Anunciación) e noutros lugares de Francia o ano comezaba coa Pascua (data variable).

Coa entrada en vigor do Calendario Gregoriano en marzo de 1582 establece o 1 de xaneiro com principio do Ano Novo. Este calendario foi adoptado inmediatamente por todos os países católicos e a maioría dos protestantes.

Como consecuencia podemos concluír que o mes de febreiro, clave na festa que nos ocupa, foi o último mes do ano desde o 715 ao 45 a. d. C., e pasa a ser oficialmente o segundo mes do ano no 45 a. d. C. pero sigue sendo o último na práctica en boa parte de Europa ata o século XVI.

Calendario litúrxico

É evidente que o calendario litúrxico tivo unha influencia determinante na fixación das festas relixiosos e profanas.

Aínda que entre os anos 315 e 403 se fixou o Natalicio de Xexús Cristo no 6 de xaneiro, sobre todo no Oriente cristián, a partir do ano 336 pasou ao 25 de decembro para suplantar o “Dies Solis Invictis Natalis”. Esta celebración debería coincidir coa data de solsticio de inverno, mais desde o s. II d. C. foi acumulando un erro de catro días.

A partir do 525 d. C. o inicio oficial do ano, o *Anno Domini*, fíxase no 1 de xaneiro. O Concilio de Nicea (325 d. C.) fixa a data de Pascua de Resurrección, outra data de grande importancia, para o domingo inmediato ao primeiro plenilunio despois do equinoccio de primavera (20-21 marzo). A única condición era que non coincidese coa Pascua xudea que, segundo o seu calendario lunar babilónico, caía na noite da lúa chea (o 14º día do mes de Nisan, primeiro mes do ano xudeo).

O tempo de Entroido e a morte

Para a nosa pretensión de demostrar que no tempo de Entroido se escenifica, ou se escenificou, un enfrontamento entre a Vida e a Morte, é necesario comentar algúns precedentes do Entroido actual. Para Claude Gaignebet o Entroido “*é a irrupción dos espíritos vidos do Máis Alá que será preciso volver a enviar á súa morada*”³.

En Exipto e na antiga Grecia (ss. XII-XI a. d. C.), celebrábanse entre o solsticio de inverno e o equinoccio de primavera festexos de carácter relixioso e de culto aos mortos (como é o caso das Parentalia) que foron prohibidos logo da imposición do cristianismo como relixión única. De todas elas hai pegadas, se cadra sutís, no Entroido moderno.



No mundo céltico celebraban aos mortos no Samaín (1 de novembro) pero o período que vai desde esta data á festa de Imbolc (1 de febreiro) foi considerado infértil, sombrío e corresponde á deusa Cailleach Bhéirre. A Cailleach Bhéirre representábase como unha muller, sabia ou bruxa vella, deusa que vai ser relevada no seguinte período fértil, o da luz e do cambio de ciclo, pola deusa Bríde ou Brigit, a doncela ou moza da primavera, a *Elixida*, a deusa da poesía, da creación, da curación.... Brigit, o precedente da cristiá Santa Bríxida (1 de febreiro).

³ Claude Gaignebet (1984): *El Carnaval. Ensayos de mitología popular*. Editorial Alta Fulla, Barcelona.



A Festa de Imbolc dedicábaselle a Brigit con ritos de purificación e recolle-
mento que están na orixe dos actuais arredor da festa de Santa Brixida e A
Candelaria, ou Purificación, que celebramos o 2 de febreiro.

Por tanto, para os celtas o Samaín é o inicio do tempo sombrío, e o Imbolc é
o final dese tempo escuro e improdutivo, a victoria da Vida sobre a Morte.

A este período do mes de febreiro que é cando comezan a nacer as crías dos
animais, cando os paxaros “casan” e as herbas comezan a abrollar, chamá-
baselle na antiga Escocia “Faoilleach” (o mes do lobo), e tamén “A Marbh
mhíos” (o mes da morte⁴).

Variacións na data de Santos e Defuntos

A Igrexa tardou en fixar con carácter definitivo a celebración de *Todos os
Santos* (1 de novembro) e a dos *Fieis Defuntos* (2 de novembro).

Tras as grandes persecucións decretadas contra os cristiáns por
Diocleciano no s. IV, nas que moitos deles foron torturados e condenados a
morte, un gran número destes perseguidos foron considerados mártires.
Tempo despois, para lembrar a morte destes mártires, a Igrexa fixou, en pri-
ncipio, como data para lembrar o seu exemplo e memoria o 21 de febreiro⁵.

No s. VII, San Isidoro di que se facía uns 20 días antes da Pascua. No ano
610, o o papa Bonifacio IV consagrou o panteon de Roma ao mártires e fixou
no 13 de maio a celebración de Todos os Santos⁶. Por fin, no s. VIII, o papa
Gregorio III estableceu como data de conmemoración de Todos os Santos e
Fieis Defuntos para os días 1 e 2 de novembro, para que coincidise coa do
Samain do mundo céltico, aínda que non vai ser ata o s. XIV cando Roma
decide oficializar o culto aos mortos o 2 de novembro.

⁴ En eúscaro o mes de febreiro chámse *Otsail* e significa “mes do lobo” ou “mes da morte de lobos”.

⁵ Data que coincide co final das *Parentalia*, festas nas que os romanos honraban aos seus defuntos.

⁶ Os romanos celebraban nestas datas as *Lemuria* para acougar as perigosísimas ánimas chamadas
lémures.



Entón as festas romanas denominadas *Parentalia* xa estaban esquecidas, pero o Samaín non.

No outro extremo do actual calendario entroideiro, en febreiro, os gregos primeiro e despois os romanos acougaban as súas ánimas⁷ nas *Antesteria* e nas *Parentalia* (coincidían coa fin do ano no mundo romano antigo), o mesmo momento en que a Igrexa co inicio da Coresma dá comezo ao período de purificación que culminará coa morte e resurrección de Xesús Cristo.

Parece claro que o culto aos mortos delimitan ben este tempo ritual. Pero hai máis.

As Antesterias

Estas festas celebrábanse na Grecia antiga os días 11, 12 e 13 do mes de *Antesterión* (febreiro). Eran festas de fin e comezo de ano dedicadas aos mortos e en honor ao deus Dionisos. Nas Antesterias celebrábase a chegada, aparición ou epifanía de Dionisos, e acougábanse as perigosas ánimas dos mortos para que volvesen ao seu mundo. *Antesteria* significa flor; polo tanto debemos entender que unha vez exorcizado o caos e a Morte, renacía a vexetación e a primavera.



⁷ Principais tipos de ánimas en Roma: *lares* (ánimas boas), *manes* (ánimas indeterminadas), *lémmures* (ánimas malvadas) e *larvae* (ánimas violentas, infernais, demonizadas polo cristianismo, que pasaron a ser representadas no teatro con máscaras grotescas).



O primeiro día das Antesterias abríase un gran recipiente de viño enterrado no chan pois a través do viño favorecíase o paso dos “*keres*” ou espectros entre o seu mundo e o dos vivos. No segunda día abríase por única vez no ano o templo máis antigo dedicado a Dionisos e ofrecíanse libacións e ofrendas aos mortos derramando viño no chan. Dionisos chegaba polo mar e pasaba pola cidade presidindo unha procesión sobre un barco con rodas (*carrus navalis*) acompañado de sátiros e mozos enmascarados. A música, os bailes e os berros semellaban proceder do Outro Mundo. As mozas virxes facían un ritual que consistía en arrrandearse mentres cantaban cancións obscenas de contido sexual.



Moitos destes rituais facíanse na presenza do deus cuberto con unha máscara. Todos os templos (agás o de Dionisos) estaban cerrados para que os espectros do inframundo non entrasen neles, e protéxense as casas poñendo pez nas soleiras para que non entraran as pantasma. Os carios, uns mercenarios escravos procedentes do país de Caria (actual Turquía) entraban na cidade e nas casas cubertos de máscaras que representaban aos *keres* ou espíritos dos mortos.

O terceiro día dedicábanllo a Hermes, o condutor de almas, e celebraban un banquete que compartían cos mortos e aos que lles daban de beber derramando auga sobre as tumbas. Para rematar a festa, despedían aos mortos berrándolles: *Fóra de aquí, keres, as Antesterias xa remataron*.



A orixe do nome do mes de febreiro

Febreiro foi o último mes do ano desde o 715 ao 45 a. d. C. Pasa a ser oficialmente o segundo mes do ano no 45 a. d. C. coa reforma do Calendario Xuliano pero na práctica e en case toda a Europa, coma xa se dixo, sigue sendo o último ata practicamente o s. XVI d. C.

O nome dos mes de febreiro pode derivar de *Februa* (nai o deus Marte), de *Februo* (deus ou deusa) ou *Febrio* (outro nome de Plutón). Ovidio nos seus “Fastos” dinos que Numa Pompilio chama febreiro a este mes polas *februaou* (ritos de purificación).

Februo era o nome de orixe sabina que foi substituído polo do deus Plutón (o Hades grego), o deus dos mortos e do inframundo ao que se lle dedicaban un festival xustamente a mediados do mes de febreiro para que tratara ben as almas dos devanceiros. *Februa* era o nome das festas de purificación que se facían en Roma neste mes cada cinco anos (lustru) e incluso dos elementos que se usaban nestes festivais para purificarse.

E incluso pode derivar de *Februum*, nome das tiras de pel coas que se sacudía ás mullerres nas Lupercalia, que tamén tiñan lugar neste mes.

O que parece claro é que febreiro era en Grecia e en Roma o mes dos mortos, por tanto, mes moi temido. Mesmo parece que cando se modificou o calendario, quedou con menor número de días par que non se acrecentase o temor relixioso aos deuses do inframundo.

E non esquezamos que as velas que se bendicen no Día da Candelaria permiten, cando menos, dúas cousas, en relación cos mortos: acompañar con luz a agonía dos moribundos, e que as nais poidan ver no Limbo aos fillos mortos antes do bautizo.



As Bacanalia

As Bacanalia eran unhas festas que se celebraban en Roma en honor do deus Baco e que imitaban as Antesterias que se celebraban en Grecia en honor a Dionisos. Crese que nos tempos primitivos eran festas exclusivas das mulleres, que tamén festexaban a Pan, aínda que despois se foron incorporando os homes.

As Bacanalia foron introducidas en Roma cara o ano 200 a. C. e por considerarse que tras da organización militaban membros dunha secta que promovía crimes, e que conspiraba contra o poder político foron prohibidas por un drecreto do Senado (*Senatus consultum de Bacchanalibus*) no ano 186 a. d. C.



Nas Bacanalia bebíase sen medida, celebrábanse orxías e ata sacrificios. A “loucura divina” provocada polo inxesta de alcohol e de alucinóxenos facía o resto. Celebrábanse a mediados de marzo, ao parecer con certo secretismo, sendo preciso un rito de iniciación, os chamados “misterios báquicos”, para poder participar.

As Saturnalia:

Tempo de festa, de inversión e de agasallos en Roma

As Saturnalia eras as festas máis populares do calendario romano e celebrábanse no solsticio de inverno coincidindo co aniversario da consagración do templo de Saturno no 497 a. C.



Saturno, deus do plantío e das colleitas, fora expulsado do Olimpo por Zeus e acollido no Lacio como rei, onde propiciou un tempo no que deuses e mortais convivían en paz e prosperidade; un tempo tan feliz que se lle chamou a *Idade de Ouro*.

As festas celebrábanse tralas sementeiras de outono. Comezaron sendo dun só día, o 19 de decembro, para pasar a durar sete días, do 17 ao 24, na época de Cicerón. Uns días de relaxación moral, sen traballos, bebendo e comendo sen control nos que a inversión era tal que ata os amos servían aos escravos. Nos días das Saturnalia as prohibicións quedaban aparcadas, mudaba a orde social, os escravos eran tratados como iguais polos amos e mesmo lles era permitido vestir as roupas destes. Durante as Saturnalia, cando menos desde o ano 217 a. C., celebrábase banquetes públicos, como o *lectisternium* que se ofrecía ao deus coa súa imaxe presente na mesa.

As Saturnalia co nome de Brumaria (de bruma, borraaxeira) seguíronse celebrando ata mediados do s. IV d. C., moi minguados os excesos pola influencia de estoicos e cristiáns.

As Parentalia

Os romanos tiñan reservados dous momentos do ano para render culto aos mortos. Un era a celebración das *Parentalia*, en febreiro, último mes do ano romano, e outro as *Lemuria*, que tiñan lugar a mediados do mes de maio.

Entre os días 13 (idus) e 21 ou 22 do mes de febreiro entendían os romanos que as almas do mortos volvían á terra, así que eles suspendían todas as actividades para permitir a libre circulación dos espíritos. As familias aristocráticas soían usar caretas de cera, feitas coa máscara mortuoria dos seus devanceiros.

“Deste costume provén o Carnaval, un rito funerario lúdico, onde os enmascarados se identifican cos mortos no seu rol de reprimenda e bendición”⁸.

⁸ Omar López Mato (2012): *Después del entierro: A veces la muerte no es el final de la historia sino el comienzo*. Editorial Sudamericana



As Lupercalia

Celebrábanse nos idus de Febreiro (día 15) en honor a Pan. Os lupercos (sacerdotes mozos), sacrificaban un can e un macho cabrío, untábanse co sangue e espidos perseguían as mulleres (interpretado como rito de fecundación) con látegos feitos da pel do cabrón sacrificado.

As Matronalia

Festa relixiosa e civil que se celebraba nas calendas de marzo (día 1), coincidindo co comezo do ano lunar, en honor á deusa Xuno Lucina (de luz = “dar a luz” “alumbrar” = parir) protectora das matronas e das mulleres no parto. Ao templo de Xuno só acudían as mulleres embarazadas que pedían á deusa un bo parto. Tiñan que levar o pelo solto e non poñer nada que tivese nós.



Durante as celebracións invertíase, como nas Saturnalia, a orde social. As matronas (mulleres casadas) recibían regalos, servían aos criados e escravos, e os esposos ás esposas.

Nalgún lugar cítase a circunstancia de que nestas datas, aproveitando a subversión, había homes afeminados que se disfrazaban de mulleres.

Hai unha relación xa comentada por Ovidio nos *Fasti* e na que se fixan algún investigadores lembrando o rito de fertilidade practicado nas



Lupercalia cando as mulleres que querían quedar embarazadas deixábanse zorregar polos lupercos coas tiras de pel do macho cabrío sacrificado.

As Mamularia

Destas festas sabemos que se celebraban no entorno do 14 de marzo e que consistían fundamentalmente nun baile que practicaban os salios, brincando e pegándolle cun pau a un pelello que representaba o Ano Vello.

O Entroido cristianizado

No combate de don Carnal e dona Coresma que se escenifica no “Libro de Buen Amor” do Arcipreste de Hita (S. XIV), a pesar da victoria de don Carnal, este é recluído por dona Coresma e privado de comer carne durante 40 días. No “Don Juan Tenorio” de J. Zorrilla (1844), que ten orixe nun tema popular como é o da caveira ofendida, a primeira parte transcorre nunha noite de Carnaval, cos principais protagonistas disfrazados con caretas, para acabar, como remata o Entroido cristián, co arrepentimento coresmal. Velaí, literaturalizado, o Entroido cristianizado

As denominacións do Entroido cristianizado:

Carnestolendas, Entroido e Carnaval

O termo “Carnestolendas” ten orixe eclesiástica e é máis antigo ca Entroido e Carnaval. Aparece por primeira vez no “*Oracional de Tarragona*” (s. VII) e en misais mozárabes; tamén se atopa en cartas, ordenanzas e doazóns do s. XI en adiante en referencia ao comezo da Coresma. A partir do s. XV o vocablo alude ao tempo de gozo e alegría previo á Coresma.

“Entroido”, coas súas variantes *Antroido*, *Antroxu*, *Antruejo*, *Antruexo*, *Antruido*, *Entroido*, *Entrudio*, *Entrudo* (Portugal), *Entruido*, *Introido* ... tamén é de orixe eclesiástica. En Galicia aparece escrito por primeira vez con un significado parecido ao actual nun documento en latín de San Pedro de Ramirás (1268) como “día de introito”. A partir do ss. XI-XII este termo,



ademais de denominar o período de tempo previo á Coresma, convértese nun xenérico para referirse a todas as máscaras do Entroido.

En 1611 Sebastián de Covarrubias di que o vocablo procede de “introito” referido á entrada do ano romano (marzo). Sen embargo no *Diccionario de Autoridades* da Real Academia (1726-1739) dise que se refire á entrada da Coresma. Así e todo, este vocablo e as súas variantes sempre se consideraron vulgares, propias de aldeáns e rústicos, mentres que o cultismo “Carnestolendas”, era de uso case exclusivo de eclesiásticos.



O filólogo Rafael Chacón Calvar⁹ argumenta que o vocablo “Introitus” era o nome da primeira parte das misas que se oficiaban polo rito romano entre os séculos V e VII e que se xeneralizou a partir do s. XI. Tratábase dun canto con fragmentos de salmos, dialogado entre dúas voces ou coros, co que se anunciaba de que ía tratar o oficio. Había “introito” en todas as misas que se celebraban polo rito romano, agás nas de Coresma. Pero na península, coa excepción de Cataluña, non se celebraron as misas polo rito romano ata o s. XI, senón que se celebraban polo chamado rito hispánico ou, mal chamado, mozárabe, e neste caso a primeira parte deste rito non tiña “introitus” senón “Praelegendum”.

⁹ Rafael Chacón Calvar: *Entre don Carnal y doña Cuaresma*
[<http://www.tallerediciones.com/cuza/modules.php?name=News&file=print&sid=339>].



En Castela, Portugal, Galicia... os cluniacenses e reis católicos impoñen a partir do s. XI este novo rito romano que ademais do canto gregoriano, e dunha nova vestimenta litúrxica, trae como novidade o comezo da misa con un “Introitus”. Esta nova misa, comparada coa anterior, segundo Chacón Calvar, é moito máis pobre, máis breve e máis simple. O crego viste de negro e pobremente. O cura comezábaa dicindo dúas veces “*introibo ad altares Dei*” para que os fieis repetisen. Nese momento, por certo, o vocablo latino “introitus” xa se vulgarizara como “entrada”.

Os fieis ao ver ao cura vestido pobremente, dicindo unha misa breve, con poucos cantos e sen acompañamento musical, con letras que non entendían, pronunciando tantas veces a palabra “introibo” ou “introitus” puideron asociar aquela extravagancia á figura das máscaras que coñecían. Isto puido provocar que a nova palabra pasase a usarse para referirse ás máscaras pois para eles o cura aquel era ou parecía “un entroido”.

A partir do s. XII ocuparon o rural os monxes do Císter, os monxes brancos, que aínda eran máis pobres no vestir e no proceder. En Cataluña¹⁰, en cambio, non se usa a palabra Entroido nin ningunha das súas variantes.

A Palabra “Carnaval” é de orixe italiana e comeza a usarse a partir do s. XV por toda Europa. Un Entroido diferente, ostentoso; un espectáculo con actores e con público aínda que hai dúbidas sobre a orixe do termo. Procederá de “Carne vale” (fin ou abandono da carne) ou do “Carrus Navalis”, a nao *Isis navigium*¹¹ das Antesterias gregas en honor a Dionisos e aos mortos?

Este Entroido cristianizado debe rematar o Mércores de Cinsa ou Mércores Corvino (Corbillo¹²), que é cando comeza a corentena da Coresma.

Aínda que idea de xexún é antiga para a Igrexa coas famosas corentenas,

¹⁰ En Cataluña dinlle “Carneistoltes”.

¹¹ O barco das procesións en honor a Isis (como a que describe Apuleio no “Asno de Ouro”) denominado *Isidis navigium*.

¹² Di Covarrubias que se chama *Corbillo* porque o home se “encorva”, que se humilla en sinal de arrepentimento.



non vai ser ata o s. XI cando o papa Urbano VI establece definitivamente, tal e como está agora, o tempo de Coresma.

A época medieval: o Entroido das calendas de xaneiro

A tradición xudeo-cristiá acolleu (convertíndoos en demos) no seu panteón aos monstros con corpo humano e cabeza de animal procedentes dos cultos pagáns. A literatura dos sínodos é reiterativa nese aspecto e combate con decisión, aínda que sen moito éxito a pesar das graves penas que se impoñían, a suposta indecencia e loucura que se manifestaba nestas celebracións.



San Paciano de Barcelona crítica na súa obra, hoxe desaparecida, aos que se disfrazan de cabras e cervos (Cerus) no primeiro de xaneiro. San Martiño de Braga (s. VI) opoñíase rotundamente a que o ano comezase en xaneiro (inicio do ano pagán), no canto do 25 de marzo, data do equinoccio e ademais a escollida por un tempo como a do nacemento de Xesús. O III Concilio de Toledo (ano 589) prohíbe os bailes nas festas, as danzas e as cancións indecorosas nas festas natalicias dos santos. No s. VII San Isidoro critica aos homes que se disfrazan de animais, aos que toman aparencia afeminada e que executan bailes e danzas desordenadas, ademais de prácticas sexuais reprobables estimulados polo consumo de alcohol, nas calendas de xaneiro.



Varios concilios, desde o de Braga (s. VI) condenaron estas prácticas. O penitencial coñecido como *Códice Albeldense* ou *Vigilano*, redactado no ss. IX-X, describe a procesión carnavalesca con travestidos (*maias*), máscaras de animais e de demos (*orcum*); pero tamén de mozos/as ben engalanados e vestidos (*pelam*¹³) que se interpretaron como representación da primavera.

Tamén era costume na Galia polas calendas de xaneiro disfrazarse cubríndose con peles de cervo e poñer a súa cornamenta sobre a cabeza (*Cervullum facere*). As máscaras de cervo aparecen ás veces asociadas a unha muller vella (*cervullum et vetula facere*) e outras a unha tenreira (*cervullum e vite-la*). Desde Tertuliano, a princ. do s. III, a Burcardo de Worms (S. XI) hai constantes referencias a estas mascaradas que consistían en tomar a aparencia dun animal, sobre todo a de cervo, pero tamén de cabra, tenreira, boi, becerra ou becerro...



Ademais das máscaras de animais e do travestismo, servíanse comidas e bebidas en abundancia para auspiciar a abundancia o resto do ano.

¹³ Na Coca de Redondela, as nenas moi engalanadas que van enriba das mulleres (burras), e que poden ser herdeiras destas máscaras chámanse *penlas*..



Para rematar, pois sería longa demais a casuística, en 1473, as autoridades eclesiásticas do arcebispado de Toledo lamentan que nas catedrais e igrexas exista *o costume de que nas festas de Nadal, San Xoán, Santo Estevo e os Inocentes, mentres se celebran os sagrados oficios se facían espectáculos teatrais, máscaras, monstros, elementos grotescos, e moitas outras cousas deshonestas, facendo burla, recitándose poesías lascivas e sermóns xocosos, interrompendo o oficio divino...*

Temos, xa que logo, un Entroido longo, variable en canto a duración segundo os lugares, desde o comezo de ano (o das mascaradas das *calendas de xaneiro*, que tanto criticou a Igrexa desde o s. IV en adiante) e a Coresma onde coexisten varias parellas de entroidos: un precristián e outro cristiánizado, un popular e tradicional, e outro burgués, de casino.

Por haber tamén hai casos nos que se prolonga o Entroido ata os chamados Sábado e Domingo de Piñata (*pignata*, nome en italiano dun tipo de ola), e incluso, mesturado con ritos relixiosos, ata a Semana Santa.

Festas relixiosas significativas no mundo cristián

Desde o solsticio de inverno ao equinoccio de primavera median dúas corentenas.

Se nos fixamos só nalgúns ritos ou costumes e nas datas escollidas para incluír no santoral a santos e santas que teñen algunha relación simbólica co mundo pagán, que é o mesmo ca dicir con deuses (logo demonizados), bruxas, bruxos, e en xeral máxicos que practican artes diabólicas, temos, facendo unha enumeración breve, estes casos e circunstancias:

Os que nacen polos días de Nadal poden ser vedoiros, homes ou mulleres-lobo, ou bruxos, pois foron concebidos 9 meses antes; ou sexa, na Coresma, período prohibido para o sexo. Por estas mesmas datas celebrábanse (entre o 25 e 28 de decembro) as festas dos tolos, parodias que representaban oficios litúrxicos, mesmo dentro dos recintos sagrados.



En xaneiro temos a Santo Antón Abade (día 17), que o mesmo trae que cura enfermidades. Sempre se representa rodeado de demos, viaxa polos aires, en ocasións con bruxas e é santo patrón dos animais, especialmente do porco.

O día 20 de xaneiro, un San Sebastián afeminado, branco das frechas como se representaba aos bruxos que poden matar a distancia con frechas máxicas ou co mal de ollo.

O mes de febreiro era mes propio de bruxos e bruxas, o mes dos mortos en Roma. Segundo Ovidio, os mortos (as súas pantasma) saían ás rúas con aparencia de laparadas e habíaos que calmar e tranquilizar con ofrendas.

Ademais, no mes de febreiro, atopamos a Santa Bríxida, a cristianización da Brigit céltica, comadroa¹⁴ da Virxe; por tanto, persoas que deciden no momento do nacemento moitas cousas, entre elas, se a nai e a criatura deben vivir ou non.

O 2 de febreiro é a festa da Candelaria, a Purificación da Virxe. O cirio bendicido neste día acendíase nas casas cando ía morrer alguén: cando a vela se consume, morre a persoa. Tamén é día no que se pode ver aos nenos que están no Limbo. A “Dama Verde”, verde coma a candeia da Candelaria que tamén é verde na base, a cor que para a igrexa medieval significaba Morte.

O 3 de febreiro, San Brais. Se comemos fabas neste día haberá treboadas e ventoeiras todo o ano. Non esquezamos que os romanos acougaban as ánimas chamadas *lémmures* e *larvae* (as máis perigosas) botándolles fabas negras por enriba do ombro. Xa Pitágoras escribe “*prohíbo comer fabas porque inchan a alma e o ventre*”, o que dalgunha maneira se pode interpretar como que houbo unha relixión popular, anterior ao cristianismo, que interpretaba que a alma verdadeira estaba no ventre. Volveremos a esta idea

¹⁴ As comadronas, como se fosen bruxas, foron acusadas de practicar cesáreas para quedarse con nenos que logo usarían nas súas apócemas e, como as propias nais, non podían entrar na igrexa nos seguintes 40 días por estar en contacto co sangue impuro do parto.



cando falemos do oso de Entroido.

Este San Brais represéntase por media Europa de cor negra. No mundo eslavo chámanlle “Velez”, nome que tamén se usa para o demo e para as almas dos mortos. E tamén se teñen documentado nalgúns lugares da península mascaradas de San Brais.

O 4 de febreiro, Santa Verónica, a patrona das máscaras, porque fixo a máscara de Xesús Cristo; ademais é avogosa para regular a menstruación. O día 5, Santa Águeda (as Matronalia cristianizadas). Polo sur e este de Europa as mulleres reuníanse este día, disfrazábanse de home, seica se transformaban en gatas, e facían un Sabbat. Se un home quería ver como facían, espíano e botábano á rúa en coiros. Nalgúns lugares da península celebran a Santa Águeda permitindo que as mulleres tomen o mando.

Un período debidamente santificado, vencellado, como é obvio, ao máximo e á morte.

Os Entroidos galegos actuais

A realidade é que sabemos bastante pouco dos entroidos galegos que resisten o paso do tempo, e como non pretendemos aquí un estudo pormenorizado que, en calquera caso, sería o motivo dunha segunda parte deste exordio, só introduciremos algunhas notas, indicios ou detalles que pasan desapercibidos ou que non se coñecen pero que poden resultar significativos e esclarecedores para investigación futuras.

Un camiño a percorrer é a orixe dos nomes polos que hoxe en día coñecemos determinadas máscaras do Entroido popular e rural. Tense apuntado que os nomes cigarrón, irrio ou guirrio puideran ter orixe nas máscaras “kukeri” da antiga Tracia, un país que estaría comprendido entre as actuais Bulgaria, Turquía e Grecia. Trátase dunha máscara que encarna un home disfrazado con vestidos e peles que lle cobren a maior parte do seu corpo, e con careta de madeira decorada con animais totémicos, xeralmente feita a man por el



mesmo, con chocas, chocallos ou esquilas para facer ruído e espantar. Representa un rito tradicional búlgaro que percorre o lugar e visita as casas dos veciños entre o Ano Novo e a Pascua, cuxo fin principal é o de espantar os malos espíritos.

Lembremos que os deuses gregos Orfeo e Dionisos son, ao parecer, de orixe tracia.

Para a posible orixe dos botargos ou botargas, máscara desaparecida de Valdeorras, Zamora e O Bierzo, propónse “*boutargue, poutargue, poutargo*” do francés e do italiano “botarga”, nome que se cita no *Gargantua e Pantagruel* de Rabelais, e que se refire ás ovas de muxo (caviar de ovas de muxo).

Pero son outros moitos os nomes que hai que investigar: abutardos/foleiros (Sande, Cartelle), bobos e pallasos (Beariz), boteiros (Viana do Bolo), capuchóns (Verín), carantoñas (Lobeira), charrúas (Allariz), curruvellos (Moaña), farricoques (Nogueira de Ramuín), (Maceda), momadas (Cotobade)... e moitos outros. Dalgúns é relativamente doado rastrexar a orixe, mais a súa historia anterior ao s. XIX énos absolutamente descoñecida.

Outro aspecto a ter en conta son determinados ritos que xa non se practican ou, en caso contrario, non aparecen nos programas oficiais nin nos manuais divulgativos.

Por exemplo, segundo contan Francisco A. Vidal e Rosa Benigna Vizcaya, os peliqueiros de Laza practican un ritual “*chamado o saúdo, cando, no domingo a xente sae da misa maior e os peliqueiros, en dúas filas, golpena ós fregueses coa súa zamarra ou látego. Pero máis significativo é o feito de visitar as tumbas de amigos e coñecidos e dar co látego sobre elas ó tempo que fan soar as chocas. Unha clara expresión de que a vida triúfa sobre a morte*”¹⁵.

¹⁵ Francisco A. Vidal e Rosa Benigna Vizcaya (2009): *Dos fastos ós festexos. Dos antigos mitos á relixiosidade galega*, Toxos Outos, Noia (A Coruña), páx. 69.



O mesmo que se facía nas Antesteria gregas e nas Parentalia romanas

Os peliqueiros de Laza usan o látego, como facían os lupercos (homes-lobo) coas correas de coiro feitas do pelullo do macho cabrío (ovella) que se sacrificaba nas Luperclia romanas. As pantallas de Xinzo usan vexigas, utensilio equivalente ao látego.



Estes e outros moitos son ou poden ser indicios evidentes da pervivencia de ritos de fertilidade e fecundación como o que fan os volantes de Chantada cando atravesan correndo os campos. Ou o que se denominaba “*Correr a rela*” (A Fonsagrada), que consistía en que os veciños daban voltas arredor das leiras na noite do Martes de Entroido con fachos acesos.

De semellente significado podería ser o que facían en Cervantes e na Fonsagrada cando enchían un cesto ou banastro con palla, prendíanlle lume e botábano a rolos polas terras abaixo para que houbose boa colleita, ou os troteiros de Bande que levaban hedras cosidas nos pantalóns.

Mención aparte merece o Oso de Salcedo, na Pobra de Brollón. O oso que, xa o contaba Aristóteles, leva no seu ventre as almas dos mortos e con un peido libéraas.

O oso persigue aos viandantes coa axuda dos criados (homes selvaxes) para enfeluxalos na cara con cinsa ou brea (para que todo sexa escuro = lúa nova).



Noutros tempos, ao parecer, tamén tishaba ás mulleres novas no ventre.

Noutros lugares de Europa e da península sae entre o 1 e o 2 de febreiro, que é a data na que o oso sae do seu retiro invernal. E observa a lúa, e se hai lúa chea (claridade) o oso recóllese de novo por corenta días; en cambio, se hai lúa nova (escuridade), sae ao exterior pois interpreta que xa chegou a primavera. O oso, co seu comportamento, anuncia o cambio de estación (fin do inverno e comezo da primavera) tan desexado para unha sociedade agraria e rural.

Mais, afortunadamente, aínda perviven máis máscaras de animais como a *Morena* de Laza (máscara de vaca con cornos), a Mula (Viana do Bolo), o Touro (Forma parte dos folións de Manzaneda), a Fera (Moaña) e o Vello dos cornos (Merza, comarca do Ulla) que habería que estudar e interpretar.

Conclusións

Dos precedentes dos entroidos actuais queda aínda moitas máis pegadas das que aparenta como a coincidencia no calendario coa fin do ciclo invernal e o comezo da primavera.

O uso de máscaras e disfraces de animais, de demos e do inframundo. A máscara representa o inframundo no que están os deuses do mundo pagán, os demos, e as ánimas dos mortos (o cristianismo prohíbe os personaxes enmascarados) que son liberados nestas datas.

A inversión e a transgresión, os excesos no comer e no beber. Ata o comer é un rito. O graxo fronte ao magro. Hai quen sostén (C. Gaignebet) que comer así, desaforadamente, é para evitar que os espíritos dos mortos entren, posúan o noso corpo. Com xa dixemos, peidear é expulsar ánimas, como fai o oso cando acaba a súa hibernación.

Gargantúa, o gran tragón, nace precisamente o 3 de febreiro, día de San Brais. A lenda haxiográfica deste santo di que fixo como Orfeo cando predi-



cou aos animais selvaxes en figura do oso, no Monte Argeo, en Turquía. E o oso, xa o dixemos, representa ao renacer cíclico.

Igual que as “créps”, os freixós e as filloas son circulares, coma a lúa. Comelas pode significar algo relacionado coa fase da lúa (que non se ve, que está desaparecida por ser nova). A hostia que se dá para comulgar tamén é circular, e na Máslenitsa, no Entroido ruso, comen unas tortas de fariña e manteiga que tamén son redondas, coma o sol ou como a lúa cando está chea.

Pero hai máis, a obscenidade e o sexo, o uso simbólico de fariña, farelo, formigas, tintes, o enfeluxamento con cinsas, borralla, farelo, sarro, pos de talco, betume, tintes, graxa, ferruxe e farrapadas ..., que representan a escuridade (a lúa nova).



Pegar con un látego ou unha vexiga ás mulleres, é un rito de fertilización e fecundidade do que xa perdemos a memoria. As vexigas, que hoxe só levan as pantallas de Xinzo, leváranos no pasado tamén os peliqueiros de Laza. A vexiga é atributo dos tolos, representan a inversión pero tamén a inocencia.

Na Festa do “Rei da faba”, o elixido como tal castigaba aos que non lle obedecían pegándolles con unha vexiga de porco inchada. Segundo Gaignebet, a vexiga do porco ínchase e gárdase porque é onde reside a alma do porco. É a mellor forma de asegurarse abundancia de carne de porco no futuro, salvagardando a súa alma.



Os disfraces de vellos e vellas representan o tempo ido, o vello, que non ha de volver.

Pero aínda quedan moitas preguntas dos nosos entroidos por responder como que significa a moneca que coroa o pucho dos volantes de Chantada? Por que lle chaman “reparto do boi” ou “repato do touro” á gran comilona que fan os folións de Manzaneda? Por que a maioría dos enmascarados non falan? Por que non lles podemos quitar as caretas? Por que levan chocas e fan moito ruído? Por que a maioría das máscaras tradicionais (peliqueiros, cigarróns, felos) pegan pero non se lles pode pegar?



Preguntas que haberá que ir respondendo se queremos entender os nosos entroidos que, en definitiva, son herdeiros das festas da risa en honor ao deus da risa, do culto a Isis, Osiris, Hades, Plutón, Dionisos, Baco .. e de moitos outros cultos demonizados pola Igrexa que son os que mellor coñecemos; pero tamén é herdeiro das festas dos tolos medievais e do Carnaval ostentoso do Renacemento.

Un Entroido que hoxe en día é máis urbano ca rural, máis oficial ca tradicional, máis estético que auténtico, máis organizado ca espontáneo, máis homoxéneo e universal ca local, máis Carnaval ca Entroido en definitiva.

Pero o Entroido sigue sendo un rito. Sigue sendo, por tanto, unha relixión e unha ideoloxía.



Xa non é doado dexergar que lle queda das relixións precristiáns, nas que ían da man a maxia e a fe, pero dicimos que sigue sendo unha relixión con un deus con mil disfraces, ou mil deuses con un só disfraz, que se aniquila, enterra ou queima (chámese meco ou sardiña) cada ano para coas cinsas “matar” simbolicamente o vello, purificar, aboar, fecundar a renovar simbolicamente a vida na terra.

Unha ideoloxía que ten como referentes dous valores esenciais: a liberdade e a igualdade social, aínda que estes ideais só sexan unha ilusión, pois o Entroido, nin o antigo nin o actual, son desorde; só representan a rebelión contra a orde establecida.

Todos os elementos e representacións que forman parte do Entroido (máscaras, desfiles, personaxes, actos.....) están perfectamente xerarquizados e ordenados.

O Entroido é unha parodia do que nos pasa na vida: ridiculizamos o feo e o grotesco, o que nos dá medo (especialmnete a Morte e aos mortos), exaltamos a inversión (de sexos, de xerarquías sociais), escenificamos o prohibido, pero dentro dun marco espacial, temporal e normativo ben regulado e controlado.

Unha catarse liberadora para compensar carencias de liberdade, de fame, de sexo...

Pedimos desculpas aos que tiveron a paciencia de chegar lendo ata aquí pois sabemos que sentirán a decepción de non atopar nada concluínte, nada definitivo sobre o Entroido.

Mais, como se di nunha copla do carnaval calchaquí (provincia de Salta, Arxentina), desexamos e pedimos: *Échenle poquita tierra: que se vuelva a levantar!*”

Fotografía: Pedro G: Losada



BIBLIOGRAFÍA

BAJTIN, M. (1974): *La cultura popular en la Edad Media y en el Renacimiento: El contexto de Francois Rabelais*, Seix Barral, Barcelona.

BOTO VARELA, G. (1995): «El disfraz de ciervo y otros testimonios del carnaval medieval en el alero de San Miguel de Fuentidueña», en *Locus Amoenus*, 1, páx. 81-93.

CARO BAROJA, Julio (1979): *El Carnaval. Análisis histórico-cultural*. Taurus Ediciones. Barcelona.

CHACÓN CALVAR, Rafael: *Entre don Carnal y doña Cuaresma* [<http://www.tallerediciones.com/cuza/modules.php?name=News&file=print&sid=339>].

COCHO, Federico (1992): *O carnaval en Galicia*. Ed. Xerais. Vigo.

DÍAZ, Ángeles: *El simbolismo del Carnaval* [<http://symbolos.com/simbolismocarnaval2.html>]

GAIGNEBET, Claude (1984): *El Carnaval. Ensayos de mitología popular*. Editorial Alta Fulla, Barcelona.

GAIGNEBET, Claude. *El calendario de la brujería* [<http://www.heterodoxia.org/brujeria/El%20calendario%20de%20la%20Brujeria%20.PDF>].

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Óscar J. (2014): *Mascaradas de la península ibérica*. Ed. Autor. Oviedo.

LÓPEZ MATO, Omar (2012): *Después del entierro: A veces la muerte no es el final de la historia sino el comienzo*. Editorial Sudamericana.



PRAT I CARÓS, Joan. «El Carnaval y sus rituales. Algunas lecturas antropológicas», en *Revista de Antropología Aragonesa*, nº 4, páx. 278-296.

PRIETO ALONSO, Domingos (2012): « As orixens tracias do cigarrón » [<http://domingospreto.agilityhoster.com/entroido.pdf>].

VIZCAYA, Rosa B. e VIDAL, Francisco A. (2009): *Dos fastos ós festexos. Dos antigos mitos á relixiosidade galega*, Toxos Outos, Noia (A Coruña).



O Antroido da Mariña dos Condes

José R. Núñez-Varela

Introito

Pasa dos sesenta anos ó recordo do Antroido nas aldeas de Sanfiz, Rois (Sta.Marta de Babío), Pisón e Trasdoval, lembranzas de un medo á chegada dos Choqueiros que nos tiñan amedoñados po-los contos que falaban das trouladas e desfeitas que facían no seu percorrido corredoiro. Avisábase que tralo xantar chegarían doutras parroquias para meterse ca veciñanza ó tempo de arranxar manxares do tempo, larpeiradas e viño, de maneira segundo dicían que o mellor era manter as portas ben pechadas.

Ante semellante expectativa o no sería vixiar dende lonxe e arredores das leiras os camiños e dar aviso de que viñan en camiño, mentres sabiamos o faiado para alonxarnos do primeiro encontro. Pouco despois eran recibidos na casa e seguían bailando, cantando, comendo e bebendo, dándolle vivas á casa polo nome ou alcume do patrón.

Teño participado, penso que nos derradeiras xornadas da vella tradición eiqui nas Mariñas, e aínda despois do meu casamento, en compañía do meu sogro e cuñada, polas terras de Miraflores, xa esquecido o farelo a borralla e as formigas tradicionais destas datas e festas.

Unha das novas máis sinaladas tiña aparecido no semanario local “ **O Antroido**”, do 17 de febreiro do ano 1887, o publica-lo bando dicía na primeira estrofa “ **Eu o Antroido, Amo e Señor d’o mundo d’os tolos-cordos** “, velaí a inversión luminosa que todo ó consinte na medida e na capacidade de cada quen para representar fachendas ou trasnadas, que non facaltruadas, na seguranza do prometido castigo do **Señor Antroido**, incumprindo con a súa natureza teimada de liberdade ou inversión do considerado normal.



Calendario galego

Domingo Fareleiro, dous antes do de Antroido.

Xoves de Compadres, o xoves de Sexagésima, seguinte o anterior.

Domingo Corredoiro, o de Sexagésima do calendario litúrxico.

Xoves de Comadres, anterior o sábado de Antroido.

Domingo, Luns e Martes de Antroido.

Mércores de Cinza.

Domingo de Piñata.

Prohibicións:

Orden do Comandante da Praza da Coruña en 1809

“De orden del Señor Comandante de esta Plaza, se manda que ninguna persona sea osada de disfrazarse ni salir de Máscara ni de día ni de noche, ni andar haciendo Carnabal por las Calles, vajo la intelixencia que si fuere aprendida sufrira la pena de muerte y para que llegue a noticia de todos y ninguno alegue ignorancia mando publicar el presente. Dado en la Ciudad de La Coruña a doze de Febrero de mil ochocientos y nueve.[Firmado].

Fernando de León Benavides.[Rúbrica].” Corregidor de la Coruña.

Veñamos, a continuación máis polo miúdo, algúns daqueles antroidos das Mariñas.

Abegondo

En Meangos, do mesmo xeito ca en todo o concello, as máscaras recibían o nome de “Choqueiros”. Formada a mascarada, percorrían toda a aldea, rodeaban as casas e os seus propietarios ofrecíanlles filloas, chulas e abundante viño.

Había o costume de trasladar o carro do veciño e desprazalo polos arredores



ou subilo ao cimo do palleiro. Tamén se levaban ferramentas de labranza que se mesturaban coas dalgún veciño co que non tivese boas relacións, coa finalidade de obrigalo a pedirllas.

O mércores de cinza, transportaban a ombros o “Antroido” e procedíase ao seu enterro. Personaxes que nunca faltaban eran o garda municipal e un acompañante con “Sotana de crego”, que sempre levaba un libro nas mans imitando a súa lectura. Seguíanos os demais “Choqueiros” e os veciños da aldea.

Mantívose ata a guerra civil un curioso costume: antes de enterrar o “Antroido”, os acompañantes que quixeran ler as súas “Demandas de Carnaval” subíanse ao alto dun castiñeiro e desde alí dirixían as súas coplas aos veciños, que acudían a escoitalas en parroquia, coma se dunha verbena se tratase.

Nalgunhas ocasións ían acompañados con gaita e tamboril e neste caso celebrábase un baile no campo.

Aranga

As dificultades xeolóxicas polas que atravesaba este municipio a comezos do século XX non eran obstáculo para que os “Farándulos”, máscaras de horroroso aspecto, percorreran as aldeas con “Antroidos” construídos con palla e vestidos “dunha forma moi parrandeira”.

Nas casas podían entrar sen problemas, ofrecéndolles “Viño e freixoas”. Entón bailaban coas mulleres e agraecidos cantaban as coplas, para iniciar de novo a súa andaina.

O mércores de Cinza “corrían o Antroido”, de novo visitarían outras parroquias, para finalizar queimando “O moneco”, momento no que cada un dos compoñentes da mascarada interpretaba as súas coplas.



As coplas que a continuación transcribimos foron recollidas por Eva María Platas especialmente para este traballo, xentileza que agradecemos en todo o seu valor.

O Antroido ven nun carro
ven por vías de la Braba
e por falta dunha mula
tira por el unha cabra.

Adiós martiños de Antroido
adiós meu queridiño
que hasta domingo de Pascua
non unto mailo fuciño.

Todos alegres no Carnaval
porque veñen as máscaras
tocando no val.

Carnaval bon
Carnaval grande
en sete semanas
non como máis carne.

Martes de Antroido
come nun coiro
que en sete semanas
non comerás noutro.

Chegando está o Carnaval,
Carnaval, Carnavaliño,
Chegando está o Carnaval
quebradiño a cholito.

Adiós martes de Antroido



que para min fuches un gandulo
por catro días de chea
sete semanas de axuno.

Bergondo

O domingo de Antroido, xa pola mañá, os homes disfrazábanse, chamábase-lles “Vellos” e “Choqueiros”. Formada a mascarada, percorrían a parroquia para “Tentar” os veciños. Eran ben recibidos e invitados esplendidamente con toda clase de manxares e abundante viño.

Pola tarde preparaban unha carroza con flores de nabos e mimosas ou camelias. Sobre ela situaban unha moza bonita co seu acompañante que debería saber recitar. A continuación ían as mozas do lugar disfrazadas seguidas polos mozos e por último os veciños que en grande número sumábanse á comitiva. Nesta orde percorrían Bergondo e dirixíanse a Fiobre, ao campo coñecido por “Aldea” onde recitaban as coplas. Ao finalizar, os xoves solicitaban baile ás máscaras, ao ritmo marcado pola música de “Cecebre”.

Desde Fiobre continuaban a súa andadura ata San Isidro, onde volverían a repetir a mesma escena, regresaban a Bergondo para asistir ao baile que lles organizaba o salón do “Raxado”, no que actuaba a mesma música. A festa animábase aínda máis segundo ían chegando as comparsas doutros puntos da comarca, pola súa amenidade eran moi estimadas as procedentes de Sada e A Coruña.

O luns e o martes corrían o Antroido con mascaradas, con lixeiras variantes do domingo.

O mércores de cinza construían un féretro no que levaban un home vestido de “Choqueiro”. A condución realizábase en “Andas”, conseguindo as características dun auténtico enterro: non faltaban as velas, os rezos, nin as choronas, todas as mulleres asistentes exercían perfectamente o seu papel de choradeiras, dirixíanse ao campo d’ “A Senra” e alí procedíase ao enterro, por



suposto, simulado. En 1930, dez anos despois, enterrábase un Antroido de palla, momento no que se lían os “responsos do Antroido” con estrofas coma a seguinte:

Adiós meu Antroido
adiós meu Antroidiño
hasta o domingo de Páscoa
non che como máis touciño.

Cesuras

Desde moi antigo mentres as mulleres preparaban “O Almoado” e facían as filloas, os mozos organizaban as súas actuacións de máscaras chamadas na zona “Zarralleiros”. Desde o sábado o “Antroido” percorría os lugares montado sobre unha cabalería, era feito de palla e percorría os lugares con roupas vellas, ultimamente engadíase unha carauta de bo aspecto para achegalo a un señor. O acompañamento ía provisto de “Pandeiretas e cunchas”, algunhas casas pechaban as súas portas para protexer as súas provisións, noutras non faltaban filloas con “Roxós” e viño da terra que se bebía en abundancia.

A tacañería, o medo ou o simplemente pasar do acontecemento era pagado con “Antroidadas” como testemuña do seu paso. Envorcaban carros e os arados eran cravados polo timón, tamén se chamaba ás portas e eran entoados apropiados directos, bailando arredor sen parar.

Un retrouso que non faltaba, facía gala da súa fábrica:

Este pandeiro que toca
élle de coiro de ovella
inda onte pacía herbas
e hoxe toca que rabea.

O mércores de cinza queimábase “O Antroido” e finalizaban as correrías. Moi distinto ocorría en Mandaio. Ao rematar a misa agardaban cunha



“Manda” a chegada do “Antroido”, vestido igual ca en Cesuras. Aparecía subido a un burro, recibíano con foguetes e grupo de gaitas, xentes con pandeiretas e baile; despois do solemne recibimento procedían ao seu “Manteo” queimándoo a continuación, entre os choros do acompañamento procedíase á lectura de apropósitos referentes a sucesos acaecidos na parroquia, de novo foguetes e seguía a festa que pecharía o Carnaval (27).

Coirós

En Xora, parroquia de Santa María de Ois, as máscaras eran coñecidas por “Antroidos”. Disfrazábanse con calquera cousa que tivesen á man, confeccionando cadaquén a súa propia careta “Feita na casa” ou adquirida no comercio de Betanzos.

Coma nos demais lugares, era costume correr o Antroido, visitaban as casas dos veciños e outras aldeas dos arredores, sendo ben recibidos e ofrecéndo-lles as lambonadas da festa, abundante viño, bailando e cantando a continuación coas persoas da casa.

Costruían un “Antroido” de palla, que vestían de muller ou de home, montábano nun burro e percorrían a aldea. Un costume que non atopamos nos demais concellos de As Mariñas era o de poñerlle un nome, polo xeral o dunha persoa que durante o ano tivese destacado por algo bo ou malo, entre os veciños. Como o “Antroido” era articulado e os seus movementos dirixidos cunha corda, contestaba cando o seu condutor lle dicía “¡Saúda, Balbino!” movendo o brazo como resposta.

O mércores de Cinza, era manteado e toda a parroquia acudía a ver a escena de como era vareado de forma figurada: acababa tan malparado que desbotaban a idea da súa queima ou enterro. A xente máis vella do lugar recorde ter simulado o seu enterro, pero non chegar a realizalo. Quedaba entón soamente manteado e vareado no lugar elixido.

A continuación toda a veciñanza acudía á representación que todos os anos



ofrecía “Lucas e cabeza torta”, dos veciños que na porta da súa casa dicían chistes e coplas, vestíndose respectivamente un para facer de listo e outro para facer de burro, fixeron popular a frase “Arrequexa para aí” para dicir “Danos esto”.

En Merille, parroquia de Santa Mariña de Lesa, as máscaras eran coñecidas por “Zarralleiros”, corrían o “Antroido” e nun burro levábano a enterrar a un lugar coñecido por “Xestelo”.

En Espenuca tamén se coñecían por “Zarralleiros”, as mascaradas percorrían a aldea pero non entraban nas casas, saían os propietarios a ofrecerlles a invitación. O “Antroido” era construído de palla e púñanlle careta. O mércores de Cinza levábano sobre un burro seguido por unha muller chorando, un home disfrazado, levábano ao monte da Pedreira e alí o enterraban. Na marcha á que acudían todos os zarralleiros e os demais veciños, ían berrando entre saloucos “¡Adiós, meu farraquiño! ¡Adiós, meu antroidiño!”, recitándose a continuación coplas coma a seguinte:

Adiós Martes de Antroido
adiós meu amiguiño
hasta o domingo de Páscoa
non unto máis o fociño.

Irixoa

Lembran os vellos do lugar que desde o tempo dos seus maiores, colocábanse en dúas árbores un “Antroido” e unha “Antroida”. Ambos espantallos eran feitos de palla e con roupas vellas os vestían; a cabeza era de madeira e a cara “De pao pintada”. Na época á que nos referimos colocábanos sobre dous plátanos que bordeaban a estrada no lugar do “Pazo”, onde se atopa actualmente a Casa do Concello.

Os veciños disfrazados coñecíanse por “Farándulos” e “Máscaras”, que corrían o carnaval a través das “Corredoiras” en visita obrigada a todos os



demais veciños. O seu comportamento era sumamente cívico, as portas das casas permanecían abertas a aos seu paso éralles ofrecido viño e as a todas horas comestibles filloas, orellas, chulas...

O mércores de Cinza procedíase ao enterro, baixábase das árbores a parella e eran levados en andas ata “Os Chaos”, lugar onde conflúen as estradas do cruce de Irixoa. Non faltaba a representación do cura cos seus rezos, chora-deiras e demais acompañamentos. Da música encargábase un famoso gaiteiro “O *cegho* da Bouza”, un tambor e un tamborileiro. Chegaba a comitiva ao lugar, procedían á queima da parella bailando arredor, e continuaba o festexo no centro de Irixoa con baile xeral que amenizaba o grupo de gaiteiros. Os “Farándulos” provistos dos seus apropsitos, trataban temas locais sen reparar en dirixilos a veciños que tivesen novidades ao longo do ano. Así ocorreu cun emigrante:

O Carballido de Bris
ordenou de ir a Habana
e no medio do camiño
borróuselle a gana.
máis valente foi seu sogro
que emprendeu o seu camiño
Dios queira que hoxe nun ano
non o traian de bagaxe.

Oza dos Ríos

Era tradicional que os “Zarralleiros”, que no seu conxunto formaban a “Cingarrallada”, correran e bailaran o Carnaval pola parroquia; en ocasións traspasaban os seus lindes en visitas ás limítrofes. Eran ben recibidos e nunca lles faltaban filloas, orellas e chulas, que regaban copiosamente co viño que portaban e que tamén se lles ofrecía

Ata os anos trinta o mércores de Cinza celebrábase o enterro do “Antroido” sobre o “Carro do Antroido”, adornado con mimosas e ramaxe. Colocábase o



personaxe construído de palla e vestido con roupas en desuso, no séquito non faltaba a representación do cura, unha muller chorando, que en realidade era un home disfrazado, facendo de viúva, artesáns con ferramentas dos seus oficios construídas de madeira e de tamaño desproporcionado, “Zarralleiros” e a multitude que acudía, ademais, para escoitar o sermón.

Esta comitiva percorría o núcleo de Oza ata chegar á ponte do ferrocarril. Alí subían á vía e queimaban o “Antroido” o cal, unha vez prendido, tiraban ao baleiro. Mentres era consumido polas chamas, pronunciábanse as “Vexiguadas do Antroido”, relativas a problemas veciñais, abusos de autoridade, acontecementos acaecidos ao longo do ano e abundantes queixas. Non faltaban algunhas referentes aos amoríos:

Fixeche unhas saias novas
pensando que te casabas
e aínda podes facer outras
para te quedar como estabas.

En algunha outra desmentindo amores:

E meu amor non é Xosé
que se chama Perucho
se mo vedes por aló
na cabeza trai un pucho.

Tamén na casa de D. Segundo de Areas, ante as demoras no regreso da súa muller do mercado de Betanzos:

A miña Madalena
cando vai á vila
coas súas preghuntas
e as súas repreguntas
ela e mail’a noite
sempre veñen xuntas.



Chegábase á agresión indirecta en casos tan respectados como os marcos das propiedades, nesta ocasión diríxese ao oínte que procedera a modificar o seu emprazamento:

En San Mamede
a ver o Antroido
a quen deixes
para cambear os marcos..

Un “Antroido” que ía de gandeiro, interpela a posibilidade de dote para un matrimonio de nove fillas:

Por que non lle compras
a Barral unha vaca
eu a Barral non lle compro
porque ten nove fillas
e menos vacas.

En Vilouzás iniciábase coa festa da Candeloria, en 1914 celebrouse no campo do Vinteseite, con iluminación á veneciana, globos e fogos de artificio de todas as clases. Estiveron “amenizadas estas festas por una afinada caja de música del célebre y reputado –Pastoriza- sin que faltara la tradicional gaita, tocada por el reconocido músico Sr. Abrodes, y por su simpático e ilustrado hijo José”.

Sada

Seguindo a obra de D. Emilio Santos Martínez “Cousas, contos, lembranzas da terra, do mar e da nosa xente”, chegamos ao Carnaval, que comenta como segue:

«Era costume os días de Carnaval, saír comparsas arroupadas con traxes de coores, cantando cántigas que chismeaban todo o que pasou no ano. O mesmo criticaban ós políticos, ou ós do Concello ou cousa que houbese no



pobo e que puidera servir de conto.

«Un dos máis críticos nas comparsas, era da Cruña e chamábase “Marqués de Pibela e brazos curtos”

«Todos os anos, a comparsa de Betanzos viña a Sada, aínda me lembro dos cantares dunha:

«Betanceiros, que pedindes
maldigo, pedimos nada
que hai un refrán que di
suba o pan e baixe a caña.

«Para comer e beber
non fan falla lambós,
o que queira larpeiros
en Betanzos os hai bos.

«Betanzos ten sociedade onde van a parar
os que viven sin traballar, van alí a falar
subiron as subsistencias, por culpa desos señores,
debían de gastar faldas e non levar pantalós.

«Pobres betanceiros que vai ser de nós
hai que revirarse contra esos lambós,
son catro señores que ten Betanzos aquí
despois que están cheos escapan a Madrí.

«De Bergondo, Oleiros, Iñas e outros siteos, viñan a Sada facendo o recorrido.

«Había choqueiradas, serpentiñas, papeluchos, fuciños con bigote, caretas, matasogras e antroidos. O caso era levar algo posto que chamase a atención, anque fose a chaqueta virada do revés.



«Nos salós de baile, os choqueiros tiñan que decírllo ó dono do salón os nomes diles, pra cos deixasen entrar. Tamén había mozas que se arroupaban con traxes rexionales.

«Istos bailes remataban ás catro ou cinco da mañá; ós cativos, non nos deixaban entrar.

«O enterro do antroido, facíase o derradeiro día de Carnaval. Un boneco de paia arroupado e deitado nunca caixa, saía recorrendo todo o pobo ó lombo de catro rapaces. Após da caixa, ía un home arroupado de muller, toda de loito e chorando a morte do seu home o antroido. Cando estaban cansos de andar con il ó lombo, ceibábanno ó mar ou queimábano.

«Os días de Carnavales había lacón e cachola de cocho en tódalas casas. Orellas, freixós, torrixas, rosas, buñuelos e moitas máis cousas.

«As filloas ou freixós facíanse con auga, unhas areas de sal, fariña e ovos. Unha prancha de ferro fundido, con tres ou catro moldes e con pés para facer fogo baixo deles, era a filloeira.

«Posta na lareira quentábase, queimando cepeiras ou raizallos de toxo que daban boa calor e sin fume, un anaco de touciño ben gordo, servía para refregar con il a filloeira cando ésta estivera quente. Cun cucharón, botábase polos moldes o almohado, ou caldo das filloas, vertíase pola prancha pouco a pouco. Cun coitelo sepárase a todo redor a filloa e dáselle volta, e así outra e outra, hastra encher os pratos delas. As filloas poden comerse ó saír da filloeira, rellenas ou enroladas e quentes na tixola.

«Un ano unha parexa de choqueiros, andivo repartindo polo pobo filloas malpocado aquíl que comeu nelas, pois colléu unha cagarría que non deixaba os calzós das maus.

«Nunca poido sabere quen fora aquela parexa que tanto mal fixo a algún». La Voz de Galicia o 11 de febreiro de 1934 publicaba unha nota sobre as festas de Carnaval en Sada. Na noticia é notoria unha inclinación para atraer



os lectores, mais complementa a outra partida social destas festas. Di así: «Prometen resultar concurridísimos los bailes de este año, los cuales se celebrarán en los amplios salones “La Terraza”, “Moderno” y “Royalt”, los días 11, 12, 13 y 14.

«Desde hace días se procede al adorno de los salones, los cuales a la vez lucirán artística y bien combinada iluminación.

«Empezarán a primeras horas de la tarde y terminarán a altas horas de la madrugada, amenizados ambos bailes por las orquestas Fox y la que dirige don Manuel Pérez.

«Se ultiman los preparativos de las muchas agrupaciones de zíngaras, andaluzas, holandesas y japonesas, que han de visitar los salones, derrochando buen humor.

«Asistirá a estos bailes toda la juventud sadense y de los alrededores. Es de suponer que resultarán pequeños los salones para tanta concurrencia.

«Los autos de alquiler circularán hasta el final de los bailes, estableciendo para mejor servir a los forasteros un servicio permanente. Este rasgo ha sido muy elogiado».

Non cabe dúbida de que as nosas Mariñas secundaban o Carnaval da Capital con non menor esplendidez. A mostra de Sada, esa “Perla das Mariñas”, é convincente e aínda máis a súa loita por recuperalo.



Entroidos Singulares da Provincia de Lugo

Carme Pernas Bermúdez

“O Entroido, Antroido, Entrado, Introido, Entrudio... é un tempo ou ciclo anual que forma parte importante e destacada da nosa personalidade e que está fundamente arraigada na nosa Cultura Tradicional. Realmente é a “entrada” nun novo ciclo solar chamado por unha “nova luz” que rompe os vellos e cansos esquemas do inverno e das grandes noites xa pasadas, e ofrece unha esperanza de vida e un rexurdir vizoso. Rexurdir non só da vexetación que agroma con forza (primavera), senón tamén nas anovadas enerxías que, a través de múltiples símbolos naturais, dan unha máis grande consistencia, relación e orde á comunidade –principalmente á rural”.

RIVAS CRUZ, X. L. e IGLESIAS DOBARRIO, B. **Cantos, Coplas e Romances de Cego (II)**. Recopilación de Mini e Mero. Lugo: Ophiusa Ensino, 1999. P. 303.

O obxectivo deste relatorio é facer un percorrido polos entroidos máis singulares da provincia de Lugo facendo especial fincapé en dúas das celebracións entroidadeiras máis peculiares, o Entroido ribeirao de Chantada e o Entroido de Salcedo, co antergo rito do Oso. A eles facemos unha simple achega, pois dan moito de si desde o punto de vista etnográfico e antropolóxico.

Agradecemento especial á Asociación Antropolóxica Galega por convidarme a participar nas II Xornadas sobre o Entroido de Galiza, así como a Antonio Reigosa ex-compañeiro de traballo do Museo provincial de Lugo, en cuxo marco se levou a cabo unha investigación sobre ritos e festas singulares da provincia de Lugo no seno dunha bolsa de investigación sobre o patrimonio inmaterial da provincia. Grazas a este proxecto capitaneado pola Área de Cultura e Turismo da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, desenvolveu-



se en diferentes fases un fermoso traballo no que participamos Rosa Brañas Abad, Iván Rodríguez Sabariz e a que asina o presente artigo. Parte dos seus froitos forman parte desta exposición.

Mención especial tamén ao compañeiro José Manuel Blanco Prado, catedrático e etnógrafo lucense, e ao Instituto de Estudios Chairegos, quen cederon parte do material fotográfico que expoño neste traballo.

O Entroido en Galiza, un ritual persistente

O Entroido é unha das festas máis populares que se celebran na maioría das vilas e cidades de Galiza, e tamén nalgunha parroquia e aldea, fundamentalmente das provincias de Lugo e Ourense.

A súa orixe é incerta, **remóntase nos tempos**. Existen diversas teorías, uns autores –prehistoricistas ou evolucionistas– retrotraéno á Prehistoria e á Antigüidade, en relación con ritos pagáns e festas da época grega e romana, como as Dionisias, as Saturnais e as Lupercais. Outros –medievalistas– remóntano á época medieval, definíndoo como unha festa cristiá en relación á Coresma institucionalizada no século IV.

Podémonos referir a este tempo de festa, de forma indiferente, cos termos Entroido ou Carnaval. O primeiro procede do latín *introitus*, que significa “entrada”, de feito, marca o comezo da primavera e do rexurdimento dunha nova etapa, chea de vida e vexetación. O segundo procede do vocábulo italiano *carnevale*, que indica o carácter carnal, lascivo e de fartura no comer e no beber do tempo do Entroido fronte á abstinencia dos corenta días da Coresma.

Sen dúbida, o Entroido é unha **festa universal**, que garda semellanzas en moi diversas partes do mundo, e unha celebración do ciclo anual, vencellada aos ciclos estacionais do ano e aos tempos de descanso que tradicionalmente permitía o agro.



Ao mesmo tempo, podemos definila como unha “festa total”, que acolle moitas connotacións, rituais e significados, sempre dentro do “mundo ao revés” que significa, de exaltación da carnalidade, da luxuria, do xogo e da diversión. Algúns dos seus caracteres máis salientables son: a inversión de valores, a parodia, o exceso, a risa, o rito arredor da máscara e do disface, a licenza e liberdade, as bromas e os xogos, a burla e crítica social e política e, tamén, a lección pedagóxica, para educar á sociedade en que os excesos destes días non son bos para o resto do ano. Neste punto teñen incidido os antropólogos Antón Fidalgo e Marcial Gondar.

A lei do Entroido obriga a todos a acoller ben as bromas, a recibir na casa as máscaras, a obsequialas con comida, viño ou diñeiro, a aturar que boten a un fariña, formigas, auga, borralla, a acoller ben a crítica e a parodia de determinados veciños, casas, oficios, poderes, etc...

O **calendario festivo do Entroido** adoita variar en función de como caia a Semana Santa, e sempre corenta días antes da Pascua e a principios de ano, entre febreiro e marzo, no tempo de transición entre o inverno e a primavera, vinculada co renacer de todo elemento vivo: plantas, hortas, árbores, flores... e tamén persoas e animais. Por iso, podemos definila como unha festa móbil. O ciclo da festa tamén cambia en función da localidade, chegando a durar practicamente un mes ou incluso máis en lugares como Chantada, Xinzo de Limia..., onde o celebran varios domingos anteriores aos días grandes de domingo e martes de Entroido.

O ciclo habitual do Entroido inclúe o domingo Fareleiro (ou Oleiro), o xoves de Compadres, o domingo Corredoiro, o xoves de Comadres, o domingo, luns e martes de Entroido, o mércores de Cinza, e sábado e domingo de Piñata. Os días grandes varían por localidades.

Os xoves de Compadres e Comadres tiña lugar antano unha auténtica batalla campal entre os homes e as mulleres do pobo: os homes eran os encargados de realizar os compadres, bonecos de palla que representaban aos veciños, e as mulleres as encargadas de realizar as comadres, que representa-



ban ás rapazas da comunidade. Pendurábanse en balcóns ou lugares vistosos e facíanse gardas para que os bonecos non fosen roubados polos do sexo contrario. Finalmente queimábanse para celebrar a chegada do Entroido. Trátase dunha práctica xa case perdida, que quedou reducida á exposición e concurso de bonecos cómicos e satíricos en zonas como o Val lucense de Lemos: Bóveda, Monforte, Sober, Pantón, A Pobra de Brollón e O Saviñao, todos na provincia de Lugo.

Outra práctica tamén desaparecida, esta xa na súa totalidade, é a corrida de galos, un xogo cruel consistente en enterrar ou pendurar un galo dunha corda e intervir unha rolda de rapaces ata que finalmente o decapitan. Outros xogos, menos brutos, que se conservan, son o xogo das olas, así como outros xogos, persecucións e competicións propias deste tempo.

Pero de todos os actos que integran o Entroido, sen dúbida, é o do **ritual de enmascaramento** un dos máis salientables destas datas, o acto de ocultarse tras da máscara, para facer rir aos demais, para ridiculizar, para inverter os papeis, disfrazándose de muller ou home, de rico, de vello..., onde reina a improvisación e a imaxinación.

Os vestidos (roupas vellas ou novas, máscaras artesanais ou comerciais...), ditos e feitos das máscaras tenden á **teatralización** e á **parodia** de feitos e acontecementos diversos que acontecen na comunidade máis próxima ou en relación con novas de actualidade.

Habitualmente, as máscaras adoitan ser diferentes nas urbes e no rural, con maior peso de influencias exteriores nas mascaradas urbanas, sobre todo nos desfiles de comparsas e no estilo das vestimentas, máis refinadas e aburguesadas.

Outra diferenza entre as mascaradas atopámola no disfrace e no papel que desempeñan á hora de correr o Entroido, unhas máis farrapentas e vellas e outras máis elegantes e coidadas.



Máscaras coñecidas do Carnaval galego son: os cigarróns de Verín, os peliqueiros de Laza, o oso de Salcedo, os volantes de Chantada, os troteiros de Bande, as pantallas de Xinzo de Limia, os boteiros de Viana do Bolo e de Vilariño de Conso, os felos de Maceda, os xenerais do Val do Ulla, os fareleiros de Pastoriza, os merdeiros de Vigo, os choqueiros de A Coruña, os madamitos e madamitas de Cotobade, as madamas e danzantes de Salcedo, as madamas e galáns da Limia, o labardeiro e a señorita de Mugares (Toén), etc...

O Entroido adoita ser representado como boneco de palla ao que xulgan polas súas malas prácticas e acaban queimando, pois representa o preguiceiro, o mentireiro, o lambón, o demo... todo o mal da sociedade.

Neste acto final da festa, bótanse **sermóns** que nunhas ocasións acusan ao Entroido de malo e noutras satirizan os feitos que ocorreron na aldea, vila ou cidade durante todo ese ano. Soen ser improvisados e elaborados por poetas e escritores populares locais que saben plasmar por escrito ocorrencias e sátiras ben contadas e rimadas. A modo de exemplo, a seguinte estrofa extraída dun sermón do Entroido de Val de Francos, en Castro de Rei, no corazón da comarca lucense da Terra Chá:

*Aló pola zona nosa
hai curas moi preparados.
Todos recollen pra eles.
Son coma os vermes dos prados.*

Ademais, en numerosas ocasións o **Entroido** chega a nós representado **como Santo**, como aparece en cantigas relacionadas con esta festa:

*Este é o Santo Entroido
é o Santo verdadeiro
o que quere o Santo Entroido
é que lle enchan o calleiro.*



Outra faceta non menos importante do Entroido é a relacionada co mundo da gastronomía. Como **tempo de fartura no comer e no beber** é un tempo ideal para xuntarse en familia e amigos e comer especialmente produtos de carne de porco, tales como cachucha, rabo, lacón, xamón, costela, chourizo, botelo, touciño, soá, androlla,... acompañados de grelos, repolo, patacas, garavanzos e freixós. Tamén é tempo de comer outras carnes, como o cabrito, pito, cordeiro, tenreira... Como complemento, numerosos postres caseiros especiais como as orellas, rosquillas, flores fritidas, bica, roscas e filloas, entre outros. Así se entende o refrán *“Alegría, alegrote, que está o rabo do porco no pote”*.

O Entroido, festa censurada no pasado

Logo da multidimensionalidade que vimos sobre o Entroido como “festa total”, non é de estrañar que os poderes eclesiásticos, civís e militares teñan prohibido en momentos “negros” da nosa historia esta manifestación tan propia do pobo.

O Entroido foi fortemente censurado e prohibido dende a guerra civil do 36 e durante a ditadura franquista até os anos sesenta, anos de maior tolerancia nos que se vai recuperando paseniñamente nas zonas onde tiña máis longa tradición. Este é un apartado da historia do Entroido moi interesante, que revela o poder do pobo fronte ao poder político e eclesiástico, que non conseguiu acabar con esta festa. O pobo seguía a celebrala aínda que sabía que corría grave risco de ser multado ou requisado, pois era unha forma de diversión moi arraigada. A represión chegou incluso ás casas cando os pais prohibían disfrazarse aos seus fillos, influídos polos duros sermóns dos cregos contrarios ao Carnaval e pola presión exercida polos Gobernadores Civís, os Alcaldes e as forzas garantes da orde: a Garda Civil, que **consideraban o Carnaval unha festa escandalosa na que se alteraba a orde pública, non só a través das mascaradas e escenificacións senón tamén a través dos sermóns e dos escritos**. Estas pezas eran menosprezadas polos poderes civís e eclesiásticos e foron tamén censuradas e requisadas.



O sociólogo Bernardo García Cendán fai unha interesante reflexión neste senso (*Máis de media ducia de escritores chairegos e o Antroido*. 1993, p. 51): “(...) nunca puiden entender, cando era neno, por que tiñan prohibida aquela festa que a min me gustaba tanto. Buscaba calquera farrapo para disfrazarme, agora é todo moito máis sofisticado e comercializado, o que é unha mágoa, porque ate a xente máis rica aproveita para diferenciarse mercando as cousas máis caras e segue sen saber rir debaixo da máscara. Eu corría tras dos mozos que, desafiando as leis, facían con moito detalle o enteiro da sardiña na miña vila de Vilalba. Inda me recordo do que nos divertía adiviñar mesmo o intre en que ían aparecer os gardas para desfacer-la procesión. Procesión na que participaban os mesmos que despois tamén acudían, piadosamente á seriedade dos “caladiños” na Semana Santa”.


Hai constancia na historia de numerosos Bandos de Alcaldías, Ordes, Ordenanzas e Decretos restritivos ditados polas autoridades políticas conservadoras e eclesiásticas coa desculpa de manter a orde pública.

Nos anos da guerra, emitíuse unha Circular en Valladolid que se distribuíu por todos os Gobiernos Civís e estendeu a prohibición do Entroido en todo o Estado español poñendo como escusa os tempos de guerra que se vivían. Rematada esta, séguense emitindo Circulares nesta dirección. Faise reveladora a declaración da Dirección Xeral de Seguridade Franquista en 1951, que manifesta abertamente a guerra contra o Entroido:

“Próxima la semana de quincuagésima y continuando en vigor la prohibición de toda manifestación callejera de Carnaval, aunque tolerados en privado los bailes de sociedad con trajes de época que no constituyan disfraz, y sin velar el rostro en ningún caso, o momentánea aparición en las calles de personas que con uno de dichos atuendos autorizados en su inevitable desplazamiento de ida y regreso, puedan servir de pretexto para presentarse en público arbitrariamente disfrazados con ropas astrosas unos e incurriendo otros en la poco original y recusable extravagancia de vestir prendas de su sexo contrario, la cara tiznada y dando muestras en chabacanas pandillas de una ruidosa euforia a la que no suele ser ajena la ingesta alcohólica, que



les ayuda a vencer el pudor de su ridícula situación, para evitar excesos se recuerda la prohibición existente y se hace público que los agentes de la autoridad procederán a la detención de estos tozudos de mal gusto, que serán severamente sancionados”.



Por suposto, tamén temos exemplos máis cercanos como un Bando do Alcalde de Vilalba nos anos 50 do pasado século onde se desautorizaban toda clase de máscaras en lugares públicos e se toleraban os bailes privados de sociedades e círculos recreativos con traxes de época ou rexionais sen que chegaran a constituír disface, sen tapar a cara e, por suposto, coa oportuna autorización.

A esta **“Cruzada anti-Carnaval”**, como ben ten acuñado Federico Cocho, seguiu unha lenta recuperación dos Entroidos e entroidadas máis enraizadas, en aldeas, pobos e vilas de toda Galiza, moitas veces grazas á labor dos colexios, asociacións de veciños, colectivos culturais, grupos musicais, Concellos e institucións a partir de finais dos anos setenta e principios dos oitenta, en que a democracia xermola pouco a pouco tras unha longa noite de pedra, de escuridade e de represión.



E con isto chegamos aos días do presente, nos que son moitas as persoas implicadas na recuperación e revitalización do vello Entroido. Pero, por moito que queiramos, **o Entroido xa non é o que era**, porque os tempos mudan, e mudaron moito nas últimas décadas. As persoas notamos este cambio, e sobre todos os maiores, pero tamén o notan as festas, porque se transforman. Cando falamos cos nosos vellos non se cansan de repetir que o Entroido de agora “*non vale nada*” e non se asemella para nada ao Entroido de antes, no que eles participaban.

Antes o Entroido era unha festa que implicaba a participación de moita xente. As nosas aldeas estaban poboadas e as nosas familias eran numerosas, e había moita xente nova. Hoxe as aldeas están cada vez máis baleiras de xente, porque obedecemos a un triste cambio social propiciado por unhas políticas sempre contrarias ao mundo rural, e sempre favorecedoras dun capitalismo e urbanismo feroces, no que os valores son outros e pesa o materialismo por enriba de todo.

O cambio social reflíctese tamén nas festas e, neste caso, no Entroido, onde as vellas formas e as antigas mascaradas rurais están perdendo protagonismo en favor dun Entroido máis urbanita, comercial e burgués que se centra liza nas vilas e cidades con desfiles de comparsas e charangas, premios e bailes de disfraces, onde a xente vai lucirse e vai gañar o premio máis que facer burla como antano e facer mascaradas con roupas vellas que había nas casas. Aproveitábase calquera prenda para taparse e ir de máscara, cousa que agora non acontece, pois precisamos mercalo todo. **O novo Entroido entra na lóxica do mercado e do capitalismo.**

Ademais, convértese nunha festa na que prima máis o espectáculo pensando en fins turísticos que a participación e a implicación nela. Agora somos máis espectadores que participantes, antes era case ao revés. Isto acontece en calquera festa de interese para o patrimonio inmaterial do noso pobo, pensemos nas festas das mallas, das rozas ou das fías, que se converten en recreacións artificiais do que antes era real. Aínda así non se lles pode negar o seu carácter didáctico cara as novas xeracións descoñecedoras dese pasa-



do dos avós.

Este **proceso de** modernización, turistización e **espectacularización** faise cada vez máis notorio e é debido a moitos factores, como teñen estudado numerosos investigadores galegos e de fóra de Galiza: a introdución de novas modas máis refinadas e burguesas a partir de mediados do século XIX, a forte emigración, o envellecemento da poboación rural, o abandono do campo propiciado por políticas desfavorecedoras e que fomentan escasas expectativas para a vida no rural, a importación do modelo americano e a globalización e mercantilización da nosa sociedade, os novos gustos dos emigrantes retornados que desprezan todo o que cheira a enxebre e galego, a chegada de novas formas de diversión e de entretemento (a televisión, internet, a discoteca...), etc... Sobre isto último inciden moito os nosos maiores cando, falando da desaparición do vello Entroido, bótanlle a culpa directamente a estas novas formas de diversión. Agora entendemos a afirmación de Cocho cando dicía que *“a socioloxía, e non a represión, acabou co Entroido rural”*. (*O Carnaval en Galicia*, 2007, p. 245).

Actualmente en Galiza subsisten por manter a pureza contra os ataques da modernidade, Entroidos coma os de Viana do Bolo, Xinzo de Limia, Laza, Verín e Manzaneda en terras de Ourense, os da comarca do Ulla en Pontevedra e Coruña, e os da Ribeira Chantada e Salcedo (A Pobra do Brollón) en Lugo. Pero a Terra Chá tamén ten o Entroido de Val de Francos en terras de Castro de Rei, que conserva importantes ingredientes da vella festa da que estabamos a falar.

O mantemento destes Entroidos non é casual, e obedece ao desinteresado traballo dinamizador de moita xente en aras de recuperar o vello Entroido. Nesto xogan un papel importante os apoios e axudas económicas por parte de institucións, como Concellos, Deputacións e Xunta de Galicia, que participan nese **proceso de recuperación, revitalización e reinvencción do Entroido**. Para algúns estudosos, como Marcial Gondar, o apoio institucional convértese nun perigo para a propia festa porque as cousas subvencionadas polo poder nunca son boas, pois son manipuladas e controladas.



Institucionalízanse e organízanse de forma forzada e automática, e con elo pérdese “o encanto” da festa: “(...) *Estamos nun momento en que os políticos, co engado das subvencións e das axudas, están comezando a manipular o Carnaval como antes o fixo a Igrexa. Aprender das trampas do pasado pode ser un bo camiño para que o potencial creador que se xera nun entroido reverta no pobo que o crea e non volva a servir para a reprodución ampliada da dominación*”. (*Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e o nós outros*. 1993, pp. 173-174).

De todos os xeitos, por sorte ou por desgraza, en moitas ocasións ben cadra destas axudas institucionais para “tirar pola corda” e intentar afianzar a festa do Entroido, que como todo ou morre ou se renova. Non queda outra, os tempos mudaron e as festas tamén.

O Entroido na provincia de Lugo

Se facemos un percorrido pola xeografía festeira da provincia de Lugo, moito temos que contar sobre as vellas formas de celebrar o Entroido, porque é ben certo que non todo se reduce ao famoso “trío Verín–Laza–Xinzo”: as falcatruadas, as corridas do galo, o enmascaramento e o percorrido polas casas dos veciños, os sermóns, os enterros da sardiña, a queima do Meco ou Entroido, as xuntanzas para comer e beber, para divertirse, para comunicarse...

Lembranzas e historias agardan por nós en tódolos Concellos que compoñen a Mariña lucense ao Norte da provincia, a Chaira en terras do interior e no Val do Lemos e contorna nas terras do Sur, en vilas, parroquias, lugares e aldeas.

Toda a provincia, ao igual que acontece no resto de Galiza, acolle unha serie de **celebracións entroideiras comúns**, como os concursos e desfiles de murgas e comparsas, cos seus correspondentes premios, a queima do Entroido e os enterros da sardiña. Estes últimos, como celebración relativamente moder-

na importada de Madrid no século XIX, celébranse en moitas vilas e cidades da provincia, de entre as que destacan Viveiro, Burela, Vilalba, Chantada, Monforte, Sarria, Lugo...

Todas as vilas da **Mariña lucense** celebran este tipo de actos o martes de Entroido, o mércores de cinza, o sábado e o domingo de Piñata, cunha peculiar prolongación da festa no fin de semana posterior ao día propio de Entroido. É o caso de Ribadeo, Mondoñedo e Lourenzá. Un acto que se repite nas principais vilas mariñeiras son os desfiles de comparsas, en Viveiro, Ribadeo, Foz, Burela, Mondoñedo, San Cibrao, Lourenzá, Cervo...



*O gran Entroido de Ribadeo, cuxa queima se celebra o Domingo de Piñata
(Foto: J.M. Blanco Prado)*

Xa no **interior lucense**, destacan tres entroidos pola súa singularidade: o da cidade de Lugo, o de Val de Francos no municipio chairego de Castro de Rei e o de Vilalba, capital da comarca da Terra Chá.

En **Lugo**, aparte dos habituais desfiles de comparsas e disfraces do martes de Entroido, destaca a celebración do enterro da sardiña o mércores de Cinza recuperado nos anos 80 do século pasado pola asociación Pepe Barreiro, logo de 50 anos de ausencia. Realízase unha procesión satírica dun enterro cristián que percorre as rúas máis céntricas da capital, na que interveñen cregos, sancristáns, portaestandartes, pranteiras ou choronas, auto-



*Enterro da sardiña na
cidade de Lugo
(Foto: J.M. Blanco Prado)*



ridades e acompañantes. Remata coa lectura de discursos, ferretes e sermóns de crítica política local, á que prosegue a inhumación simbólica da sardiña.

No chamado **Val de Francos**, que aglutina catro parroquias de **Castro de Rei**: Ansemar, Balmonte, Goberno e Viladonga, celébrase o Entroido desde hai moitos anos, coas habituais mascaradas, ruadas e entroidadas rurais. Antano trasladábase o Entroido en carro e ía visitando as diferentes casas da veciñanza, ademais de celebrar a tradicional corrida do galo, xa desaparecida, da que hai constancia fotográfica. O elemento crítico e parodístico tamén estaba presente co recitado de sermóns e a queima do Meco dando remate á festa. O Meco, un boneco de palla vestido con roupa vella e con certos atributos realzados, representa ó Entroido e a todos os males das parroquias que o celebran.

Por diversas razóns, entre as que destaca a crise do medio rural das últimas décadas, o Entroido de Val de Francos deixou de celebrarse durante algún ano entrando nunha forte decadencia da que saíu a partir de 1992, ano no que rexorde con forza grazas ao nacemento da asociación cultural Val de Francos e á dinamización do crego Xosé Manuel Carballo Ferreiro. O seu obxectivo era revitalizar a celebración e recuperar o vello Entroido. Tres parroquias uníronse para conseguilo: Ansemar, Balmonte e Goberno, e dende aquela celébrase sen interrupción no Campo de Carril de Ansemar os dous días principais: sábado e martes de Entroido. O sermón de 1992 reflectiu este momento con gran acerto nalgunha das súas estrofas:



*Xa que tres pobos se uniron,
con unha grande ilusión,
nunha tarde de harmonía
fan esta celebración.*



*As antigas corrida de galo
de Ansemar (Val de
Franco, Castro de Rei)
(Foto: Bernardino
Barreiro)*

Os actos principais son a celebración de concursos de disfraces, o recitado do sermón, a lectura do testamento, o xuízo e a queima do Entroido, ademais de xogos de maxia e actuación de orquestras. Unha recente incorporación dos últimos anos é a introdución do testamento e do xuízo do Entroido, no que participan varios personaxes: un pregoeiro, os relatores das trasnadas do Entroido, o alguacil, o avogado defensor, o fiscal e o xuíz, de cara a darlle máis vistosidade e máis realismo á festa, coma se dun verdadeiro xuízo se tratara. Xusto a continuación é o momento da queima, no que o Entroido se esnaquiza no medio do gran balbordo provocado pola pólvora, petardos e fogos de artificio.

Os sermóns e xuízos son elaborados por veciños que non posúen estudos pero si suficiente destreza e mestría para redactar versos rimados nos que adoitan realizar cun sentido crítico un repaso ao modo de actuar do clero, ao comportamento da xuventude e dos adultos homes e mulleres, aos feitos dos políticos locais e estatais, aos feitos dos solteiros e casados, ao xeito de levar a cabo diferentes oficios (labregos, carpinteiros, zoqueiros, albaneis...), xunto cunha serie de consellos e sabias recomendacións para o público de todas as idades.



As máscaras participantes son o Entroido, os fareleiros e variados disfraces, máis ou menos orixinais e máis ou menos comerciais, dependendo da destreza e imaxinación de cadaquén. Os fareleiros son os encargados de velar pola orde no campo da festa así como de abrir paso á comitiva do Entroido, que adoita chegar nun carro ben adobiado de flores e vexetación do momento. Visten de branco con roupas e peles, unha carauta e un singular elemento que os identifica: un saco cheo de fariña pendurado dun pau ao lombo. Nos últimos anos o Entroido de Val de Francos está vivindo un gran impulso grazas á labor da asociación e da veciñanza, pois cada ano acode máis xente do Concello de Castro de Rei pero tamén dos arredores e mesmo da capital lucense.



*Os fareleiros do Val
de Francos
(Foto. J.M. Blanco Prado)*

Outro Entroido que segue a mostrar grande vitalidade no presente é o de **Vilalba**, máis podemos dicir que tivo momentos de gran florecemento a principios do século XX e nos anos 60 e 70 do mesmo, en que interviñan numerosas comparsas, tunas e murgas con composicións musicais e representacións teatrais que se organizaban para a ocasión. As antigas comparsas vilalbesas eran moi numerosas e adoitaban levar un padriño e unha madriña como representantes. Son moitas as fotografías que testemuñan a importancia do Carnaval vilalbés, boa parte das cales se conservan no arquivo fotográfico do Instituto de Estudos Chairegos.



O Entroido urbano, de tanta tradición na vila, diferénciase do Entroido rural, celebrado nas diversas parroquias que compoñen o Concello. Nestas eran frecuentes os percorridos das mascaradas coa carroza do Entroido polas casas dos veciños, as corridas de galos, o percorrido de entroidos e máscaras con campás e chocas pedindo polas casas, a confección de entroidos trancando camiños ou pendurando das portas das casas feitos con cabezas de nabos, cabazas..., o roubo e o intercambio de apeiros de labranza, a queima do Entroido, a participación de veciños botando o sermón do Entroido, parrafadas en verso nas que se criticaba a boa parte da veciñanza, entre outras falcatruadas, xuntanzas e entroidadas diversas.



"Los Pollos Pera", Vilalba 1929. (Arquivo IESCHA)



"Los Caballeros del Castillo", Vilalba 1933. (Arquivo IESCHA)

Na actualidade, o Entroido das parroquias está practicamente desaparecido, salvo algún acto testemuñal celebrado por puntuais asociacións de veciños, en Lanzós, Santaballa, Carballido, etc..., onde non falta o concurso de disfraces, a música, o baile e a xuntanza arredor da boa comida.



Na vila os actos importantes transcorren o luns de Entroido, co famoso baile do Club de fútbol Rácing Vilalbés, o martes de Entroido co concurso de comparsas e disfraces en diversas categorías e o mércores de Entroido co enterro da sardiña, interpretado pola Escola de teatro municipal. No enterro celébrase unha procesión, un xuízo e unha queima que pon fin ao acto.

E se reparamos nas **terras do Sur da provincia**, salientan os compadres e comadres do Val de Lemos, principalmente en Monforte, Bóveda, Pantón, A Pobra do Brollón, O Saviñao e Sober. Daquela rudimentaria confección dos antigos bonecos de palla que representaban aos mozos e mozas das parroquias, que acababan pendurados dos lugares máis altos, chegando a unha verdadeira loita de sexos os xoves de Compadres e Comadres, pasamos hoxe en día a unha recreación daquel pasado.



*Comadres "Noivas buscando a un millonario",
Piñeira, Monforte
(Foto J.M. Blanco Prado)*

Hoxe representan situacións actuais, críticas, oficios tradicionais... e son expostos nas diferentes aldeas, premiados nunha dobre categoría: etnografía e crítica social, en modalidade colectiva ou individual. Participa a veciñanza de forma individual ou a través de asociacións pero tamén, e de forma moi activa, os diversos centros de ensino. A imaxinación e a retranscrición das súas anchas na elaboración destes compadres e comadres, feitos con gran humor e enxeño.

Finalmente, referímonos de forma especial a dous Entroidos ben singulares, como son o Ribeirao de Chantada e o Salcedao de A Pobra do Brollón, dos



que falamos a continuación.

O Entroido ribeirao, o máis longo da provincia

Dende tempos que descoñecemos a Ribeira do Miño celebra con especial entusiasmo o Entroido. Antano celebrábase en todas as parroquias que conforman a Ribeira ao seu paso por terras de Chantada, Saviñao e Pantón, pero hoxe quedou reducido ás parroquias chantadinas de Nogueira de Miño e Santiago de Arriba, e fundamentalmente esta segunda.

Deixou de celebrarse en momentos negros da nosa historia, como a guerra civil e os primeiros anos da posguerra, dada a dura represión exercida sobre esta peculiar festa.

O cambio social da segunda metade do século XX, que arrastrou consigo un forte despoboamento, provocou unha clara discontinuidade na súa celebración, ata que se recupera con forza a partir dos anos 80. Pero será a partir do **2001 co nacemento da Asociación de Amigos do Entroido Ribeirao**, como xermola con gran forza esta festa, pois os seus membros teñen clara a súa aposta pola revitalización e posta en valor do Entroido Ribeirao conforme ás raíces, intentando gardar a súa esencia e evitando desprazalo á vila de Chantada.

O **ciclo** desta festa é dos máis longos dos Entroidos da provincia de Lugo con celebracións continuadas dende practicamente o remate de Nadal: Domingo Lambedoiro, Domingo Corredoiro, Domingo de Entroido e Martes de Entroido. Durante estes días os actos repítense: pola mañá, pasarrúas cos volantes, peliqueiros e gaiteros, polas diferentes rúas e corredoiras de Santiago de Arriba, e pola tarde, os volantes compren co rito de tripar as hortas, acometen as súas típicas danzas e os mecos representan os diversos oficios.

O **compoñente musical** é importante e singular, pois os pasarrúas son protagonizados sempre por unha mesma peza, a coñecida como “**marcha do**



Entroido Ribeirao”, á que hai que engadir os peculiares sons das campaiñas dos volantes e as chocas dos peliqueiros como anunciadores da festa e afasadores do mal. Ademais o reino da risa, do baile e do bo comer non faltan no campo da festa, onde se localiza a antiga escola: o Campo do Moredó.

As **máscaras** que entran en acción arredor deste longo tempo festivo son os volantes, os peliqueiros ou maragatos, os mecos e as corozas.



*O volante ribeirao
(Santiago de Arriba,
Chantada)*

O **volante** é a máscara máis característica deste Entroido, elegante e refinada, co seu traxe de vistosas cores, o pucho (sombreiro), o cinto ou *corrión* de campaiñas e a súa caiada. Adoita ser un mozo forte e recio, capaz de sopor tar a carga do pucho e o *corrión*, danzar e bailar a un ritmo constante, facendo soar as campaiñas. O cinto soe levar 24 campaiñas (12 machos e 12 femias de sons graves e agudos, respectivamente) e o pucho está adobiado con 130-140 caraveis (flores de papel), dúas monecas, cinco plumachos e unha morea de cintas de cores que colgan ata o chan, chamadas *colonias*.

O seu rostro vai tapado cunha *carauta* elaborada de forma artesanal, para o que se empregan diferentes moldes de madeira coa forma dunha cara, que se cobre de masa de fariña, pano de liño e papel de periódico, lévase ao forno, sécase e recórtase. Finalmente recóbrese cun pano, vernízase con xema de ovo e decórase humanizándoa con bigotes, cabelo, ollos..., pintándoa ao gusto de quen a porte.



Como curiosidade, destacar a importancia do *corrión* de campañas, cuxa colocación e son non é arbitrario senón coidadosamente afinado polos vellos e entendidos da parroquia. De aí a diferenciación entre campañas machos e femias.



As carautas artesanais dos volantes



Os corrións coas campañas dos volantes

O volante ten un carácter ritual. Danza, tripa as hortas para traer boa colleita, afasta o mal co ruído das campañas. Non en vano os mozos ribeiras senten orgullo e fachenda cando van de volantes. Hai tamén quen identifica ao volante cun antigo recadador de impostos, unha personaxe medieval que ía polas casas en busca do pago tributario, escoltado polo peliqueiro ou maragato que era o seu servinte.

O **peliqueiro**, tamén coñecido como maragato, é unha personaxe farrapenta e descoidada, vestida con roupa vella por riba da cal leva peles de animais (cabra, ovella, cordeiro, raposo, coello ou boi), unha choca colgada á altura



da cintura e un cinto a modo de fusta. A súa función principal é ser o gardián e servinte do volante, abríndolle o paso nos “pasacalles” e defendéndoo para que ninguén o toque ou se acerque a el. Nas representacións dos oficios, tamén defende aos mecos e ten as súas escaramuzas cos visitantes e co público.



*O peliqueiro ribeirao
(Santiago de Arriba,
Chantada)*

Os mecos son as máscaras rudas, vestidas con roupas vellas e con carautas improvisadas. Son as encargadas de representar os oficios, pequenos teatros mímicos onde se escenifican todo tipo de actuacións relacionadas coa vida no campo, coa vida e anécdotas da parroquia e con noticias políticas de actualidade. A través deles ridiculizan, critican ou parodian comportamentos e profesións especializadas, como por exemplo: barbeiros, ferreiros, panadeiros, cregos, avogados, médicos... Algúns temas representados son a vendima, a recolección da mel, arar a terra, unha barbería, a capadura do porco, a misa, o casamento, etc...





Os mecos ribeiraios adoitan representar oficios e actividades tradicionais de Galiza

As corozas son máscaras vestidas cunha antiga corozza de palla, que lles da o nome, das que antano servían para gardarse do frío e da neve nas zonas de montaña. Adquire un papel máis ben secundario que case pasa inadvertido, pero aínda así a súa misión é claramente entroideira: mollar á xente cunha sulfatadora, botarlle fariña, etc...



*As corozas do Entroido Ribeirao
(Santiago de Arriba,
Chantada)*

O Entroido remata cun acto de marcado interese: **a despedida do pucho**, que ten lugar o martes de Entroido, escenificado no Campo do Moredo por todas as máscaras que interveñen ao longo deste tempo de festa, a modo de cerimonia **final de despedida do Entroido** onde danzan e choran arredor dos puchos dos volantes pousados no chan. Nalgunha ocasión recitaban a seguinte estrofa:



*Adiós martes de Entroido,
adiós meu amiguiño,
ata Domingo de Pascua,
non como máis touciño.*

Hoxe, e grazas ao traballo da Asociación de Amigos do Entroido Ribeirao, este Entroido ten asegurada a súa permanencia tan só pola importante implicación que están a facer os seus membros coa mocidade e cos nenos e nenas. Cada vez é máis habitual ver volantes e peliqueiros nenos e nenas e mozos e mozas, e cada ano que pasa en maior número, o que é moi positivo.

O Entroido de Salcedo, un dos máis ancestrais de Galiza

A historia do pobo de Salcedo está intimamente ligada á festa do Entroido, que cada ano se vive de forma especial **dende tempos inmemoriais**. Nin o forte despoboamento da segunda metade do século XX, nin a represión franquista, foron quen de acabar con ela. O Entroido vive certa decadencia entre os anos 80 e 90 do pasado século, pero recupérase con forza grazas ao nacemento en 1997 da asociación de veciños de Salcedo, que se implica na súa revitalización e posta en valor.

O **ciclo** do Entroido en Salcedo era máis longo antano, case tres semanas, coa celebración do Xoves de Compadres, o Xoves de Comadres e o domingo Corredoiro. Nestes días era patente a rivalidade entre os homes e as mulleres do pobo, con xogos, carreiras e bromas de uns tras dos outros. A tradición dos compadres e comadres ven de moi antigo. Eran bonecos de palla, cartón ou papel, confeccionados polos mozos e mozas da parroquia, que facían pendurar dos balcóns das casas para ridiculizar ao sexo contrario, finalmente queimados no medio dunha gran algarabía. Hoxe esta práctica quedou reducida á exposición destes monecos polas rúas de Salcedo en tempo de Entroido, de forma similar a como se fai no resto dos concellos do Val de Lemos, citados anteriormente.



Hoxe en día, son catro os días grandes da festa: sábado, domingo, luns e martes de Entroido. Durante estes días sucédense numerosos actos, que podemos aglutinar en **tres grandes ritos: o oso, o morrión e o teatro**. Aparte, o compoñente musical pon a guinda con actuacións diversas a cargo da banda parroquial de Salcedo (de instrumentos musicais artesanais), orquestras, charangas e grupos de gaitas. Non faltan tampouco os cegos, que rememoran os dos vellos tempos, que cos seus cantares ambientan as rúas de Salcedo momentos antes de saída do Oso.

O sábado e o domingo son os días grandes do teatro, onde a veciñanza de Salcedo intervén representando numerosas obras con grande éxito de público. O domingo e mailo martes sae o morrión, no que participan as madamas e danzantes, os disfraces de campo e a banda parroquial. O luns, -antes máis íntimo para o pobo-, hoxe estase convertendo no día principal, que é cando sae o Oso cos seus criados, o rito máis antigo deste Entroido. O espazo onde transcorre a festa é a praza céntrica da aldea e as estreitas rúas que conflúen arredor.



*O Oso de Salcedo
(A Pobra do Brollón)*

As **máscaras** que interveñen son o Oso e os criados, as madamas e os danzantes e os disfraces de campo.



Fai de **Oso** un home vestido con peles de ovella que tisma, coa axuda dos criados, a todos os asistentes á festa. A figura do Oso é encarnada por un rapaz rexo e forte, que ten que ser capaz de aguantar correndo tras da xente durante máis de dúas horas, e de soportar o peso das pelicas que viste. O Oso é un animal que garda moita simboloxía, e que está en íntima relación coa realidade oseira que hai anos había nestas terras, cando os osos campaban polas montes e entraban nas alvarizas na procura do rico mel.

O Oso simboliza a universal loita entre o ser humano e o animal, entre a cultura e a natureza, pero tamén o anuncio da primavera, a felicidade, a fertilidade, a protección, etc... Garda relación con outros osos carnavalescos do Norte da Península ibérica e do mundo.



Os criados ou axudantes do Oso no momento de atrapar ás súas vítimas

A figura dos **criados** non é menos importante, pois é o principal axudante de que se serve o Oso para atrapar ás súas vítimas ao berro de *¡Oso, Oso!*. Son mozos fortes da aldea que saen en número indeterminado, en aumento co paso dos anos debido á maior afluencia de xente. Teñen saído só dous, pero hoxe soen saír oito, vestidos con teas de saco e acompañados dun caxato co que se axudan para cazar as presas do Oso e agarralas mentres este non chega para tismalas. Ao igual que o Oso, levan a cara tapada. Tanto o Oso coma os criados representan as máscaras farrapentas e feas deste Carnaval. Nos últimos anos, saen un grupo de nenos que fan de Oso e criados, momentos antes de saír o rei-Oso que todos esperan.



Fronte a estas máscaras, esta o contrapunto das **madamas** e os **danzantes**, que son os disfraces finos do Entroido de Salcedo que representan as clases altas ás que o pobo tenta ridiculizar. Visten de traxe de gala, as madamas de traxe branco con chamativo sombreiro do que colgan fitas de cores (colónias) e os danzantes de traxe negro, con garabata e pucho. Gardan relación coas madamas e galáns que saen noutras localidades galegas durante o Entroido. A súa función é saír no morrión, en parella e bailando numerosas pezas ao son da música durante o pasarrúas que fan o domingo e o martes de Entroido.



*As madamas e os danzantes de Salcedo
(A Pobra do Brollón)*

Por último, os **disfraces de campo** son máscaras que visten de forma farrapenta e desigual, con roupas e carautas de todo tipo. Saen no morrión, onde



a través de representacións mímicas e cómicas, parodian diversos oficios tradicionais, profesións liberais e noticias de actualidade, da aldea ou de rango estatal ou incluso internacional. Gardan similitude cos mecos dos oficios do Entroido ribeirao de Chantada. A banda parroquial de Salcedo, que nos últimos anos viste con vistosos traxes de cores, tamén forma parte dos disfraces de campo que interveñen no morrión.

Os disfraces de campo: a Banda parroquial de música con instrumentos artesáns a modo de turuta



Sen dúbida, o Entroido é un dos acontecementos máis importantes da aldea de Salcedo, por seren un dos momentos festivos que máis xente xunta na aldea, tanto a que reside noutras zonas por mor de traballo como a que se achega como turista ou visitante. Trátase dun rito que cada ano colle máis forza porque cada vez é máis coñecido pola promoción e revitalización que está a a levar a cabo a asociación de veciños. Un ingrediente esencial deste Carnaval é **o teatro**, que en Salcedo conta con moita tradición, converténdose nun elemento aglutinador grazas ao cal se mantén viva esta festa.

Outras loitas, cos solteiros e os casados como protagonistas, eran típicas das festas do inverno. Darei unha pequena lista, nas que estes combates rituais se desencadeaban en torno a un carro:

- en varios entroidos polos concellos da Merca (no lugar de Taín, da parroquia de S. Mamede de Urrós)⁵ e de Cartelle (Teixugueiras).
- na provincia de Alacant, temos as festas do “*Rey Moro*” de Agost, coa batalla entre *els tarongers* (de 17 anos), *els danseros* ou *ballaors* (de 18 anos), os *quintos* (que foran) e os defensores do rei.
- en Riofrío de Aliste (Zamora), dentro dos diferentes actos de que se compón a *Obisparra*, uns veciños tamén tomban o carro onde vai o *ciego*.
- e en Laguenne (région Lemousin, Francia), casados e solteiros loitan polo carro que transporta ao *roitelet*.

⁴ J. C. Álvarez Durán: "Recordando los carnavales en Prada", *Revista Valnatura*, núm. 8, febreiro 2012, p. 4.

⁵ Aparece descrito na obra de Luís Manteiga: "A Mecada (Estampa rural en 4 cadros)" [c.1934], en *Teatro Galego* (Sada: Edicións do Castro. 2003. Edición de Laura Tato).




Con todo isto en mente, deberemos mirar con outros ollos o roubo da *frixide-la* en Novás - Fornelos (conc. O Rosal).

Deixo coma un apuntamento final, o feito de que en Riofrío de Aliste hai un bautizo ficticio dun boneco (*Niño*) que a *Madama* leva nos seus brazos. Lembremos que na Cardaña, o martes de Entruido finalizaba coa madama que matara o galo e o seu galán bautizando un boneco.

3. A danza (melodía e recuperación)


A Cardaña, Sto. Adrán de Cobres, conc. Vila Boa do Morrazo
Victoria Fernández Fernández. 16.XI.2007.



Ata agora só dispoñiamos dun fragmento da danza do Entruido, que recoñecíamos como pertencente á familia das danzas de espadas das rías de Vigo e de Ponte Vedra. A fortuna permitiunos completar a peza en apenas dúas entrevistas no mes de setembro.

Na primeira, a melodía saíu espontaneamente, cando estabamos falando do tema. O sr. Manolo Ríos Iglesias, a pesar de nunca ter ido nun bando de Entruido, lembraba un novo fragmento. Ao contrastalo no Cancioneiro de Casto Sampedro, vemos que é idéntico ao comezo da danza de espadas de Redondela núm. 360 recollida por Fortes⁶.

Rio Maior, Sto. Adrán de Cobres, conc. Vila Boa do Morrazo
Manolo Ríos Iglesias. 6.X.2014.




A segunda entrevista, en cambio, foi provocada. Visitamos ao sr. Loureano Cortegoso Collazo, bombeiro do grupo *Os Quicháns*, e tocámoslle cunha

⁶ Casto Sampedro y Folgar: *Cancionero Musical de Galicia. II. Melodías* (Ponte Vedra: Museo de Pontevedra. 1942), p. 107-108. A partitura orixinal, recollida por Fortes (*Danza de Espadas; los Marineros en la Procesion de Corpus de Redondela*) atopámola no Arquivo Casto Sampedro, Caixa 64, carpeta 1. Museo de Pontevedra.



fruta o fragmento do sr. Manolo. Ao escoitalo, arrincou a cantaruxar a peza completa. Automaticamente, os dous anacos soltos que posuíamos quedaban confirmados.



4. As figuras desaparecidas

Limitareime a anunciar dende aquí a existencia ata os anos 50, no Entruido dos Cobres, dunhas figuras típicas do ciclo de festas de inverno, como era o *toro*⁷ e o *cabalo*. Algúns dos informes son imprecisos⁸ e a recollida de campo terá que centrarse nelas a partir de agora. Deixemos un pequeno avance:

E despois fíxose alí a corrida. Unha boa corrida. Había toros deses... non sei se os facía o defunto de Pouza. Había cabalos, cunha cabeza de cabalo, as orellas do cabalo. Iba dentro un home e facíao abrir a boca. Tiña unhas orellas de suela de zapatilla, o cabalo. E logho iba tapado cunha manta. Era unha manta. Unha manta ou unha colcha. [E era só un home?] Non sei se é un ou dous debaixo. Porque movían as patas e mais coas mans... comían a xente. E había un toro tamén. Había un cabalo e un toro. O toro cos cornos e iba tamén... coas mesmas sábanas, todo feito... Pero estaban ben feito, ben prepara'o, eh!

Era de madeira. Pero as orellas de que eran? Dios mío! Unhas orellas que parecían que tiñan pelo, as orellas do cabalo. E unha lingua, era unha suela dunha zapatilla. Os dentes eran puntas. Facía así, mira [nota: bate os dentes], con iso facía o ruído. Para asusta-la

⁷ Tamén en Moaña e Marín.

⁸ Pendente de confirmar, sería unha figura que, pola súa descrición, semellaría un *hobby horse* ou *cheval-jupon*. Lamentablemente, só teño un único informe e, por riba, dubidoso.



xente. Tocábanlle os clavos. Era esatamente ighual coma a cabeza dun cabalo. Tiña as orellas, pescozo non tiña, solo era a cabeza. O pescozo era trapo xa pa tras.

Viñan cando estaba a corrida, que estaba todo... estaban as madamas bailando, aparecían por alí, por aqueles carreiros do Foxo, víñanche os... E todo o mundo, bueno, xa atenta. Era mui bonito.

Cando se miraba vir polo Foxo adiante. Viñan polo medio daquel pasillo de veighas, viña o cabalo e viña o toro. [Viñan xuntos?] Si, viña un detrás do outro. Xa se metía na corrida a torear na xente. [Viñan soltos ou viñan vellos con eles?] Ai, viñan vellos, viñan vellos con eles, si. O toro tiña un [...], facía de sujetar o toro, levábao pola corda. Era un vello, vestido de vello, disfrazao. Traíao pola corda, ao toro. [...] O último da corrida era eso, o cabalo e mailo toro.

Había, así mesmo, unha arada ritual con carneiros enxugados⁹, que sabemos se estende nestas festas por toda Europa.

Facían muitas cousas, aghora non fan nada, na corrida do ghalo non fan nada. Eses [homes] que che digho eu, que dicía a finada de miña nai, que eran, pa iso que eran... disque facían arados de pau e cun carneiro, levábano pà corrida a labrar. A labrar! Bueno, a facer que labraban. E todo iso, disque facían monerías, monerías. (A Cardíña, Sto. Adrán de Cobres)

[E]ra coma se fora labrar nunha veigha, cando se labraban. Puñíanlle o couso... o arado. Entonces, facía dous muñecos ou unha craba, facía unha craba de lana... Ese home facía o que non había no mundo. E labraba aquilo. [...] Tiña unha craba cun ferro e andaba a ghrada-las veighas, unha veigha que había por aí adiante toda. Aquilo era unha comedia. (Postemirón, S. Martiño de Vila Boa)

⁹ Do mesmo xeito en Marín, mentres que no Hío eran homes enxugados.



5. Sermón do Galo

O *padricador*, que o martes de Entroido, subía ao palco e lanzaba o Sermón do Galo e despois a Padricación. Ofrezco unha versión facticia, mesturando as diferentes versións. A orde das estrofas

*Pobre ghallo, cuando se halló ante el suplicio,
hizo el testamento con todo su cabal juicio.*

La cresta,
*al capitán de la fiesta.*¹⁰

*Las plumas, a los escribanos,
con ellas hacen trampas
y mantienen los estados.*¹¹

*Las uñas, a los sarnosos,
como son tesas y aghudas,
rascan las carnes profundas.*¹²

*Las tripas, a los violantes,
como son dôces y amantes,
sirven para cuerdas de liscantes.*¹³

*La carne, con torrêmos y cebollas,
para los manjares de nuestras personas.*¹⁴

*[E se alghún quere mete-lo fuciño,
ten que levar o lacón e mailo viño].*

Sabemos que falta algunha estrofa (“*O pico si que non sei para qué era*”).

A voz *liscante* é en realidade unha corrupción de *discante*: variedade de viola de voz aguda. Rexístrana diferentes dicionarios (Pintos, Valladares, Eladio



Rodríguez, Carré...), incluso na actualidade, pero cremos que nos remite a un instrumento de corda común nos séculos XVI e XVII. A nosa especulación detense e non vai máis alá de sospeitar que estamos ante un posible *marcador temporal* deste Entroido.

Entre os textos consultados, vemos que se alimenta de versións arcaicas. Descoñecemos se hai a posibilidade de topar unha versión matriz ou variantes directas. Pero, como mostra, temos os versos do seguinte *Testamento del Gallo* (¿de Cristóbal Bravo, do século XVI?):

«Yo digo en pequeña pieça / a questo que se requiere, / pues la razón lo endereça / que se coma mi cabeça / quien menos seso tuviere; / y pues mis plumas agudas / les mandé a los escrivanos, / para que nos entendamos / mando mis plumas menudas / a los mancebos livianos»¹⁵

Tamén nos romances *Marinero al agua*¹⁶ e *La loba parda*¹⁷ topamos versos moi semellantes, que dan conta da antigüidade do noso texto.

¹⁰ Sinalo aquí variantes menos frecuentes: 1. “Para o maiordomo da festa, dámoslle a cresta”; 2. “A cresta, pa os gerentes da festa”; e 3. “E a cresta era pa o dueño da festa”.

¹¹ Var.: “porque, como escriben mucho, le durarán muchos años”.

¹² Var.: 1. “como son larghas y aghudas”; 2. “como son ghrandes y aghudas”.

¹³ Var.: “Las tripas, pa los violeros, como son larghas y amantes, para cuerdas de liscantes”.

¹⁴ Var.: 1. “Y la carne de su cuerpo, a los danzantes de la fiesta”; 2. “La carne, a los disfrazados [ou mascarados], porque para defender el gallo pasan muchos trabajos”.

¹⁵ E. B. Carro Carbajal: “Testamentos literarios”, *Rinconete*, 2012.

¹⁶ Por exemplo: “las tripas a un guitarrero / para cuerdas de guitarra”.

¹⁷ Por exemplo: “las tripas para vihuelas / para cuerdas de guitarras” ou “y las tripas pa un violero / para que bailen las damas”.



6. Nota final

Se queremos resumir en cinco puntos a importancia das madamas e galáns da Ría de Vigo dentro do que é o Entroido europeo, destacaríamos:

- é un dos Entroidos máis completos en canto a personaxes e ritos: os *entruidos vellos*, os *bonitos*, as de *blanco*, as *aldeanas*, as *gitanas*, os *confrades*, o *padricador*, o *toro*, o *cabalo*, a arada ritual, a danza, a corrida do galo, o sermón do galo, o sacrificio etc.
- aflore a loita entre os grupos de idade: na corrida de galo e na oposición entre bonitos / vellos do Entroido
- a súa mensaxe é das máis explícitas que manexamos, cando relaciona o sacrificio co casamento
- chega ata nós unha institución amplamente rexistrada xa no medio: as sociedades de mozos (vid. *les bacheliers* ou *els fadrins*).
- e funciona como pivote que nos permite, por unha parte, acceder a outros Entroidos (Covelo e Vivanzo, Mecerreyes, Poza de la Sal, Valdivielso etc.), e, por outra parte, acceder ao estudo dunha institución tan importante dende o punto de vista antropolóxico como é a ‘casa’.

Os Buches: Unha Máscara “Galega” no Carnaval de Lanzarote? Addenda

Rafael Quintía Pereira

É de sobra coñecido o carnaval de Tenerife que, cos seus desfiles e traxes de fantasía, pouco ten que ver co noso Entroido tradicional galego, onde o simbólico non sucumbiu á forza da estética. Pero nas Illas Canarias existen outros carnavais menos coñecidos. Unhas festas onde saen algunhas peculiares personaxes que semellan sacadas do Entroido galego e, quen sabe, se non é así certamente.



*Os Diablos de
Teguise
(Fonte:
<http://www.teguise.es>)*

No verán de 2013 visitei a marabillosa illa de Lanzarote. Alí tiven a sorte de toparme coa personaxe enmascarada da que vou falar neste artigo. Refírome aos Buches.

O encontro fortuíto con esta máscara aconteceu no Museo Etnográfico Tanit (<http://www.museotanit.com/>), situado na vila de San Bartolomé e moi perto do interesante xacemento arqueolóxico de Zonzama. Pois ben, visitando este recomendable museo privado descubrín, ademais da figura dos Diablos de Teguise, un traxe de carnaval propio dos mariñeiros de



Lanzarote. Esta máscara que me atrevo a chamar de Entroido, sae nas datas do carnaval lanzaroteño e se caracteriza por levar nas man o que semellas vinchas infladas coas que fan ruído e golpean a todo aquel co que se topan, de aí o seu nome: Los Buches. O traxe que, como verán ten un aire moi familiar, consta dos seguintes elementos:

- Máscara de rede cunha faciana pintada na que destaca o seu bigote revirichado
- Gorro adobiado de longas fitas de cores
- Pano atado no pescozo
- Camisa e pantalón brancos
- Chaleque azul
- Faixa
- Polainas negras
- Luvas brancas
- E como arma vinchas de peixe inflados e previamente secados ao sol

Non sei se a estas alturas xa se decatan de por onde vou, pero o primeiro que se me viu á mente cando vin este traxe de Buche foi o traxe das Pantallas de Xinzo de Limia. As similitudes entre ambos os dous traxes son abraiantes e se non vexan a descrición do traxe de Pantalla:

- Máscara de rostro bigotudo
- Longas fitas de cores
- Pano atado ao pescozo
- Camisa e pantalón brancos
- Faixa
- Cinto con campaiñas
- Polainas negras
- Luvas brancas
- E como elemento punitivo e sonoro, vinchas de vaca infladas e curtidas.

Tendo en conta que a cultura canaria é froito da mestura da cultura autóctona coas achegas dos conquistadores e colonos peninsulares, entre os que se atopaban non só casteláns senón tamén galegos e portugueses, e tendo en



*Traxe de Buche
(esquerda)
e traxe de Pantalla
(dereita)*



conta as similitudes estéticas entre a figura do Buche do carnaval de Lanzarote e a da Pantalla do Entroido galego podemos barallar a hipótese dunha influencia ou achega dalgúns trazos do Entroido galego no carnaval lanzaroteño. O feito de que esta peculiar personaxe do carnaval de Lanzarote sexa un mariñeiro, sendo os galegos un pobo mariñeiro por excelencia, podería evocar quizais a eses contactos culturais entre galegos e lanzaroteños. Quen sabe se mariñeiros galegos levaron a Lanzarote algúns aspectos do Entroido ou quizais mariñeiros canarios coñeceron en terras galegas o noso Entroido, ou outros simiraes dos tantos que temos na Península. Sexa como fose, as similitudes están aí.

É salientable o feito de que en Lanzarote o carnaval sexa unha festa eminentemente mariñeira, aínda que tamén se celebra no interior da illa e coas súas correspondentes particularidades. As coplas populares fan referencia a esta orixe mariñeira do carnaval:

*“Desde que llega febrero,
los marinos van llegando*



*y para los carnavales,
los buches se van inflando”,*



De igual xeito que acontecía cos mariñeiros de Bouzas (Vigo) e o seu satírico traxe de Merdeiro ou Escabicheiro, o traxe que usaban os mariñeiros lanzaroteños no seu carnaval —Buches— correspondía ás roupas da vestimenta típica do campesiño: polainas, chaleque, faixa, roupas brancas, ás que lles engadían luvas brancas, fitas de cores, a carouta con bigotes e as famosas vinchas de peixe infladas: os buches.

Non están moi claros as orixes desta festa e destas máscaras, de aí que se me permita a ousadía de relacionalas co Entroido galego, sobre todo polo significativo uso de vinchas infladas. O que si sabemos é que no 1890 o antropólogo René Verneau deixa constancia por escrito desta tradición do carnaval mariñeiro de Lanzarote:

“Durante el Carnaval, las calles de Arrecife presentan una animación que no hubiese sospechado viendo el silencio de muerte que allí reinaba unas semanas antes. Durante todo el día circulan grupos de mujeres y hombres disfrazados. El vestuario que se usa en




estas mascaradas es el de los campesinos, que ya solamente llevan unos pocos viejos. Una careta de cartón completa el atavío. Los que no pueden permitirse el lujo de este disfraz se limitan, como hizo mi criado, a ponerse un pañuelo sobre el hombro o a llevar el cinturón al pecho. A la cabeza de cada grupo va gente de ambos sexos tocando la guitarra y cantando. El resto los acompañan provistos de unas vejigas de pescado enormes, con las que golpean a todos aquellos que encuentren. A cada momento entran en las casas y se ponen a bailar hasta que se les haya servido un vaso de vino o de aguardiente. Desgraciado de aquel que rehúse aceptar esta costumbre. Enseguida asaltarán su casa (...)”.

*Buches
(esquerda)
e vinchas de Pantalla
(dereita)*



Outras personaxes fascinantes do carnaval lanzaroteño son A Burrita de San Bartolomé e os Diabletes de Teguiise. O Diabletes de Teguiise están considerados unha das tradicións máis antigas de Canarias. Segundo as interpretacións locais, a súa orixe esta na representación da loita entre o ben e o mal nas festas do Corpus. Cómpre lembrar e relacionar o que acontece e acontecía no noso Corpus, onde as figuras de dragóns —Cocas— e choqueiros eran habituais. No caso do Corpus de Pontevedra, no século XVIII, ademais da devandita Coca, tamén acompañaba á procesión o Centulo, sorte de demo e choqueiro que escorrentaba os nenos coa súa terrorífica carouta, o



Traxe de Merdeiro

seu son de chocas e a súa diabólica gancha. Pero retomemos a descrición dos Diabletes de Teguiuse.

Portan estes diaños carouta de castrón tocado de longos cornos, visten traxe pintado con rombos e puntos vermellos e negros, calzan alpargata e sobre os ombreiros levan correas con campaiñas. Como se dun Centulo se tratase, os Diabletes asustan os nenos correndo detrás deles ao son das ruidosas campaiñas e armados dun pau —denominado “garabato”— do que colga un zurrón cheo de papel, terra e trapos. Chocas e látego —zamarra— son os atributos tamén dos nosos peliqueiros e cigarróns, entre outros.



Mula de Viana do Bolo



En canto á Burríta, na vila de San Bartolomé, durante o carnaval, era costume pasear un moneco dunha burra. Unha tradición moi similar ao que se fai coa Mula de Viana do Bolo ou ao que se fai coas representacións doutros animais como poden ser a Morena de Trives (unha vaca).

Sexa por contacto ou influencia galega —ou doutros pobos do norte peninsular onde hai entroidos similares— ou sexa por un proceso endógeno da propia cultura mestiza lanzaroteña, o feito de que abrolle nas Canarias unha máscara de carnaval tan semellante ás nosas Pantallas non deixa de ser algo fascinante...ben da súa propia construción cultural, ben dos contactos culturais entre pobos.



*Traxe de Diabete de
Tegise*



Los Buches

Fonte:

<http://www.ocholeguas.com>



*Pantalla de Xinzo de
Limia.*

*(Foto de Pedro G.
Losada)*



Curriculums Participantes



Xosé Anxo Rosales González

Nado no 1972. Músico tradicional e membro do grupo de música tradicional Os Lerenses.

Cursou estudos de medicina, filosofía e de antropoloxía. É membro colaborador da Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA) na Área de Etnografía.

O seu traballo como investigador da etnografía de Galicia céntrase sobre todo no mundo do entroido e nos sistemas tradicionais de artellamento social vinculado ao mundo rural.

É autor de diversos artigos de temática etnográfica publicados en distintas revistas especializadas. É autor das seguintes monografías:

- *O sacrificio do galo. O Entruido do concello de Vila Boa do Morrazo*. Editado pola Sociedade Antropolóxica Galega, 2013.
- *A Danza do Labregos. Estudo do Entroido de Marcón*. Editado pola Sociedade Antropolóxica Galega, 2015.



Olimpio Arca Caldas

Olimpio Arca Caldas (1928, Cuntis - 25 de novembro de 2014, A Estrada): ferroviario, empregado de banca, mais sobre todo mestre (durante moitos anos, *puxo escola* en Couso), folclorista [etnógrafo], historiador, biógrafo e dramaturgo.

- “Cruceiros: Premio “Conocimiento de la Provincia” 1972”, *El Museo de Pontevedra*, núm. 27, 1973.
- “Hórreos del Valle del Vea: trabajo realizado por la Escuela de Couso (La Estrada), Curso 1973-1974”, *El Museo de Pontevedra*,



núm. 28, 1974.

- Os hórreos na Galicia, en *A Estrada: Miscelánea histórica e cultural*, núm. 1, 1998.
- e entre os inéditos podemos destacar un traballo sobre os Castros da Estrada (1976).

Biografías

- *Mestres estradenses que fixeron escola* (1993) A Estrada, Concello da Estrada.
- *Waldo Álvarez Insua* (1997) A Estrada, Asociación de Fillos e Amigos da Estrada.
- *Emigrantes sobranceiros* (1998) Pontevedra, Caixa de Pontevedra.
- *Canteiros de Cuntis* (1998) Cuntis, Concello de Cuntis.
- *Manuel Bergueiro López* (1998) A Estrada, Pelayo Bergueiro.
- *Unha voz... Mary Isaura* (2001) A Estrada, Asociación de Fillos e Amigos da Estrada.
- *Bernardo Rodríguez Ribeira. Emigrante sobranceiro* (2004) A Estrada, Fundación Cultural A Estrada.
- *Alberto Gómez Reimóndez, avogado e poeta* (2007) Santiago, Ed. de Fermín Gómez e M.^a Carmen Reimóndez.
- *Ramón Vereas. Inventor estradense* (2009) Redondela, Foro Enrique Peinador.

Ensaio

- *Memoria histórica del recreo cultural* (1995) A Estrada, Recreo Cultural da Estrada.



- *O Entroido no Ulla* (1995) Pontevedra, Deputación Provincial de Pontevedra.
- *Callejero histórico de la villa de A Estrada* (1996) A Estrada, Concello da Estrada.
- *Certame escolar dos Pereiriños*. A Estrada, Concello da Estrada.
- *Cuntis no recordo* (2000) Cuntis, Concello de Cuntis.

Contos

- *Pedriño* (1992) A Estrada, Edición do autor.
- *O tren* (2003) A Estrada, Editorial Fervenza.
- *O grilo grileiro* (2004) A Estrada, Editorial Fervenza.

Teatro para ler e para representar

- *Conversas coa nobre dama* (1993) A Estrada, Editorial Fervenza.
- *Pelexa no souto* (2002) A Estrada, Editorial Fervenza.
- *Os reis do Panchiño* (2002) A Estrada, Editorial Fervenza.
- *O enfermo 4-M* (2003) A Estrada, Editorial Fervenza.
- *Soprar a tempo* (2004) A Estrada, Editorial Fervenza.
- *Mágoas de señoritos e campesinos* (2004) A Estrada, Editorial Fervenza.
- *Carta de América* (2005) A Estrada, Editorial Fervenza.
- *O señor indiano* (2005) A Estrada, Editorial Fervenza.
- *Parásitos na escola* (2005) A Estrada, Editorial Fervenza.



Premios concedidos á escola de Couso

- II Premio Provincial de Teatro Infantil (1972).
- Dous primeiros premios polos traballos “Cruceiros da Estrada” e “Hórreos del Valle del Vea”. Concurso Conocimiento de la Provincia (1973 e 1975).
- III Premio de Lectura Teatral no X Certame Provincial de Teatro infantil (1973).
- II Premio Provincial na categoría de Mimo, no XI Certame Provincial de Teatro de Pontevedra (1974).
- Premio no Concurso Nacional Literario El Príncipe de España (1976)
- Dous segundos premios polos traballos “Algúns castros da Estrada” e “Cruceiros da Estrada” (1976).
- II Premio por “Cruceiros del Ayuntamiento de Cuntis”, no concurso Conocimiento de la Provincia (1976).

Algúns dos recoñecementos acadados polo mestre nesa etapa

- Dous votos de grazas: un da Inspección Técnica da Estrada, en 1967, e outro da Inspección Técnica de Pontevedra, en 1977.
- Premio “Día del Maestro”, outorgado pola Deputación de Pontevedra.
- Cruz da Orde Civil de Alfonso X el Sabio, en 1977.
- Mestre Exemplar, nomeado polo Museo de Pontevedra, en 1993.



Pablo Carpintero Arias

Pablo Carpintero Arias é doutor en Ciencias pola Universidade de Santiago de Compostela e posúe o Diploma de Estudos Avanzados en Historia da Música.

Entre 2006 e 2010 traballou no proxecto Ronsel da Universidade de Vigo para a recuperación do Patrimonio Cultural Inmaterial de Galicia e desde 2010 é consultor da UNESCO, sendo unha das persoas que evalúa a inclusión das candidaturas nas listas de Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade.

É coautor das publicacións *Catálogo de Músicos da Limia* e *Os Sons da Limia* e ten editados varios capítulos de libros dedicados ao Patrimonio Cultural Inmaterial, así como numerosos artigos en revistas especializadas, sendo a súa publicación máis destacada, *Os instrumentos musicais na tradición Galega*, que en 2009 recibiu o premio Antón Losada Diéguez 2009 na modalidade de investigación e ensaio.

Pablo Carpintero é gaiteiro desde hai máis de 35 anos sendo, ademais, constructor de gaitas, requintas e percusión tradicional galega. Ten realizado traballo de campo sobre a gaita de fole a música tradicional en xeral por todo Galicia, Asturias, Zamora, Bierzo e en todo Portugal.

É membro directivo da Asociación de Gaiteiros Galegos, da comisión permanente do Arquivo Sonoro do Consello da Cultura Galega e dirixe dous grupos de recuperación de tradicións musicais galegas: A Requinta de Xián e o Obradoiro de Cultura Tradicional Ulteira. Ten editados once traballos discográficos e colabora semanalmente nos programas Luar e Lume na Palleira da RTVG, realizando seccións dedicadas á nosa música de tradición.



Miguel Losada García



Nado na Pobra de Trives no ano 1967. Licenciado en Dereito, Diplomado en Xestión Medioambiental e Técnico Proxectista en Aplicacións de Enerxía Solar. Cursou tamén estudos de Antropoloxía e actualmente cursa o Grado de Xeografía e Historia. É membro fundador e Secretario da *Sociedade Antropolóxica Galega* (SAGA) onde, ademais de labores de investigación, opera tamén como realizador audiovisual, redactor e tradutor da lingua francesa.

É redactor xefe da publicación **Fol de Veleno. Anuario de Antropoloxía e Historia de Galiza** e como investigador independente é autor de diversos artigos etnográficos publicados en distintas revistas especializadas. É realizador numerosas pezas audiovisuais para o proxecto Arquivo Audiovisual de Antropoloxía Galega.

No eido da divulgación antropolóxica impartiu diferentes obradoiros, charlas e conferencias sobre distintos aspectos da etnografía e da historia de Galicia, ademais de participar como relator en varias xornadas e conferencias.

Como membro da asociación ecoloxista e promotora da agricultura ecolóxica “O Grelo verde” ten dado numerosas charlas sobre a relación entre o ser humano e o medio ambiente en escolas, institutos e asociacións de veciños da comunidade galega, colaborando neste contexto no programa de comedores escolares ecolóxicos na provincia de Ourense (2007-2008). **José Raimundo Núñez-Varela y Lendoiro** nació en la Ciudad de Betanzos de los Caballeros (16.07.1946), en la actual provincia de La Coruña.



Félix Castro Vicente

(Ourense, 1970) licenciado en Dereito pola Universidade de Salamanca, avogado, músico e investigador en música tradicional e etnografía galega. É ademais licenciado en Antropoloxía pola UNED.

Fundador, xunto o seu irmán Castor Castro, do grupo de folk asturiano Felpeyu e membro da AOFT Gomes Mouro de Ourense, Música Rabeosa e Sólidos Galicianos. Investiga o toque pechado na gaita, xeito antigo de tocar, e a recuperación da memoria dos gaiteiros e músicos ourensáns, principalmente Faustino Santalices. Tamén estuda o acordeón diatónico e a frauta de chaves na tradición galega. Ten colaborado nunha vintena de discos e recopilatorios nacionais e internacionais.

No tocante a publicacións, son destacables *O Catálogo de música tradicional da Limia*, libro-cd “*Sons da Limia*”, a exposición e catálogo “*Faustino Santalices. Tradición musical galega*” e o congreso e actividades no seu homenaxe do ano 2011, do que se publicaron *libro de Actas* (Difusora 2012). Colaborador do proxecto Ronsel de recuperación do patrimonio inmaterial galego e do programa europeo “Oralities” de tradición oral, asesor musical do programa Alalá da TVG. Conta cunha boa colección de discos de xisto e antigos e pregos de cordel.

Noutros temas, a súa investigación está centrada actualmente na figura de Manuel Blanco Romasanta, o Home lobo de Esgos, lévao a descubrir en 2011 un retrato del e a nova do seu falecemento no presidio de Ceuta en 1863, destino final descoñecido ata ese momento. Está especializado no Libro de San Cipriano e bibliografía ocultista do s.XIX e XX, do que ten realizado diversos artigos e exposicións como “Libros do Demo” no museo da Deputación de Pontevedra, os libros do demo e o desencanto de tesouros en revistas de etnografía e bibliofilia galegas e españolas (revista Lethes, revista Hibris etc). Mesmo é reclamado de todo o orbe para desencantar tesouros e asesoramento máxico. Neste eido os plaxios superan con creces a súa produción.



Antonio Reigosa



Zoñán, Mondoñedo, 1958. Responsable de Comunicación e Xestión Cultural da Rede Museística da Deputación de Lugo. Escritor, investigador e divulgador da mitoloxía popular e da literatura de tradición oral.

Cofundador do Grupo de Investigación Etnográfica *Chaira*, creador da enciclopedia virtual Galicia Encantada (www.galiciaencantada.com).

Creador e coordinador de varias revistas orais e das “Polafñas”, un proxecto da AELG para documentar e divulgar literatura oral.

É coautor con X. R. Cuba, Mercedes Salvador e Ofelia Carnero das obras *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances* (1998) e *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín* (2004). É coautor con X. Miranda e X. R. Cuba do *Dicionario dos seres míticos galegos* (1999), *Contos colorados. Narracións eróticas da tradición oral* (2001), *Pequena mitoloxía de Galicia* (2001), *Antoloxía do conto de tradición oral* (2001), e dos 20 tomos da colección de contos de tradición oral *Cabalo Buligán* (1998-2004). Con Xosé Miranda é autor de *Cando os animais falaban. Cen historias daquel tempo* (2002), *Arrepíos e outros medos* (2004) e *A flor da auga* (2006). No campo da narrativa infantil e xuvenil é autor de *Memorias dun raposo* (Premio Merlín, 1998), *Resalgario* (Premio Raíña Lupa, 2001), *O galo avisado e o raposo trampulleiro* (2003), *Bacoriño* (2004), *A noite dos pesadelos* (2006), *A escola de Briador* (2006), *O polimacho e outras criaturas* (2008), *Os dous irmáns e outros contos populares do antigo Exipto* (2008), *Lu e Go pola muralla* (2010), *Guía ilustrada da Galicia invisible* (2010), *Trece noites, trece lúas. Libro das marabillas do Nadal* (2011) ou *Cuentos y leyendas de Galicia* (2012).



José Raimundo Núñez-Varela y Lendoiro

José Raimundo Núñez-Varela y Lendoiro nació en la Ciudad de Betanzos de los Caballeros (16.07.1946), en la actual provincia de La Coruña.

Realizó sus estudios en su ciudad natal, La Coruña y Santiago de Compostela. La influencia del pintor Seijo Rubio, el artista José Veiga Roel y su profesor de historia Fernando Urgorri Casado, le motivaron a trabajar por todo lo gallego y en particular brigantino y mariñán.

En 1968 ingresó por oposición en la Caja de Ahorros de Galicia.

En su trayectoria investigadora, destacan la fundación del grupo Brinco Garelo, y la de las Danzas Gremiales de Betanzos en 1966 hasta 1974, que bajo su dirección alcanzaron el Primer Premio Nacional de Danza (juvenil), con actuaciones que llegaron al Queen Elisabeth Hall de Londres, en representación de España. Se le concede entonces la **Medalla Nacional de la Juventud**. Restaura las inscripciones de la Iglesia de San Francisco de Betanzos, Monumento Nacional, y en ella descubre el blasón más antiguo que se conoce de su ciudad, junto con la tumba de Mouro Reimondez (s. XIV).

Ejerció de corresponsal de “El Ideal Gallego” en Betanzos durante los años 1973 y 1974.

Siendo concejal de Cultura del Excmo. Ayuntamiento de Betanzos, consigue que en 1975 se inicien gestiones para recuperar la finca “El Pasatiempo”, como su declaración como parque de interés artístico, al tiempo que propone la instalación de un museo para la ciudad, labor que le llevaría a **fundar el Museo das Mariñas** en 1982, inaugurado el 25 de Febrero del año siguiente y día en que el Presidente de la Xunta le impone los atributos de su nombramiento como **Cronista Oficial de la ciudad de Betanzos**, cargo que también le otorgan los Ayuntamientos de **Miño** en 1993 y **Paderne** en 1995.



Realizó traballos de investigación histórica, etnográfica y antropológica en el Departament of Manuscripts del British Museum, en los Archives Nationales de Francia, Archivio di Stato di Novara (Italia), Archivo Histórico del Cabildo de Montevideo, Archivo Histórico Nacional, Archivo General de Simancas, Real Chancillería de Valladolid, del Reino de Galicia, Diocesano de Santiago, Notarial de La Coruña, parroquiales y particulares, entre otros.

Carme Pernas Bermúdez



Nace na localidade lucense de Vilalba o 24 de abril de 1976. É licenciada en Humanidades e Máster en Xestión do Patrimonio Cultural pola Universidade de A Coruña. Nesta mesma entidade realiza o programa de Doutoramento “Patrimonio Histórico e Cultural de Galicia”, tendo pendente de publicar a súa Tese doutoral.

Comeza a súa andaina profesional como animadora sociocultural no Concello de Vilalba e como técnica de información xuvenil no Campus de Lugo da Universidade de Santiago. Nestes últimos anos traballou como bolseira investigadora do Patrimonio Inmaterial da Deputación Provincial de Lugo.

No 2006 debuta como escritora co libro Itinerarios de arquitectura popular pola Terra Chá, resultado dun traballo de investigación adianto da Tese doutoral. Dese mesmo ano é o libro Lanzós, lembranzas doutros tempos, que realiza con Isabel Pernas Bermúdez, Teresa Burgo García e Sabela Figueira Tenreiro co gallo da realización dunha exposición de fotografía antiga na parroquia vilalbesa de Lanzós, organizada pola asociación Instituto de Estudios Chairegos.

No ano 2007 comeza a súa traxectoria como profesora de Ensino Secundario de Xeografía e Historia, itinerando como substituta dende o curso 2007-08 por varios centros educativos de Galicia.



No 2009 publica o libro *Capelas de Costa. A relixiosidade barroca en San Simón*, en coautoría con Sabela Figueira Tenreiro e José Luís Novo Cazón. Nos últimos anos, e xa dende os seus anos mozos de universitaria, ten publicado varios artigos de investigación histórica e antropolóxica en diversas publicacións periódicas, programas de festas e revistas especializadas no ámbito da cultura galega e chairega.

Forma parte de asociacións e colectivos culturais na defensa do patrimonio chairego e do ámbito pedagóxico: Amigos do Castro de Viladonga, Amigos do Museo de Vilalba, Instituto de Estudios Chairegos, Asociación Sócio-Pedagóxico Galega e Nova Escola Galega. Na actualidade exerce como vicepresidenta do Instituto de Estudios Chairegos (Iescha).



Rafael Quintía Pereira

Rafael Quintía Pereira, Nado en Vigo no ano 1971. Licenciado en Antropoloxía Social e Cultural, Licenciado en Ciencias Empresariais, escritor e músico tradicional. É membro fundador e presidente da *Sociedade Antropolóxica Galega* (SAGA) e membro fundador da asociación cultural e grupo de música tradicional *Os Chichisos*. É autor dos seguintes ensaios:

- Patrimonio Inmaterial de San Martiño de Salcedo** (2014)
- Alicornio. O poder do corno de unicornio na medicina tradicional galega** (2013)
- De vello gaiteiro. Biografía do grupo de música tradicional Os Chichisos** (2012)
- Para cantar veño eu! Unha viaxe pola cultura musical galega da man dos Chichisos** (2011)
- A Nosa Señora da Lanzada. Estudio antropológico de un santuario costero** (2011)
- Deuses, Mitos e Ritos do Monte do Seixo. Unha proposta interpretativa en clave céltica.** (2010).



Gañou o **Premio de investigación Luís Cuadrado** 2010 polo seu traballo *A Nosa Señora da Lanzada. Estudio antropológico de un santuario marítimo*. É autor, ademais, do poemario **Á Sombra de Bouza Panda. Poemario de escarnio e maldizer** (2013), así como de numerosos artigos de temática histórica, etnográfica e antropolóxica publicados en distintas revistas.

Colaborou tamén en diversas obras colectivas, entre elas: **Galicia Encantada. O país das mil e una fantasías**. Edición de Antonio Reigosa. (2015), **As pontes de Pontevedra** (2013), **Actas das I Xornadas sobre o Entroido de Galiza** (2013), **PoemaRio do Gafos** (2012), **Actas das V Xornadas de Literatura de Tradición Oral: “Os mouros e as mouras: máxicos enigmáticos da mitoloxía popular”** (2012), **Monte do Seixo, reivindicación da Montaña Máxica** Edición de Calros Solla (2007). Dirixe a publicación **Fol de Veleno. Anuario de Antropoloxía e Historia de Galiza**, cabeceira que fundou no ano 2006 e é redactor de **Caderno de Campo. Boletín informativo da Sociedade Antropolóxica Galega**. Asemade, é colaborador, entre outros, do Diario de Pontevedra e La Voz de Galicia, e colabora tamén en medios de radio e televisión.

É director e guionista do documental **Comuneiros. Cen anos de vida e loita polo monte de Salcedo** (2011), codirector e coguionista do documental **Sete Camiños, encrucillada do tempo** (2011) e da curta documental **Noite de Reis cos Chichisos** (2012), e codirector do documental **Monte do Seixo, a Montaña Máxica** (2009).

Ademais de impartir obradoiros sobre diversos aspectos da cultura musical galega e de dar múltiples charlas e conferencias sobre antropoloxía galega, ten participado como relator, en numerosas xornadas, conferencias e congresos. Foi coordinador e colaborador de distintas exposicións, e formou parte de diferentes proxectos de arqueoloxía social e de posta en valor do patrimonio, o máis recente a escavación do castro do Monte das Croas. Ten exercido como guía en varios roteiros de contido etnográfico e arqueolóxico e é creador dos itinerarios culturais **Roteiro Mitolóxico de San Martiño de Salcedo** e **Roteiro das Mouras**.



Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA)



Sociedade Antropolóxica Galega

A **Sociedade Antropolóxica Galega (SAGA)** constitúese como unha asociación cultural sen ánimo de lucro e declarada de carácter social cuxos obxectivos son a investigación e a divulgación da etnografía, da prehistoria e da historia de Galicia, da súa cultura tradicional —tanto material como inmaterial— e de todos os aspectos enmarcados dentro do campo da antropoloxía social e cultural, así como a promoción de todas aquelas actividades, publicacións, traballos e accións que vaian en beneficio da conservación, divulgación e investigación do noso acervo cultural galego.

Para levar a cabo todo este labor, a sociedade conta coa colaboración dun amplo número de profesionais das distintas áreas que abrangue o proxecto. Ao abeiro da SAGA reúnen-se antropólogos, etnógrafos, arqueólogos, historiadores, filólogos, artistas plásticos, restauradores de arte, técnicos en audiovisual, músicos e moitos outros colaboradores comprometidos coa nosa aventura cultural e social. Entre os proxectos que ten en marcha a Sociedade Antropolóxica Galega cabe salientar:

- A publicación cuadrimestral do seu boletín informativo ***Caderno de Campo*** (ISSN: 2254-3406).
- A publicación de ***SAGA. Revista dixital de investigación***. (ISSN: 2254-5964).
- A publicación do anuario ***Fol de Veleno. Revista de Antropoloxía e Historia de Galiza***. (ISSN: 2253-837)
- A publicación da súa colección ***Cadernos da Sociedade Antropolóxica Galega*** (ISSN: 2341-099X)



- A publicación das ***Monografías da Sociedade Antropolóxica Galega*** (ISSN:2341-0353). Colección de monografías de temática antropolóxica, etnográfica ou histórica.
- A publicación doutros libros de corte antropolóxico ou histórico.
- A realización de documentais e doutros traballos audiovisuais no eido da divulgación do patrimonio material e inmaterial da cultura galega. Cítese: ***Comuneiros. Cen anos de vida e loita polo monte de Salcedo***(2011), ***Sete Camiños, encrucillada do tempo*** (2011), ***Metocas*** (2012), ***O palleiro de herba*** (2013), ***Centeeira*** (2014) Actualmente atópase en fase de filmación do documental ***Campaneiros: os valedores dos sinos***.
- A organización de presentacións, xornadas e conferencias sobre os temas obxecto do noso labor. Entre elas podemos salientar as xornadas anuais: ***“Xornadas sobre o Entroido en Galiza”*** ou a ***“Xornada sobre a música tradicional: a zanfona na música galega”*** celebrada ambas as dúas en Pontevedra.
- A posta en marcha de proxectos de investigación antropolóxicas sobre diferentes aspectos do campo das crenzas, da relixiosidade e do mundo simbólico galego. Como exemplos destas liñas de traballo sirvan o proxecto do ***Atlas do Entroido de Galicia*** ou o ***Arquivo Audiovisual de Antropoloxía Galega***
- A realización de programas de posta en valor do patrimonio material e inmaterial, entre os que se inclúe a creación de roteiros culturais. Formou parte activa da comisión técnica para a posta en marcha e divulgación do proxecto ***Espazo Natural e Arqueolóxico dos Sete Camiños***. Tamén formou parte do proxecto de arqueoloxía social do ***Castro de Mallou*** e, xunto á Universidade de Vigo, do proxecto ***Alto Támega, accións na paisaxe patrimonial***, entre outras moitas iniciativas e proxectos.

Máis información:

Web:<http://www.antropoloxiagalega.org>

Blog:<http://sociedadeantropoloxicagalega.wordpress.com>

E-mail:infosaga@antropoloxiagalega.org



Sociedade Antropológica Galega

www.antropoloxiagalega.org

<http://sociedadeantropoloxicagalega.wordpress.com>



Sociedade Antropolóxica Galega

CÓDIGO